

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**Acta da sesión ORDINARIA  
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 27 de MAIO de 2016**

**Orde do día** dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 27 de maio de 2016, ás DOCE HORAS.

[\\*Declaración institucional sobre o cese do bloqueo á República de Cuba](#)

### **Actas**

[1.-Aprobación da acta da sesión anterior, número 4/16, do 29 de abril.](#)

[2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da número 8701 á número 11650, de 2016.](#)

[3.-Proposición da Presidencia sobre o cambio de data da sesión ordinaria do sexto mes de 2016.](#)

[4.-Proposición da Presidencia sobre a comparecencia da Corporación provincial no procedemento ordinario 113/2016, seguido perante o Xulgado do Contencioso Administrativo número dous dos da Coruña, pola “Fundación del toro de lidia”, sobre aprobación da moción relativa á abolición das corridas de touros”.](#)

### **Comisión de Cultura e Normalización Lingüística**

[5.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación da Prensa da Coruña para financiar o proxecto Estudo do nome das rúas. Comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal: anualidade 2015.](#)

[6.-Aprobación do convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio para la promoción de la Música para financiar o Programa de actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia en 2016.](#)

[7.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Camilo José Cela para financiar as actividades do ano 2015.](#)

[8.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Wenceslao Fernández Flórez para financiar as Actividades do ano 2015.](#)

### **Comisión de Deportes e Mocidade**

[9.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Santiago Futsal correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a participación do club na 1ª División de Fútbol Sala Nacional durante o ano 2014.](#)

[10.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Santiago Futsal correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a participación do club na 1ª División de Fútbol Sala no ano 2015.](#)

### **Comisión de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade de Xénero**

11.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación PAIDEIA GALIZA para financiar o programa de voluntariado social en países europeos para xuventude desempregada no ano 2016.

12.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Culleredo para financiar o mantemento xeral e reserva de 5 prazos do centro ocupacional “A Escada” no ano 2016.

13.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación pro Minusválidos de Ortegal ASPROMOR, para financiamento do equipamento para residencias, centro de día e espazos comúns.

### **Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento**

14.-Ratificación da Resolución 10744/2016 do 12 de maio de 2016 pola que se modifica a composición da Mesa de Contratación permanente da Deputación provincial da Coruña designada por Resolución da Presidencia nº 16702 do 30 de xullo de 2015 e modificada por Resolución da Presidencia número 19273, do 9 de setembro de 2015.

15.-Dación de contas dos contratos menores realizados pola Deputación no período do 1 de xaneiro a 30 de abril de 2016.

### **Comisión de Promoción Económica e Emprego**

16.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e a Asociación Centro Comercial Aberto Carballo para financiar o proxecto “Promoción e Dinamización do Centro Comercial Carballo Aberto”.

### **Comisión de Infraestruturas Viarias, Vías e Obras Provinciais e Medio Ambiente**

17.-Aprobación provisional da terceira e última relación de obras incluídas na terceira fase do Plan de travesías da anualidade 2015, correspondente ao Concello de Ferrol.

18.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2016, terceira fase.

19.-Aprobación do Plan de sendas peonís 2016, segunda fase.

20.-Aprobación do Plan de investimentos de vías provinciais 2016, primeira fase.

21.-Aprobación das bases do Plan de medio ambiente 2016 (PMA-2016).

### **Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico**

22.-Aprobación do Plan de acción social (PAS) 2015, 3ª fase.

23.-Aprobación do Plan de aforro e investimento (PAI) 2016

24.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Muxía para o financiamento da obra de “Acondicionamento en Labexo, Armear, Tabernova, Espiñeiro e Leis”.

25.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Paderne para o financiamento da obra de “Acondicionamento e pintado da casa do concello”.

26.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ponteceso para o financiamento da obra de “Rehabilitación superficial de camiños públicos en diversas parroquias do Concello de Ponteceso”.

27.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ponteceso para o financiamento da obra de “Mellora de infraestruturas deportivas e parques infantís”

28.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ponteceso para a subministración de “Camión para a recollida de lixo”.

29.-Aprobación do proxecto modificado da obra “Pavimentación do camiño de Carnotela a Carnota”, do Concello de Carnota, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 co código 126.2100.0046.0 e aprobación definitiva da obra.

30.-Aprobación da modificación da solicitude de participación do Concello de Fene no POS 2016.

### **Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior**

31.-Aprobación da información sobre o período medio de pago a provedores a que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de abril de 2016 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación entre o 1 e o 30 de abril de 2016

32.-Aprobación do informe sobre o estado de execución orzamentaria a 30/04/2016 e proxección a 31/12/2016.

33.-Toma de coñecemento da información rendida ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en cumprimento do artigo 16 da orde HAP/2015/2012 do 1 de outubro. Execución primeiro trimestre exercicio 2016 na Deputación Provincial da Coruña e no Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña, e do estado consolidado.

34.-Toma de coñecemento da información rendida ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en cumprimento do disposto na orde HAP/2015/2012 do 1 de outubro. Liquidación do presuposto do exercicio 2015 da Deputación Provincial da Coruña, do Consorcio Provincial de Extinción de Incendios e Salvamento da Coruña e do estado consolidado

35.-Aprobación do expediente de modificación de créditos núm. 2/2016 de aprobación polo Pleno.

36.-Aprobación do informe sobre a resolución de discrepancias, art. 218 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

37.-Aprobación definitiva da modificación da relación de postos de traballo 2016.

38.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia núm. 9185/2016 de 29/04/2016 pola que se lle atribúe réxime retributivo de dedicación exclusiva á deputada Rosa María Gallego Neira.

39.-Toma de coñecemento da Información Salarial do Persoal da Administración remitida ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

#### ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

-Moción do Grupo Provincial de Alternativa dos Veciños pola que se solicita iniciar o procedemento de declaración de lesividade para o interese provincial do convenio entre a Deputación e o Concello de Coristanco para financiar a adquisición de finca parroquia de Traba.

-Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica relativa ao tren de proximidade.

-Moción de Compostela Aberta e Marea Atlántica para promover a laicidade dos actos públicos da Deputación Provincial da Coruña

#### ROGOS E PREGUNTAS

## DEPUTACIÓN PROVINCIAL

### DA CORUÑA

#### SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 27 DE MAIO DE 2016

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 27 de maio de 2016, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

#### CONCORRENTES

#### PRESIDE O ILMO. SR.:

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO

PSOE

#### ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

D. JAVIER CAÍNZOS VÁZQUEZ	PP
D. JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
D <sup>a</sup> . CLAUDIA DELSO CARREIRA	MAREA ATLÁNTICA
D. DANIEL DÍAZ GRANDÍO	MAREA ATLÁNTICA
D. JUAN JOSÉ DIESTE ORTIGUEIRA	PP
D. MANUEL DIOS DIZ	COMPOSTELA ABERTA
D. BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO	PSOE
D <sup>a</sup> M <sup>a</sup> ROCIO FRAGA SANZ	MAREA ATLÁNTICA
D <sup>a</sup> . M <sup>a</sup> ÁNGELA FRANCO POUZO	BNG
D. GUMERSINDO PEDRO GALEGO FEAL	PP
D <sup>a</sup> ROSA M <sup>a</sup> GALLEGO NEIRA	PP
D. JOSÉ ANDRÉS GARCÍA CARDESO	PP
D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA	PSOE
D <sup>a</sup> . SUSANA GARCÍA GÓMEZ	PP
D. JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
D. ANGEL GARCÍA SEOANE	ALTERNATIVA VV.
D. AGUSTÍN HERNÁNDEZ FERNÁNDEZ DE ROJAS	PP
D. ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
D. MANUEL MUIÑO ESPASANDIN	BNG
D. JOSÉ LUIS OUJO POUZO	PP
D <sup>a</sup> MARIEL PADÍN FERNÁNDEZ	PP
D. EDUARDO JOSÉ PARGA VEIGA	PP

D. JUAN VICENTE PENABAD MURAS	PSOE
D. XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
D. MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
D. LUIS RUBIDO RAMONDE	PP
D. JULIO SACRISTÁN DE DIEGO	PSOE
D <sup>a</sup> . M <sup>a</sup> GORETTI SANMARTIN REI	BNG
D. XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG

Non asiste o Sr. Pequeño Castro.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supevía, Secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e quince minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

#### Sr. presidente

Moi bo día a todas e a todos. Empezamos esta sesión ordinaria de Pleno coa declaración institucional que vai ler o secretario.

#### Sr. secretario

Os Grupos políticos con representación na Deputación da Coruña presentan a seguinte declaración institucional da Deputación da Coruña sobre o cese do Bloqueo á República de Cuba, está asinada por todos os voceiros dos Grupos.

### **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA SOBRE O CESE DO BLOQUEO Á REPÚBLICA DE CUBA**

A Deputación da Coruña celebra a reanudación das relacións diplomáticas entre o Estados Unidos de América e a República de Cuba.

A última resolución Resolución deste ano, a 69/5 da Asemblea Xeral das Nacións Unidas, titulada *“Necesidade de por fin ao bloqueo económico, comercial e financeiro imposto polos Estados Unidos de América contra Cuba”* concluíu con 191 países a favor da resolución, e dous en contra: Estados Unidos e Israel, sen ningunha abstención.

Está e unha expresión contundente de que todos os gobernos e pobos do mundo lle solicitan que se levante o embargo a este país e Galicia quere mostrar tamén así o seu compromiso e proximidade polos vínculos fraternais que nos unen co pobo de Cuba.

Os últimos acontecementos políticos, coa visita do presidente de EE UU de América a Cuba deixan espazo para a esperanza no camiño de conseguir un mundo libre de guerras, no que a paz, a fraternidade, a solidariedade e a liberdade rexa a relación entre os pobos.

### **1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, NÚMERO 4/16, DO 29 DE ABRIL.**

Aprobación da acta da sesión anterior, número 4/16, do 29 de abril.

### **2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA NÚMERO 8701 Á NÚMERO 11650, DE 2016.**

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da número 8701 á número 11650, de 2016.

### **3.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE O CAMBIO DE DATA DA SESIÓN ORDINARIA DO SEXTO MES DE 2016.**

Apróbase por unanimidade a ratificación da inclusión do punto na orde do día, e apróbase, tamén por unanimidade, a seguinte proposición:

“Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 46.2 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme á redacción introducida pola Lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das Deputacións Provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúe ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación Provincial.

Tendo en conta que o día prefixado para a celebración da sesión plenaria correspondente ao mes de xuño de 2016 é día festivo na cidade da Coruña e noutros concellos da provincia,

Polo tanto e como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión do 4 de agosto de 2015, tras consultar aos portavoces dos grupos políticos da Deputación,

PROPÓN AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte ós artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento Orgánico, a adopción do seguinte acordo:

A sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial correspondente ao sexto mes de 2016 celebrarase o día 29 de xuño, mércores, a partir das doce horas”.



**4.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE A COMPARECENCIA DA CORPORACIÓN PROVINCIAL NO PROCEDIMENTO ORDINARIO 113/2016, SEGUIDO PERANTE O XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚMERO DOUS DOS DA CORUÑA, POLA “FUNDACIÓN DEL TORO DE LIDIA”, SOBRE APROBACIÓN DA MOCIÓN RELATIVA Á ABOLICIÓN DAS CORRIDAS DE TOUROS”.**

Por unanimidade, apróbase a ratificación da inclusión na orde do día.

Procédese a votar a proposición:

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 17 deputados (7 do POSE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense. 13 deputados (PP)

**ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, aproba:

“Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación provincial da Coruña,

Pola representación procesual da “*Fundación do Toro de Lidia*” interpúxose recurso contencioso administrativo contra o acordo adoptado polo Pleno da Deputación Provincial, en sesión ordinaria de 11/09/2015, polo que se aprobaba a moción sobre abolición das corridas de touros.

Turnado de repartición, correspondeulle coñecer ao Xulgado do Contencioso Administrativo número dous dos da Coruña, sendo tramitado como autos de PO 113/2016.

Por resolución da Presidencia nº 9348/2016, de data 02/05/2016, dispúxose a comparecencia desta Deputación Provincial no mencionado procedemento.

*“Que este organismo compareza, como parte demandada, referir autos, encomendándolle a representación e defensa ao letrado-asesor xurídico dá Corporación, don Ramón Valentín López Rey, polo que se deberá dar conta desta resolución á Xunta de Goberno para coñecemento.”*

Da devandita resolución tomou coñecemento a Xunta de Goberno, de data 20/05/2016.

Á vista do anterior e segundo o disposto no art. 34.1.1) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,

PROPÓN ao PLENO, a adopción do seguinte acordo:

Ratificar a resolución da Presidencia nº 9348/2016, de data 02/05/2016, pola que se dispón a comparecencia da Deputación Provincial no PO 113/2016, interposto pola “*Fundación do Toro de Lidia*”, sobre aprobación de moción relativa á abolición das corridas de touros.”

**5.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DA PRENSA DA CORUÑA PARA FINANCIAR O PROXECTO ESTUDO DO NOME DAS RÚAS. COMARCAS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL: ANUALIDADE 2015.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados (13 do PP, 7 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

**ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG, Marea Atlántica e Compostela Aberta e a abstención de Alternativa dos Veciños, acorda:

“**1.-** Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 4 de maio de 2016.

**2.-** Aprobar o convenio coa Asociación da Prensa da Coruña correspondente á subvención nominativa, por importe de 25.000 €, concedida para financiar o proxecto *Estudio do nome das rúas. Comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal: anualidade 2015*, cun orzamento subvencionado de 38.000 €, de acordo co texto que se achega.

**“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación da Prensa da Coruña para financiar o proxecto *Estudio do nome das rúas. Comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal: anualidade 2015.***”

Na Coruña,

**REUNIDOS**

Dona Goretti Sanmartín Rei, deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da Resolución da Presidencia núm. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área.

D. Manuel González Menéndez, presidente da Asociación da Prensa da Coruña.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que teñen, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

## MANIFESTAN

1.- De conformidade coa Lei 8/1995 do patrimonio cultural de Galicia que establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia, a Deputación Provincial da Coruña está comprometida coa conservación, mantemento e difusión de todo o referente ao patrimonio cultural galego, e moi especialmente coa súa lingua e literatura.

2.- A Asociación da Prensa da Coruña, dentro das actividades dirixidas ao rescate da memoria dos principais creadores xornalísticos e literarios da cidade e de Galicia, está a realizar unha liña especializada de publicacións, sobre a presenza dos xornalistas nos rueiros das cidades, cunha dobre finalidade: a posta en valor do coñecemento de xornalistas e a súa implantación social a través dos rueiros das cidades.

3.- Dende o ano 2008 realizáronse os estudos da presenza dos xornalistas nos rueiros da Coruña, Santiago de Compostela, Ferrol, As Mariñas (Betanzos, Culleredo, Cambre, Oleiros, Bergondo, Abegondo, Carral, Sada e Arteixo), Bergantiños-Costa da Morte (A Laracha, Cabana de Bergantiños, Carballo, Carnota, Cee, Corcubión, Coristanco, Dumbría, Fisterra, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Muros, Muxía, Ponteceso, Vimianzo e Zas), Barbanza, (Boiro, Pobra do Caramiñal, Rianxo e Ribeira), Noia (Lousame, Noia, Outes e Porto do Son) e Sar (Dodro, Padrón e Rois), Comarcas de A Barcala ( A Baña e Negreira), Arzúa (Arzúa, Boimorto, O Pino e Touro), Santiago (Ames, Boqueixón, Brión, Teo, Val do Dubra e Vedra) e Terra de Melide (Melide, Santiso, Sobrado e Toques).

Como continuación destes traballos, no ano 2015 realizarase o estudo: *Comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegá* no que se recollerán os nomes dos xornalistas que dan nome a rúas en Pontedeume, A Capela, Ares, Cabanas, As Pontes, Fene, Mugar dos, Neda, San Sadurniño, As Somozas, Narón, Moeche, Valdoviño, Cerdido, Mañón, Cedeira, Ortigueira e Cariño.

Con este proxecto preténdese salientar o papel de determinados xornalistas que fixeron historia no só no mundo da comunicación, tamén no ámbito da cultura galega nos dous últimos séculos, especialmente os máis vinculados ao rexurdimento galego a fins do século XIX e principios do XX.

4.- A Deputación Provincial da Coruña e a Asociación da Prensa da Coruña coinciden en valorar positivamente esta liña de publicacións polo que, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar un convenio con arranxo ás seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación da Prensa da Coruña (CIF: G15032006) para financiar o proxecto **Estudo do nome das rúas. Comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal: anualidade 2015**, que se realizará nas seguintes fases:

- \* Localización e avaliación dos personaxes.
- \* Busca documental: literaria e gráfica.
- \* Elección dos autores dos textos.
- \* Realización do material gráfico actual: localización das rúas nos concellos.
- \* Elaboración da premaqueta e infografía.
- \* Edición e impresión.
- \* Distribución.
- \* Presentación da obra.

### II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria.

A Asociación da Prensa da Coruña desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Redacción e colaboracións	10.000.-
Documentación e materiais	2.000.-
Fotografía e infografía	3.500.-
Deseño e maquetación	4.500.-
Edición	12.000.-
Distribución	4.000.-
Varios	2.000.-
<b>Total</b>	<b>38.000 €</b>

### III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **25.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **65,789 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que consignou o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 65,789 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación da Prensa da Coruña obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- Contratación da execución.-**

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación da Prensa da Coruña.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación da Prensa da Coruña, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación da Prensa da Coruña deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación da Prensa da Coruña.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación da Prensa da Coruña unha vez que se presente a seguinte documentación:

\* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación da Prensa da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixo constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2015.

\* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

**1.-** As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2015**.

**2.-** Unha vez rematadas as actividades, a Asociación de Prensa da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de outubro de 2016**.

**3.-** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación da Prensa da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación

aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación da Prensa da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

**4.-** O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación da Prensa da Coruña na documentación subministrada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación da Prensa da Coruña terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

### **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

**1.-** A Asociación da Prensa da Coruña deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

**2.-** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinara esta de oficio.

### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

**1.-** A Asociación da Prensa da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

**2.-** Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

**3.-** Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación da Prensa da Coruña deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

**1.-** Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación da Prensa da Coruña poderá ser

escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.-Do mesmo xeito, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación da Prensa da Coruña queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

#### **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación da Prensa da Coruña serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.



2.- Igualmente, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación da Prensa da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

### **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de outubro de 2016** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderanse realizar dende o 1 de xaneiro de 2015.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Asociación de Prensa da Coruña, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

## **6.-APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONSORCIO PARA LA PROMOCIÓN DE LA MÚSICA PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE ACTIVIDADES DA ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA EN 2016.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 19 de abril de 2016.

2.- Aprobar o convenio co Consorcio para la Promoción de la Música correspondente á subvención nominativa, por importe de 1.500.000 €, concedida para o *Programa de actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia no 2016*, cun orzamento subvencionado de 2.080.000 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2017, autorice o correspondente Orzamento.

**“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio para la Promoción de la Música para financiar o *Programa de actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia no 2016*.**

Na Coruña,

### **REUNIDOS**

Dona Goretti Sanmartín Rei, deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia núm. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área

Don Xulio Ferreiro Baamonde, presidente do Consorcio para la Promoción de la Música.

### **EXPOÑEN**

1.- Que o Concello da Coruña, en sesión plenaria celebrada o día 19 de abril de 1991, aprobou a constitución do organismo denominado “Consorcio para la Promoción de la Música” que ten por obxecto a difusión da música e a promoción de toda clase de actividades musicais.

2.- Que o Consorcio para la Promoción de la Música ten por obxecto, entre outros, a promoción da cultura a través da música, facilitar o acceso da cidadanía á música de calidade e mellorar a ensinanza musical e a formación das novas xeracións de intérpretes. Para conseguir estes fins, o Consorcio xestiona a Orquesta Sinfónica de Galicia, a Orquesta Xoven, a Orquesta de Nenos e os coros.

Así mesmo, o Consorcio organiza concertos didácticos e xestiona a Escola Municipal de Música.

3- Que, de conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

4.- Que, en exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña recoñece o labor cultural que vén desempeñando o Consorcio para la Promoción de la Música e considera de interese as actividades que desenvolve e, en tal sentido, no Orzamento correspondente ao presente exercicio figura unha subvención nominativa destinada a financiar o programa de actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia no 2016.

5.- Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas as dúas institucións acordan subscribir o presente convenio, conforme ás seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio para la Promoción de la Música (CIF-P6503001G) para financiar o *Programa de actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia no 2016*, que se indica deseguido:

#### Actividades ordinarias xaneiro-outubro 2016

- \* *Temporada de abono da OSG na Coruña: 18 concertos do abono venres e 9 concertos do abono sábado.*
- \* *Xiras na provincia da Coruña: 1 concerto en Santiago e 5 en Ferrol.*
- \* *Actividades da Orquesta Xove na Coruña e Ferrol: 5 concertos.*
- \* *Actividades da Orquesta de Nenos: 5 concertos.*
- \* *Actividades do Coro da OSG na Coruña: 4 concertos mínimo.*
- \* *Proxecto didáctico: 14 actividades entre concertos en familia, oferta de prazas para colexios da provincia da Coruña.*
- \* *Ciclo de Cámara da Coruña: 5 concertos*
- \* *Festival Jazzatlántica: 4 concertos*
- \* *Concertos gratuítos en María Pita*

### II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar o Consorcio para la Promoción de la Música.

O Consorcio para la Promoción de la Música desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Temporada de abono da OSG na Coruña	1.490.518,10.-
Xiras na provincia da Coruña	24.500,00.-
Actividades da Orquesta Xoven e a Orquesta de Nenos	146.800,00.-
Actividades do Coro da OSG na Coruña	141.730,00.-
Proxecto didáctico	70.251,90.-
Ciclo de Cámara de A Coruña	46.000,00.-
Festival Jazzatlántica	50.700,00.-
Concertos gratuítos en María Pita	109.500,00.-

**Total** **2.080.000,00 €**

### **III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **1.500.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 72,115 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 72,115 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/46701, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Consorcio para la Promoción de la Música obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- Contratación da execución.-**

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Consorcio para la Promoción de la Música.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Consorcio para la Promoción de la Música, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, o Consorcio para la Promoción de la Música deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

1.- Na publicidade pola que se dean a coñecer as *actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia no 2016*, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Consorcio para la Promoción de la Música.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

1.- A achega da Deputación seralle aboada ao Consorcio para la Promoción de la Música do seguinte xeito:

*Primeiro prazo*, por importe do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar. O importe deste prazo aboarase unha vez asinado o convenio logo de acreditarse a presentación da seguinte documentación:

\* **Contas anuais** completas da entidade correspondentes ao exercicio 2015.

\* **Orzamento da entidade para o Exercicio 2016**, plan de actuación ou o documento equivalente que corresponda, de acordo coas normas que resulten de xeral aplicación, segundo a natureza xurídica da entidade.

\* **Certificacións** acreditativas dos acordos **da aprobación** dos documentos sinalados.

*Segundo prazo*, por importe do 50% da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificadas, logo da presentación da seguinte documentación:

\* **Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

\* **Relación** clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e NIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

\* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2016.

\* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

\* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

\* **Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

## **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2016**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Consorcio para la Promoción de la Música deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2017**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Consorcio para la Promoción de la Música para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional

non eximirá ao Consorcio para la Promoción de la Música da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

**4.-** O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Consorcio para la Promoción de la Música.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponde, o Consorcio para la Promoción de la Música terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

### **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

**1.-** O Consorcio para la Promoción de la Música deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

**2.-** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

**1.-** O Consorcio para la Promoción de la Música destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

**2.-** Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderá realizarse o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

**3.-** Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Consorcio para la Promoción de la Música deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

**1.-** Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Consorcio para la Promoción de la Música poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á

finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Igualmente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Consorcio para la Promoción de la Música queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

#### **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Consorcio para la Promoción de la Música serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Do mesmo xeito, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á



Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

**3.-** Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Consorcio para la Promoción de la Música será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [dicoruna.es](http://dicoruna.es).

**4.-** Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

**1.-** O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2017** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2016.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2017, autorice o correspondente Orzamento.

**2.-** Previa solicitude do Consorcio para la Promoción de la Música, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

**3.-** Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

**1.-** O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

**2.-** Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderase crear unha comisión de seguimento formada por dúas persoas representantes de cada unha das institucións.

**3.-** Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

## **7.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN CAMILO JOSÉ CELA PARA FINANCIAR AS ACTIVIDADES DO ANO 2015.**

Sr. García Seoane

Quero dicir que houbo moitas irregularidades.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 25 deputados (13 do PP, 7 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: 4 deputados (3 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta)

### **ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE e BNG, a abstención de Marea Atlántica e Compostela Aberta e o voto en contra de Alternativa dos Veciños, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 4 de marzo de 2016.

2.- Aprobar o convenio coa Fundación Camilo José Cela correspondente á subvención nominativa, por importe de 36.000 €, concedida para financiar as *Actividades do ano 2015*, cun orzamento subvencionado de 46.564,08 €, de acordo co texto que se achega.

**“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Camilo José Cela para financiar as *Actividades do ano 2015*.**

Na Coruña,

### **REUNIDOS**

Dona Goretti Sanmartín Rei, deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia núm. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área.

Don Román Rodríguez González, presidente do Padroado da Fundación Camilo José Cela.

Ambas as dúas partes, no nome e na representación que teñen e coa capacidade legal para este acto

## **EXPOÑEN**

**1.-** A Fundación Camilo José Cela é unha fundación cultural de interese galego, con personalidade xurídica propia, constituída en escritura outorgada o 14 de xullo de 1986.

**2.-** De conformidade co artigo 7º dos seus estatutos, a Fundación ten por obxecto promover o estudo da obra de Camilo José Cela e conservar o seu patrimonio cultural, humano e aínda anecdótico. Tamén procurará estender o coñecemento xeral da dita obra e patrimonio, así como de todas aquelas actividades dirixidas ao fomento da cultura.

**3.-** Que os art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia atribúe ás deputacións competencias no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia en materia de cultura. Igualmente, a Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia.

**4.-** Que, en exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír ao financiamento das actividades da fundación para o ano 2015 e, en tal sentido, no Orzamento correspondente ao presente exercicio figura unha subvención nominativa destinada ao seu financiamento.

**5.-** Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas as dúas institucións acordan subscribir o presente convenio, conforme ás seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **I.- Obxecto.**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Camilo José Cela (NIF: G15119456) para financiar as *Actividades do ano 2015*, co obxecto de continuar co labor de difusión da obra de Camilo José Cela.

Esta subvención destinarase ao financiamento dos gastos producidos polo desenvolvemento das actividades contidas no eixo 1 do Plan de actuación de 2015: programación para escolares, obradoiros didácticos e educativos para familias, concursos literarios, exposicións, publicacións e investigación.

## II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A Fundación Camilo José Cela desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, e a subvención destinarase a cubrir os gastos de persoal nas porcentaxes que se indican :

### *Gastos de persoal*

<i>Posto</i>	<i>Custe total</i>	<i>aplicado eixo1</i>	<i>Custe parcial</i>
Coordinadora actividades culturais I	31.407,27	40	12.562,91
Bibliotecario	60.062,81	40	12.025,12
Clasificador documentalista	20.917,36	85	17.779,76
Vixiante	20.981,48	20	4.196,30

### **Total**

**46.564,08 €**

## III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **36.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **77,312 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 77,312 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/480, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Fundación Camilo José Cela obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- Contratación da execución.-**

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Camilo José Cela.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á Fundación Camilo José Cela, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Fundación Camilo José Cela deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Camilo José Cela.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle aboada á Fundación Camilo José Cela unha vez que se presente a seguinte documentación:

\* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Camilo José Cela, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2015.

\* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

\* Declaración da presidencia da entidade sobre outras subvencións solicitadas e/ou concedidas por entidades públicas e/ou privadas para o mesmo obxecto ou, no seu caso, declaración da inexistencia doutras subvencións.

\* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

**1.-** As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2015**.

**2.-** Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Camilo José Cela deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de xullo de 2016**.

**3.-** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Camilo José Cela para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Fundación Camilo José Cela da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª 6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

**4.-** O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Camilo José Cela na documentación subministrada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Fundación Camilo José Cela terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

### **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

1.- A Fundación Camilo José Cela deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarao esta de oficio.

### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

1.- A Fundación Camilo José Cela destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Camilo José Cela deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Camilo José Cela poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.-Iguamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Camilo José Cela queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª 6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Camilo José Cela serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Igualmente, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Camilo José Cela será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.



4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

### **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de outubro de 2016** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2015.

2.- Previa solicitude da Fundación Camilo José Cela, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por -----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

### **8.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ PARA FINANCIAR AS ACTIVIDADES DO ANO 2015.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a

existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 5 de maio de 2016.

**2.-** Aprobar o convenio coa Fundación Wenceslao Fernández Flórez correspondente á subvención nominativa, por importe de 10.000 €, concedida para financiar as *Actividades do ano 2015*, cun orzamento subvencionado de 17.482,65 €, de acordo co texto que se achega.

**“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Wenceslao Fernández Flórez para financiar as *Actividades do ano 2015*.**

Na Coruña,

## REUNIDOS

Dona Goretti Sanmartín Rei, deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia núm. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área.

D. José Luis Castro de Paz, presidente da Fundación Wenceslao Fernández Flórez.

Ambas as dúas partes, no nome e na representación que teñen e coa capacidade legal para este acto

## EXPOÑEN

**1.-** A Fundación Wenceslao Fernández Flórez é unha fundación cultural de interese galego, con personalidade xurídica propia, constituída en escritura outorgada o 23 de novembro de 1998.

De conformidade co artigo 6º dos estatutos, entre os fins da Fundación destacan os seguintes:

- Fomentar, soste e difundir o interese e reflexión sobre a importancia e transcendencia temporal da memoria de Wenceslao Fernández Flórez e promover o estudo e divulgación da súa vida e obra.
- Conservar como museo, biblioteca e mobiliario da casa Vila Florentina, en Cecebre, e manter no mellor estado esta Casa-Museo.
- Celebrar, cos actos que se acorden, as datas conmemorativas de Wenceslao Fernández Flórez.
- Organizar a concesión de premios ou honores que se considere de importancia para loa da vida e obra do escritor.
- Organizar actividades culturais, relacionadas coa promoción e posta en valor da cultura galega e coa obra do escritor e o contexto da súa obra.

- Servir de centro de dinamización cultural con capacidade de iniciativa propia e de operatividade nos diferentes aspectos das artes en xeral.
- Fomentar a actividade cultural entre a xuventude, buscando o xeito de acollelos e encetalos na nosa cultura galega e nacional.

**3.-** Que os art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia atribúelles ás deputacións competencias no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia en materia de cultura. Igualmente, a Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia.

**4.-** Que, en exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír ao financiamento das actividades da fundación para o ano 2015 e, en tal sentido, no Orzamento correspondente ao presente exercicio figura unha subvención nominativa destinada ao seu financiamento.

**5.-** Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas as dúas institucións acordan subscribir o presente convenio, conforme ás seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Wenceslao Fernández Flórez (NIF: G15670359) para financiar as *Actividades do ano 2015*, que inclúen conferencias, charlas, recitais musicais, sesións de contacontos, presentacións de libros, lecturas dramatizadas, teatro e lectura.

### II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A Fundación Wenceslao Fernández Flórez desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, e a subvención destinarase a cubrir os gastos de persoal nas porcentaxes que se indican :

<i>Gastos directos</i>	
Servizo de guía de museo	13.599,36.-
Compra de bens destinados a actividade	1.889,15.-
 <i>Gastos indirectos</i>	
Seguros	322,52.-
Teléfono	278,80.-
Combustible	487,33.-
Electricidade	744,80.-
Renovación dominio	160,69.-
 <b>Total</b>	 <b>17.482,65 €</b>

### **III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **10.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **57,199 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 57,199 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/480, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Fundación Wenceslao Fernández Flórez obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **IV.- Contratación da execución.-**

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Wenceslao Fernández Flórez.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á Fundación Wenceslao Fernández Flórez, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Fundación Wenceslao Fernández Flórez deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse

expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Wenceslao Fernández Flórez.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle aboada á Fundación Wenceslao Fernández Flórez unha vez que se presente a seguinte documentación:

\* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Wenceslao Fernández Flórez, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2015.

\* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

\* Declaración da presidencia da entidade sobre outras subvencións solicitadas e/ou concedidas por entidades públicas e/ou privadas para o mesmo obxecto ou, no seu caso, declaración da inexistencia doutras subvencións.

\* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2015, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Wenceslao Fernández Flórez deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de outubro de 2016**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Wenceslao Fernández Flórez para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Fundación Wenceslao Fernández Flórez da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª 6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Wenceslao Fernández Flórez na documentación subministrada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Fundación Wenceslao Fernández Flórez terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

1.- A Fundación Wenceslao Fernández Flórez deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

## **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

1.- A Fundación Wenceslao Fernández Flórez destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Wenceslao Fernández Flórez deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Wenceslao Fernández Flórez poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Igualmente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Wenceslao Fernández Flórez queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª 6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do

importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Wenceslao Fernández Flórez serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Igualmente, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Wenceslao Fernández Flórez será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

## **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de outubro de 2016** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderanse realizar dende o 1 de xaneiro de 2015.

2.- Previa solicitude da Fundación Wenceslao Fernández Flórez, realizada, polo menos, dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.



#### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por -----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

#### **9.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O SANTIAGO FUTSAL CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA CONCEDIDA PARA FINANCIAR A PARTICIPACIÓN DO CLUB NA 1ª DIVISIÓN DE FÚTBOL SALA NACIONAL DURANTE O ANO 2014.**

Sr. García Seoane

Nos puntos 9 e 10, que son da mesma entidade, voto que non por entender que a Deputación non debe financiar xogadores nin nada parecido, senón isto sería unha sangría se todos os clubs que teñen certa importancia na provincia tiveramos que sufragalos habería que cerrar as portas da Deputación porque non teríamos cartos para máis cousas.

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados (13 do PP, 7 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta)

Votan en contra: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: ningún deputado

#### **ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG, Marea Atlántica e Compostela Aberta e o voto en contra de Alternativa dos Veciños, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 13 de maio de 2016.

2.- Aprobar o convenio co Santiago Futsal correspondente á subvención nominativa concedida por importe de 30.000 €, para financiar a participación do club na 1ª División de Fútbol Sala Nacional durante o ano 2014, cun orzamento subvencionado de 353.060,00€, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente orzamento.

**“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Santiago Futsal para financiar a participación do club na 1ª División de Fútbol Sala Nacional durante o ano 2014**

Na Coruña,

#### REUNIDOS

D. José García Liñares, deputado de Deporte e Mocidade, en virtude da Resolución da Presidencia número 2015/15671 e 2015/16642, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa area.

D. Ramón García Seara , presidente do **Santiago Futsal**

#### MANIFESTAN

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promocionen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento do deporte

Que o **Santiago Futsal** é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o **Santiago Futsal** Compostela, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o **Santiago Futsal** (CIF:G15728975) para financiar **a participación do club na 1ª División de Fútbol Sala Nacional que tivo lugar no ano 2014**

### II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

O **Santiago Futsal** desenvolveu as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Salarios xogadores	97.500,00 €
Servizos médicos	15.000,00 €
Material deportivo	5.000,00 €
Aloxamento e manutención	20.000,00 €
Desprazamentos xogadores	5.000,00 €
Salarios técnicos	44.000,00 €
Salarios oficina	23.000,00 €
Desprazamentos competición	25.000,00 €
Arbitraxes	20.000,00 €
Canon LNFS	43.560,00 €
Seguridade Social	30.000,00 €
Axencia Tributaria	20.000,00 €
Varios	5.000,00 €
<b>Total</b>	<b>353.060,00 €</b>

### III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **30.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 8,497%.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 8,497% da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3411/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o **Santiago Futsal** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- Contratación da execución.-**

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponde ao **Santiago Futsal**

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas co **Santiago Futsal**, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, o **Santiago Futsal** deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do **Santiago Futsal**.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle aboada ao **Santiago Futsal** unha vez que se presente a seguinte documentación:

\* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do **Santiago Futsal**, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2014.

\* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula sexta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira remataron o 31 de decembro de 2014.

2.- O **Santiago Futsal** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do 31 de xullo de 2016.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao **Santiago Futsal** para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao **Santiago Futsal** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

**4.-** O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Santiago Futsal**

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, ao **Santiago Futsal** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

### **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

**1.-** O **Santiago Futsal** deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

**2.-** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

**1.-** O **Santiago Futsal** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

**2.-** Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

**3.-** Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, ao **Santiago Futsal** deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

**1.-** Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o **Santiago Futsal** poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que

foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o **Santiago Futsal** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

#### **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do **Santiago Futsal** serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Santiago Futsal** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

### **XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de outubro de 2016** e terá efectos retroactivos. As actividades contempladas nel deberán terse realizado entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2014.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente orzamento.

### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

## **10.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O SANTIAGO FUTSAL CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA CONCEDIDA PARA FINANCIAR A PARTICIPACIÓN DO CLUB NA 1ª DIVISIÓN DE FÚTBOL SALA NO ANO 2015.**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados (13 do PP, 7 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta)

Votan en contra: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: ningún deputado



## ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG, Marea Atlántica e Compostela Aberta e o voto en contra de Alternativa dos Veciños, acorda:

**“1.-** Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 13 de maio de 2016.

**2.-** Aprobar o convenio co Santiago Futsal correspondente á subvención nominativa concedida por importe de 30.000 €, para financiar a participación na 1ª División de Fútbol Sala Nacional no ano 2015, cun orzamento subvencionado de 393.450,00 €, de acordo co texto que se achega.

**3.-** Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.

**“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Santiago Futsal correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a participación na 1ª División de Fútbol Sala no ano 2015**

Na Coruña,

## REUNIDOS

D. José García Liñares, deputado de Deporte e Mocidade, en virtude da Resolución da Presidencia número 2015/15671 e 2015/16642, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa area.

D. Ramón García Seara, presidente do **Santiago Futsal**

## MANIFESTAN

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promociónen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento do deporte

Que o **Santiago Futsal** é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o **Santiago Futsal**, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o **Santiago Futsal** (CIF:G15728975) para financiar **a participación na 1ª División de Fútbol Sala no ano 2015**

### II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

O **Santiago Futsal** desenvolveu as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Salarios traballadores	102.500,00 €
Servizos médicos	15.000,00 €
Material deportivo	5.000,00 €
Aloxamento e manutención	20.000,00 €
Desprazamentos xogadores	2.000,00 €
Salarios técnicos	48.000,00 €
Salarios oficina	26.000,00 €
Desprazamentos competición	27.600,00 €
Arbitraxes	20.000,00 €
Canon LNFS	42.350,00 €
Seguridade Social	60.000,00 €
Axencia Tributaria	20.000,00 €
Varios	5.000,00 €
<b>Total</b>	<b>393.450,00 €</b>

### III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **30.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 7,62%.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 7,62%, da cantidade efectivamente xustificada.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/341.1/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- Contratación da execución.**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao **Santiago Futsal** Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas co **Santiago Futsal** calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, ao **Santiago Futsal** deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que o **Santiago Futsal** tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- Publicidade e financiamento provincial.**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do **Santiago Futsal**.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle aboada ao **Santiago Futsal** unha vez que se presente a seguinte documentación:

.- Memoria de actuación (asinada en todas as follas), subscrita polo representante legal do **Santiago Futsal** xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

.- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes (con IVE e sen IVE) e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

.- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto, que deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2015.

.- No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación. O beneficiario deberá ter aberta unha conta bancaria. Con cargo a dita conta deberán efectuarse todos os cobros e pagos que correspondan a actividade subvencionada. Un extracto dos movementos da conta citada deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aprobación dos fondos provinciais á finalidade prevista.

.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

#### **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira remataron o día **31 de decembro de 2015**.

2. Unha vez rematadas as actividades, o **Santiago Futsal** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do día **31 de xullo de 2016**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao **Santiago Futsal** para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao **Santiago Futsal** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56 das de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Santiago Futsal** na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda ao **Santiago Futsal**, terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### **VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.**

1. O **Santiago Futsal** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

#### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

1. O **Santiago Futsal** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€ nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o **Santiago Futsal** deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

1. Consonante co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o **Santiago Futsal** poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o **Santiago Futsal** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00€ se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€ Se excede dun mes e non chega a tres, a

sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do **Santiago Futsal** serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Santiago Futsal** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

## **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de outubro de 2016** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2015.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.

## **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do **Santiago Futsal**.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da

dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

## **11.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE VOLUNTARIADO SOCIAL EN PAÍSES EUROPEOS PARA XUVENTUDE DESEMPREGADA NO ANO 2016.**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 28 deputados (13 do PP, 7 do PSOE, 5 do BNG e 3 de Marea Atlántica)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 2 deputados (1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños)

### **ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG e Marea Atlántica e a abstención de Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños, acorda:

“1. Exceptuar para a tramitación do presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións, e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de data 12 de maio de 2016 que consta no expediente.

2. Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Paideia Galiza, NIF G15798655, para financiar o *Programa de voluntariado social en países europeos para mocidade desempregada no ano 2016*, cunha achega da Deputación de 17.000,00 €, que supón unha porcentaxe do 70 % do orzamento subvencionado, que é de 24.285,00 €, importe que será aboado conforme ao previsto nas cláusulas VI e VIII do texto do convenio, e con cargo á partida 0611/23121/481 do orzamento vixente.

**Número\_\_ /2016**

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ENTIDADE FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE VOLUNTARIADO SOCIAL EN PAÍSES EUROPEOS PARA MOCIDADE DESEMPREGADA NO ANO 2016. ACCIÓNS INFORMATIVAS E FORMATIVAS.**



Na Coruña, .... de .....de..... na sede da Deputación Provincial da Coruña

## **Reunidos**

Dna. Ánxela Franco Pouso, deputada de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade de Xénero, en virtude das Resolucións da Presidencia número 15671/2015 e 16642/2015 polas que se lle delega competencia para asinar convenios na súa área.

Dna. Sandra Ortega Mera, presidenta da Fundación Paideia Galiza.

As comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

## **MANIFESTAN**

É competente a Deputación para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local, 7/85, art. 36 e coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97 , art. 109 e 119, así como coa Lei de servizos sociais de Galicia 13/2008.

Conforme as leis citadas, e competente a Deputación para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen as ditas actividades.

Por outra banda, segundo consta nos seus estatutos, a Fundación Paideia Galiza ten como obxecto a promoción e realización de actividades de interese educativo, cultural, de fomento da economía social e de promoción do voluntariado, así como calquera forma de atención, formación e intervención na problemática xerada por calquera tipo de exclusión social.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Fundación Paideia Galiza, ambas as dúas partes

## **ACORDAN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

### **I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Fundación Paideia Galiza, con CIF G15798655, para o financiamento das accións informativas e formativas do Programa de voluntariado social en países europeos para douscentos mozos/as con idades entre 18 e 30 anos en situación de desemprego da provincia da Coruña, para o ano 2016.

## II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A Fundación Paideia Galiza, levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Gastos de persoal (nóminas e seguridade social)	18.300,00 €
Persoal técnico	17.500,00 €
Persoal xestión publicidade e difusión	800,00 €
Material difusión (dípticos, libretas, bolígrafos, usb,..)	2.000,00 €
Gastos da actividade (desprazamentos e mat. seminarios)	1.195,00 €
Gastos xerais:	2.790,00 €
Subministracións (auga e electricidade)	700,00 €
Teléfono e internet:	600,00 €
Material oficina e informático:	790,00 €
Limpeza:	700,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>24.285,00 €</b>

## III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **17.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **70 %**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **70 %**, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0611/23121/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre o que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á Fundación Paideia Galiza de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel exista dotación orzamentaria adecuada e suficiente para afrontar o gasto.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustifico.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustifico, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Paideia Galiza. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Fundación Paideia Galiza, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Fundación Paideia Galiza deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a Fundación Paideia Galiza tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Paideia Galiza.

#### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación seralle aboada á Fundación Paideia Galiza unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Paideia Galiza, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de

pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## **VII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, **realizaranse desde o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2016.**

2. Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Paideia Galiza deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA, **antes do 31 de maio de 2017.**

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Paideia Galiza para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Fundación Paideia Galiza da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56<sup>a</sup>.6 das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Paideia Galiza na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Fundación Paideia Galiza terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. A Fundación Paideia Galiza deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

## **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. Fundación Paideia Galiza destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Paideia Galiza deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Paideia Galiza poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Paideia Galiza queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de

axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIONES**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Paideia Galiza serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Paideia Galiza será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do 2016, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio de 2017**, todo elo condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente.

2. Para o caso de que a Fundación Paideia Galiza non poida ter presentada a xustificación antes do día 31 de maio de 2017, deberá solicitar polo menos dous meses antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2017. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a Fundación Paideia Galiza perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDIÇÃO COMPETENTE.**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

A DEPUTADA DE BENESTAR SOCIAL, A PRESIDENTA DA FUNDACIÓN PAIDEIA  
EDUCACIÓN E POLÍTICAS DE GALIZA  
IGUALDADE DE XÉNERO

Asdo.: Ánxela Franco Pouso

Asdo.: Sandra Ortega Mera”

## **12.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CULLEREDO PARA FINANCIAR O MANTEMENTO XERAL E RESERVA DE 5 PRAZAS DO CENTRO OCUPACIONAL “A ESCADA” NO ANO 2016.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Exceptuar para a tramitación do presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións, e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de data 13 de maio de 2016 que consta no expediente.

2. Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Culleredo para financiar o mantemento xeral e reserva de 5 prazas do centro ocupacional “A Escada”, cunha achega da Deputación de 70.000,00 €, que supón unha porcentaxe do 50,68 % do orzamento subvencionado, que é de 138.117,49 €, importe que será aboado conforme ao previsto nas cláusulas VI e VIII do texto do convenio, e con cargo á partida 0611/23121/46201 do orzamento vixente.

Número: 2016001701

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CULLEREDO PARA FINANCIAR O MANTEMENTO XERAL E A RESERVA DE CINCO PRAZAS DO CENTRO OCUPACIONAL “A ESCADA” NO ANO 2016**

Na Coruña, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ na sede da Deputación Provincial da Coruña



## **Reunidos**

Dna. Ánxela Franco Pouso, deputada de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade e Política de Igualdade, en virtude das Resolucións da Presidencia número 1567/2015 e 16642/2015 polas que se lle delega competencia para asinar convenios na súa área.

D. Julio Sacristán de Diego, alcalde-presidente do Concello de Culleredo.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

## **MANIFESTAN**

Que a Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local, 7/85, art. 36 e coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así como coa Lei de servizos sociais de Galicia 13/2008 e no Decreto 99/2012 do 16 de marzo.

Conforme as leis citadas, é competente a Deputación da Coruña para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen as ditas actividades.

Na Lei de servizos sociais para Galicia 13/2008, art. 63 menciónanse as competencias da Deputación no apoio xurídico económico e técnico cara aos concellos, nos temas da súa competencia, sendo os programas de inserción e integración das persoas con discapacidade de competencia dos concellos, polo que está xustificada o apoio desta Deputación para levar adiante o programa de actividades do que se trata no convenio, consistente en facilitar ás persoas con diversidade funcional o acceso a actividades ocupacionais, o que supón unha actividade de integración e de mellora da calidade de vida destas.

Que o Concello de Culleredo no ámbito das súas competencias, ten un centro ocupacional para persoas adultas con discapacidade intelectual, denominado "A Escada".

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do Concello de Culleredo ambas as dúas partes

## **ACORDAN**

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

### **I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Culleredo, CIF P1503100H, para o financiar o mantemento xeral e a reserva de cinco prazas no Centro Ocupacional "A Escada", para persoas usuarias procedentes dos diferentes concellos da área metropolitana da Coruña: Oleiros, Sada, A Coruña, Bergondo, Betanzos, Abegondo, Cambre, Carral, Arteixo e Cerceda.

## II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA.

O Concello de Culleredo levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO		IMPORTE
<b>Gastos persoal</b>	de Pedagoga	45.484,61 €
	de Monitora taller	26.312,10 €
	de Auxiliar administrativa	3.989,56 €
	de Conserxe	1.740,30 €
	de Xefa de Sección de Atención especializada	10.163,99 €
<b>Mantemento edificio maquinaria</b>	Mantemento alarma e reparacións eléctricas, maquinaria taller, mantemento calefacción, contedores hixiénicos, extintores, fontanería, pintura do centro,.	7.655,00 €
<b>Subministracións</b>	Obradoiros artesanía, cociña, teléfono, vestiario, farmacia, gas, luz	3.675,00 €
<b>Transporte</b>		16.300,00 €
<b>Seguros</b>		800,00 €
<b>Gastos diversos</b>	Gastos banco,..	610,00 €
<b>Traballos realizados por outras empresas</b>	- Obradoiro físico-deportivo - Obradoiro de artesanía - Asesoría afectivo sexual pais fillos	20.926,93 €
	Dietas	460,00€
<b>TOTAL GASTOS</b>		<b>138.117,49 €</b>

## III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 70.000,00€, o que representa unha porcentaxe de 50,68%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o

importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 50,68%, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando o Concello de Culleredo que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. Para a anualidade 2016 existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello de Culleredo de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria adecuada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. Corresponderalle ao Concello de Culleredo o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, o Concello de Culleredo axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o Concello de Culleredo tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Culleredo.

## **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

1 - Coa posibilidade prevista no disposto na base 57<sup>a</sup> das de execución do orzamento para o ano 2016 ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de Culleredo, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo disposto na cláusula oitava.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- O Concello de Culleredo estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditarla mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2 - Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do Concello de Culleredo, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Culleredo na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Culleredo terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, que realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2016**.

2. Unha vez realizada a actividade, o Concello de Culleredo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta, **antes do 31 de maio de 2017**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ó Concello de Culleredo para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Culleredo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Culleredo na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Culleredo terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. O Concello de Culleredo deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

## **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1. O Concello de Culleredo destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

## **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Culleredo poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Culleredo queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a

sanción imponse no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Culleredo serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Culleredo será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do 2016, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio de 2017**, todo elo condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente.

2.Para o caso de que o Concello de Culleredo non poida ter presentada a xustificación **antes do día 31 de maio de 2017**, deberá solicitar polo menos dous meses antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada , co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de outubro de 2017**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de Culleredo perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se

poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de Culleredo, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por o día \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

#### **13.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN PRO MINUSVÁLIDOS DE ORTEGAL ASPROMOR, PARA FINANCIAMENTO DO EQUIPAMENTO PARA RESIDENCIAS, CENTRO DE DÍA E ESPAZOS COMÚNS.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Exceptuar para a tramitación do presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións, e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 19 de maio de 2016 que consta no expediente.

2. Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Pro Minusválidos de Ortegal, ASPROMOR, para financiar equipamento de residencias, centro de día e espazos comúns, cunha achega da Deputación de 39.155,89 €, que supón unha porcentaxe do 24,602 % do orzamento subvencionado, que é de 159.155,89 €, importe que será aboado conforme ao disposto nas cláusulas VI e VIII do texto do convenio, e con cargo á partida 0611/23121/781 do orzamento vixente.



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN PRO-MINUSVÁLIDOS DO ORTEGAL (ASPROMOR) PARA O FINANCIAMENTO DE EQUIPAMENTO PARA RESIDENCIAS, CENTRO DE DÍA E ESPAZOS COMÚNS.**

Na Coruña,

**REUNIDOS**

D. Ánxela Franco Pouso, deputada provincial de Benestar Social

D. Fernando Nieto Cortijo, presidente de ASPROMOR (Asociación pro-minusválidos del Ortegal)

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

**MANIFESTAN**

Dado o interese coincidente da Deputación e da Asociación Pro-Minusválidos del Ortegal en colaborar coas actividades desta, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

**CLÁUSULAS**

**I.- Obxecto.-**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación Pro-Minusválidos do Ortegal (NIF: G15072077), para financiar os gastos do equipamento para residencias, centro de día e espazos comúns.

**II.- Orzamento de gastos da adquisición**

O orzamento do equipamento subvencionado, que se achega desagregado pola entidade o 25/11/2015 e que consta no expediente de solicitude de formalización deste convenio, é o seguinte:

<b>Concepto</b>	<b>Prezo</b>
Equipamento da Residencia de Adultos e Servizos Comúns	62.473,66 €
Equipamento da Residencia Gravemente Afectados	33.267,43 €
Equipamento Almacén-despensa, cociña e lavandería	38.590,35 €
IVA 21% ( base:134.331,44€ )	28.209,60 €
<b>Total</b>	<b>162.541,04 €</b>

Do devandito orzamento total de 162.541,04€ serán subvencionables 159.155,89€ xa que a entidade só soporta o 88% do IVE.

### **III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade**

1.- A Deputación da Coruña contribuirá a financiar a adquisición do equipamento, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **39.155,89€** o que representa unha porcentaxe do **24,602%** do orzamento de gastos.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe equivalente á cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/231.21/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

### **IV.- Contratación e execución**

Na súa condición de adquirente, corresponde á Asociación Pro-Minusválidos del Ortegal ( ASPROMOR) o outorgamento dos contratos de compravenda.

Non se poderá contratar a dita adquisición con persoas ou entidades vinculadas á Asociación Pro-Minusválidos del Ortegal nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

### **V.- Publicidade do financiamento provincial**

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Pro-Minusválidos del Ortegal.

### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial**

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Pro-Minusválidos del Ortegal unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición dos bens ou equipamentos, expedida polo órgano competente.
- Copia do contrato formalizado, do albará de entrega e da factura. Sobre o orixinal deste documento deberase estender unha dilixencia na que se faga

constar que esta foi presentada como xustificante de gasto para obter unha subvención provincial.

- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da Asociación Pro-Minusválidos del Ortegal.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## **VII.- Termo para a adquisición e prazo de xustificación**

**1.-** A adquisición do equipamento obxecto de financiamento provincial realizarase entre o **1 de novembro de 2015 e o 31 maio de 2016.**

**2.-** Unha vez realizada a adquisición, a Asociación Pro-Minusválidos del Ortegal deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta **antes do 30 de xuño de 2016.**

**3.-** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Pro-Minusválidos del Ortegal para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación Pro-Minusválidos del Ortegal da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

**4.-** O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Pro-Minusválidos del Ortegal na documentación achegada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación Pro-Minusválidos del Ortegal terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación**

**1.-** A Asociación Pro-Minusválidos del Ortegal deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no

cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida e autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos**

1.- A Asociación Pro-Minusválidos del Ortegal destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 € nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Pro-Minusválidos del Ortegal deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo**

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Pro-Minusválidos del Ortegal poderá ser escollida pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Pro-Minusválidos del Ortegal queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- Reintegro, infraccións e sancións**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na dita Base, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4.- E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10% do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20% da subvención outorgada co límite de 400,00 €; e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30% do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Pro-Minusválidos del Ortegal serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Pro-Minusválidos del Ortegal será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

### **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación**

**1.-** O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de agosto de 2016** e terá efectos retroactivos, polo que as adquisicións poderán terse feitas dende o **1 de novembro de 2015**.

**2.-** Por acordo expreso de ambas as dúas partes, o convenio poderá ser obxecto de modificación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente**

**1.-** O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

**2.-** Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por -----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

**14.-RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN 10744/2016 DO 12 DE MAIO DE 2016 POLA QUE SE MODIFICA A COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DESIGNADA POR RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA Nº 16702 DO 30 DE XULLO DE 2015 E MODIFICADA POR RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA NÚMERO 19273, DO 9 DE SETEMBRO DE 2015.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Aprobar a ratificación da Resolución 10744/2016 do 12 de maio de 2016 pola que se modifica a composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña designada por Resolución da Presidencia nº 16702 do 30 de xullo de 2015 e modificada por Resolución da Presidencia número 19273 do 9 de setembro de 2015:

**“RESOLUCIÓN POLA QUE SE MODIFICA A COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DESIGNADA POR RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA Nº 16702 DO 30/07/2015**

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Antecedentes

1º) Mediante Resolución da Presidencia nº 16702 do 30/07/2015 aprobouse a composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña respecto dos procedementos de contratación abertos e restrinxidos e dos procedementos negociados con publicidade a que se refire o artigo 177.1 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público.

2º) A composición da Mesa de Contratación modificouse mediante Resolución da Presidencia nº 19273 do 09/09/2015 e foi ratificada polo Pleno na sesión do 11 de setembro de 2015.

3º) Visto o escrito do Grupo Provincial Popular no que se nomea como deputada suplente na Mesa de Contratación da Deputación da Coruña a dona Susana García Gómez,

RESOLVO:

1º) Modificar a composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña respecto dos procedementos de contratación abertos e restrinxidos e dos procedementos negociados con publicidade a que se refire o artigo 177.1 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público, de maneira que a composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña queda integrada polas seguintes persoas:

	TITULARES	SUPLENTES
PRESIDENTE	Deputado provincial (Grupo Bloque Nacionalista Galego, BNG) <b>D. Xesús Manuel Soto Vivero</b>	Deputado provincial (Grupo Bloque Nacionalista Galego, BNG) <b>D. Manuel Muíño Espasandín</b>
VOGAIS	Deputado provincial (Grupo Partido Socialista Obrero Español, PSOE) <b>D. Bernardo Fernández Piñeiro</b>	Deputado provincial (Grupo Partido Socialista Obrero Español, PSOE) <b>D. Julio Sacristán de Diego</b>
	Deputada provincial (Grupo Partido Popular, PP) <b>Dª Mariel Padín Fernández</b>	Deputada provincial (Grupo Partido Popular, PP) <b>Dª Susana García Gómez</b>
	Deputado provincial (Grupo Compostela Aberta, CA) <b>D. Manuel Dios Diz</b>	-
	Deputado provincial (Grupo Alternativa dos Veciños, AV) <b>D. Angel García Seoane</b>	-
	Deputado provincial (Grupo Marea Atlántica, MA)	Deputada provincial (Grupo Marea Atlántica, MA)

	<b>D. Daniel Díaz Grandío</b>	<b>Dª Claudia Delso Carreira</b>
	Secretario Xeral (con funcións de asesoramento xurídico) <b>D. José Luis Almau Supervía</b>	Oficial Maior <b>Dª Mª Amparo C. Taboada Gil</b>
	Interventor Xeral <b>D. José Manuel Pardellas Rivera</b>	Interventor adxunto <b>D. Juan Bautista Suárez Ramos</b>
	Xefe do Servizo de Patrimonio e Contratación <b>D. Luis Jaime Rodríguez Fernández</b>	Xefa da Sección I de Patrimonio e Contratación <b>Dª María José Lauda Pan</b>
SECRETARIA CON VOZ E SEN VOTO	Oficial Maior <b>Dª Mª Amparo C. Taboada Gil</b>	Xefe do Servizo de Patrimonio e Contratación <b>D. Luis Jaime Rodríguez Fernández</b>

2º) Dar conta ao Pleno da Corporación para a súa ratificación.

3º) Dispoñer a publicación do presente acordo no Boletín Oficial de la Provincia, de conformidade co establecido no artigo 21.4 do Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.”

#### **15.-DACIÓN DE CONTAS DOS CONTRATOS MENORES REALIZADOS POLA DEPUTACIÓN NO PERÍODO DO 1 DE XANEIRO A 30 DE ABRIL DE 2016.**

Dáse conta ao Pleno dos contratos menores realizados pola Deputación no período do 1 de xaneiro a 30 de abril de 2016.



Conforme o disposto no artigo 8 da Lei 19/2013 de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, faise pública a relación de contratos menores adxudicados ou desertos por non presentar ofertas, durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro ao 31 de marzo de 2016

<b>A) CONTRATOS MENORES CON PUBLICACIÓN PREVIA NO PERFIL PARA PRESENTACIÓN ABERTA DE OFERTAS</b>						
<b>EXPEDIENTE</b>	<b>PRESUPUESTO DE LICITACION (IVE INCLUIDO)</b>	<b>PREZO ADXUDICACIÓN (IVE INCLUIDO)</b>	<b>ADXUDICATARIO</b>	<b>NIF</b>	<b>DATA ADXUDICACION</b>	<b>DATA PUBLICACION</b>
SERVIZOS DE TRANSPORTE DE VISITANTES AO MOSTEIRO DE CAAVEIRO DURANTE A SEMANA SANTA DO 2016	2.500,00 €	1.927,53 €	Hermanos Gabeiras, S.L	B15080708	18/03/2016	07/03/2016
SERVIZOS DE ATENCIÓN DE VISITANTES AO PAZO DE MARIÑÁN DURANTE A SEMANA SANTA DO 2016	1.386,00 €	1.062,14 €	Ilunion Cee Outsourcing, S.A.	A86098118	18/03/2016	07/03/2016
SERVIZOS DE TRATAMENTO E DESINSECTACIÓN DE CARUNCHO EN DETERMINADOS MOBLES E ESTANCIAS DO PAZO DE MARIÑÁN	14.144,90 €	12.589,96 €	Arumia, S.L	B15656580	11/01/2016	01/12/2015

<b>A) CONTRATOS MENORES CON PUBLICACIÓN PREVIA NO PERFIL PARA PRESENTACIÓN ABERTA DE OFERTAS</b>						
<b>EXPEDIENTE</b>	<b>PRESUPOSTO DE LICITACION (IVE INCLUIDO)</b>	<b>PREZO ADXUDICACIÓN (IVE INCLUIDO)</b>	<b>ADXUDICATARIO</b>	<b>NIF</b>	<b>DATA ADXUDICACION</b>	<b>DATA PUBLICACION</b>
SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL PARA O LABORATORIO DE RESTAURACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA. LOTE 1: PEQUENA MAQUINARIA E FERRAMENTAS	245,00 €	DESERTO				23/12/2015
SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL PARA O LABORATORIO DE RESTAURACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA. LOTE 2: EQUIPO DE PROTECCION INDIVIDUAL.	240,00 €	DESERTO				23/12/2015
SUMINISTRACIÓN DE MATERIAL PARA O LABORATORIO DE RESTAURACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA. LOTE 3: MATERIAL ESPECÍFICO DE RESTAURACIÓN	2.960,00 €	2.329,02 €	GARCÍA CARRASCAL AGAR AGAR 1, SL	B36794717	17/02/2016	23/12/2015

<b>A) CONTRATOS MENORES CON PUBLICACIÓN PREVIA NO PERFIL PARA PRESENTACIÓN ABERTA DE OFERTAS</b>						
<b>EXPEDIENTE</b>	<b>PRESUPOSTO DE LICITACION (IVE INCLUIDO)</b>	<b>PREZO ADXUDICACIÓN (IVE INCLUIDO)</b>	<b>ADXUDICATARIO</b>	<b>NIF</b>	<b>DATA ADXUDICACION</b>	<b>DATA PUBLICACION</b>
SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL PARA O LABORATORIO DE RESTAURACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA. LOTE 4: MATERIAL DE BELAS ARTES.	240,00 €	DESERTO				23/12/2015
SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL PARA O LABORATORIO DE RESTAURACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA. LOTE 5: FARMACIA/ORTOPEDIA	70,00 €	DESERTO				23/12/2015
OBRAS DE REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DO CRT NA DP 1706 PK 1+600 A 1+900 (CAMBRE)	30.360,32 €	19.418,46 €	CONSTRUCCIONES M. ESPÍÑO S.L.	B15592314	11/03/2016	25/02/2016

<b>B) CONTRATOS MENORES SEN PUBLICACIÓN PREVIA NO PERFIL</b>					
<b>EXPEDIENTE</b>	<b>PRESUPOSTO DE LICITACION (IVE INCLUIDO)</b>	<b>PREZO ADXUDICACIÓN (IVE INCLUIDO)</b>	<b>ADXUDICATARIO</b>	<b>NIF</b>	<b>DATA ADXUDICACION</b>
IMPRESIÓN E DISTRIBUCIÓN DUN ENCARTE DE TURISMO PROVINCIA DA CORUÑA NO XORNAL LA VOZ DE GALICIA O DÍA 20 DE XANEIRO DE 2016	11.468,10 €	11.468,10 €	La Voz de Galicia, S.A.	A15000649	21/01/2016
SERVIZO DE COMISARIADO I CONCURSO MUSICAL INFANTIL "QUERO CANTAR"	7.100,00 €	7.100,00 €	Xosé Antonio Formoso Lado	78794946M	11/02/2016
1 STAND PARA PARTICIPAR EN XANTAR, 17º SALÓN INTERNACIONAL DE TURISMO GASTRONÓMICO DE OURENSE, OS DÍAS 3 AO 7 DE FEBREIRO DE 2016	7.351,52 €	7.351,52 €	Fundación Feiras e exposicións de Ourense	G32164956	03/02/2016
ADQUISICIÓN DE 200 EXEMPLARES DE CADA UN DOS LIBROS TITULADOS "O ABECEDARIO" E "AS AVES" Á MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	2.000,00 €	2.000,00 €	Mesa pola Normalización Lingüística	G15154610	22/02/2016
SUBMINISTRACIÓN DE 200 EXEMPLARES DO LIBRO "MACHISMOS: DE MICRO NADA (FIADEIRAS)	2.017,60 €	2.017,60 €	Rodríguez López y Otros, S.C.	J15409451	28/03/2016
SUBMINISTRACIÓN DUN LOTE DE LIBROS DE MANUEL MARÍA	18.630,87 €	18.630,87 €	Fundación Manuel María de Estudos Galegos	G70109376	15/03/2016
SUBSCRIPCIÓN Á REVISTA "OBSERVATORIO LOCAL: IDEAS GLOBALES PARA EL GOBIERNO LOCAL" PARA A DEPUTACIÓN E CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA	5.041,98 €	5.041,98 €	Observatorio de las Ideas S.L	B65855868	21/03/2016

<b>B) CONTRATOS MENORES SEN PUBLICACIÓN PREVIA NO PERFIL</b>					
<b>EXPEDIENTE</b>	<b>PRESUPOSTO DE LICITACION (IVE INCLUIDO)</b>	<b>PREZO ADXUDICACIÓN (IVE INCLUIDO)</b>	<b>ADXUDICATARIO</b>	<b>NIF</b>	<b>DATA ADXUDICACION</b>
SERVIZO DE DIFUSIÓN DAS ACTIVIDADES E INVESTIMENTOS DESENVOLVIDOS EN DIFERENTES ÁMBITOS COMPETENCIAIS POLA DEPUTACIÓN DA CORUÑA NOS MUNICIPIOS DA PROVINCIA E RESALTAR O POTENCIAL ECONÓMICO ETURÍSTICO DESTES NO PROGRAMA DE RADIO SER RADIO GALICIA	13.000,00 €	13.000,00 €	Sociedad Española de Radiodifusión, S.L	B28016970	15/03/2016
SERVIZO DE DIFUSIÓN DAS ACTIVIDADES E INVESTIMENTOS DESENVOLVIDOS EN DIFERENTES ÁMBITOS COMPETENCIAIS POLA DEPUTACIÓN DA CORUÑA NOS MUNICIPIOS DA PROVINCIA E RESALTAR O POTENCIAL ECONÓMICO E TURÍSTICO DESTES NA CADEA DE EMISORAS ONDA CERO RADIO	12.500,00 €	12.500,00 €	Uniprex, S.A.U. (Onda Cero Radio)	A28782936	14/03/2016
SERVIZO DE DIFUSIÓN DAS ACTIVIDADES E INVESTIMENTOS DESENVOLVIDOS EN DIFERENTES ÁMBITOS COMPETENCIAIS POLA DEPUTACIÓN DA CORUÑA NA COMARCA DO BARBANZA E RESALTAR O POTENCIAL ECONÓMICO E TURÍSTICO DESTA NA CADEA "CANAL RÍAS BAIXAS"	8.001,00 €	8.001,00 €	Televisión da Mancomunidade do Salnés, S.L	B36223600	14/03/2016

<b>B) CONTRATOS MENORES SEN PUBLICACIÓN PREVIA NO PERFIL</b>					
<b>EXPEDIENTE</b>	<b>PRESUPOSTO DE LICITACION (IVE INCLUIDO)</b>	<b>PREZO ADXUDICACIÓN (IVE INCLUIDO)</b>	<b>ADXUDICATARIO</b>	<b>NIF</b>	<b>DATA ADXUDICACION</b>
SERVIZO DE DIFUSIÓN DAS ACTIVIDADES E INVESTIMENTOS DESENVOLVIDOS EN DIFERENTES ÁMBITOS COMPETENCIAIS POLA DEPUTACIÓN DA CORUÑA NAS COMARCAS DE FERROL E ORTEGAL E RESALTAR O POTENCIAL ECONÓMICO E TURÍSTICO DESTAS NA CADEA CANAL 31 FERROL TV	20.000,00 €	20.000,00 €	Agencia Audiovisual Gallega de Comunicación, S.L	B15927429	14/03/2016
SERVIZO DE DIFUSIÓN DAS ACTIVIDADES E INVESTIMENTOS DESENVOLVIDOS EN DIFERENTES ÁMBITOS COMPETENCIAIS POLA DEPUTACIÓN DA CORUÑA NA CADEA V TELEVISIÓN	12.000,00 €	12.000,00 €	Medios Digitales de Galicia, S.A.U. (V Televisión)	A70045968	14/03/2016
SERVIZO XERAL DE INFORMACIÓN SOBRE ACONTECEMENTOS A NIVEL LOCAL, PROVINCIAL, AUTONÓMICO E NACIONAL DE NOTICIAS E UN SERVIZO DE ALERTAS A TRAVÉS DA AXENCIA EFE	10.505,00 €	10.505,00 €	Agencia EFE, S.A.	A28028744	14/03/2016
SERVIZO XERAL DE INFORMACIÓN SOBRE ACONTECEMENTOS A NIVEL LOCAL, PROVINCIAL, AUTONÓMICO E NACIONAL DE NOTICIAS E SERVIZO DE ALERTAS A TRAVÉS DA AXENCIA DE NOTICIAS EUROPA PRESS	11.000,00 €	11.000,00 €	Europa Press Delegaciones, S.A	A41606534	14/03/2016

<b>B) CONTRATOS MENORES SEN PUBLICACIÓN PREVIA NO PERFIL</b>					
<b>EXPEDIENTE</b>	<b>PRESUPOSTO DE LICITACION (IVE INCLUIDO)</b>	<b>PREZO ADXUDICACIÓN (IVE INCLUIDO)</b>	<b>ADXUDICATARIO</b>	<b>NIF</b>	<b>DATA ADXUDICACION</b>
SERVIZO CONSISTENTE NA REPARACIÓN DE ORTOSTATOS NA RÉPLICA DO DOLMEN DE DOMBATE	14.459,50 €	14.459,50 €	Fernando Palacio Edreira (Armadillo Taller)	32785461L	11/02/2016
ADQUISICIÓN DE 100 EXEMPLARES DO LIBRO "FIN DA TERRA COSTA DA MORTE	1.456,00 €	1.456,00 €	Natalia Lelenco	Y1581444R	28/03/2016
ADQUISICIÓN DE DIVERSO MATERIAL BIBLIOGRÁFICO E DISCOGRÁFICO EDITADO POR aCENTRAL FOLQUE, CENTRO GALEGO DE MÚSICA POPULAR	5.260,00 €	5.260,00 €	Noente Paradise S.L. (aCentral Folque, Centro Galego de Música Popular)	B70218920	28/03/2016
ALUGUER DUN LOCAL DA SEDE DE COSITAL A CORUÑA PARA FORMACIÓN A CONCELLOS DENTRO DO PROXECTO DO NOVO PADRÓN MUNICIPAL PARA OS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA.	4.844,16 €	4.844,16 €	Colexio Oficial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local da Provincia da Coruña (COSITAL A Coruña)	Q1566007I	04/02/2016
REALIZACIÓN DE CATRO OBRADOIROS NA BIBLIOTECA PARA A CELEBRACIÓN DOS DÍAS DE ENTROIDO, DÍA DO LIBRO INFANTIL, DÍA DO LIBRO E DÍA DAS LETRAS GALEGAS	800,00 €	800,00 €	Ángeles Galán González	32413744M	12/02/2016
CAMBIO DE VERSIÓN DE SISTEMA OPERATIVO DA BASE DE DATOS UNIVERSE	5.730,56 €	5.730,56 €	VMARK SOFTWARE ESPAÑA, S.A	A81976714	31/03/2016

Conforme o disposto no artigo 8 DA Lei 19/2013 de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, faise pública a relación de contratos menores adxudicados ou desertos por non presentar ofertas, durante o mes de abril de 2016

<b>A) CONTRATOS MENORES CON PUBLICACIÓN PREVIA NO PERFIL PARA PRESENTACIÓN ABERTA DE OFERTAS</b>						
<b>EXPEDIENTE</b>	<b>PRESUPOSTO DE LICITACION (IVE INCLUIDO)</b>	<b>PREZO ADXUDICACIÓN (IVE INCLUIDO)</b>	<b>ADXUDICATARIO</b>	<b>NIF</b>	<b>DATA ADXUDICACION</b>	<b>DATA PUBLICACION</b>
SERVIZOS PARA A TOMA DE DATOS, LEVANTAMENTO E DELINEACIÓN DE INSTALACIÓNS EN EDIFICIOS PROPIEDAD DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PCO.001.2015.00386	18.997,00€	9.226,25€	ROSA MARÍA GRANADOS HILERA	01178902Z	29/04/2016	26/11/2015
CONTRATACIÓN DAS TAREFAS DE ACOMPAÑAMENTO NAS IMPLANTACIÓNS SOBRE A PLATAFORMA AL-SIGM (SISTEMA INTEGRADO DE XESTIÓN MUNICIPAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PCO.001.2016.00130	21.641,94€	21.252,38€	INDRA SISTEMAS S. A.	A28599033	15/04/2016	18/03/2016
SERVIZOS DE APOIO Á MIGRACIÓN DO SISTEMA DE PADRÓN MUNICIPAL DOS CONCELLOS DE FENE E MIÑO PCO.001.2015.00512	5.445,00€	5.203,00€	ALTIA CONSULTORES S. A.	A15456585	12/04/2016	18/03/2016
SERVIZOS DE TRANSPORTE NOS DÍAS 8 E 12 DE ABRIL DE 2016 PCO.001.2016.00186	1.000,00€	948,53€	AUTOS CAL PITA S. A.	A15009939	07/04/2016	06/04/2016



<b>A) CONTRATOS MENORES CON PUBLICACIÓN PREVIA NO PERFIL PARA PRESENTACIÓN ABERTA DE OFERTAS</b>						
<b>EXPEDIENTE</b>	<b>PRESUPOSTO DE LICITACION (IVE INCLUIDO)</b>	<b>PREZO ADXUDICACIÓN (IVE INCLUIDO)</b>	<b>ADXUDICATARIO</b>	<b>NIF</b>	<b>DATA ADXUDICACION</b>	<b>DATA PUBLICACION</b>
SUBMINISTRACION DE PAPEL HIXIÉNICO PARA A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	1.000,00€	961,80€	ROYAL MAYLINE S.L.	B15133259	18/04/2016	15/04/2016
SUBMINISTRACIÓN DE TISSUES SECAMANOS PARA A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	1.000,00€	978,65€	ROYAL MAYLINE S.L.	B15133259	18/04/2016	15/04/2016
SUBMINISTRACIÓN DE XABÓN LÍQUIDO PARA A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	200,00€	154,64€	ROYAL MAYLINE S.L.	B15133259	18/04/2016	15/04/2016
SUBMINISTRACIÓN DE 150 LITROS DE GASOLINA SEN PLOMO DE 95 OCTANOS	200,00€	DESERTO	Non se presentaron ofertas e adxudicouse á empresa JOANMI,S.A.	A15147523	27/04/2016	22/04/2016
SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE COMUNICACIÓN PARA A OFICINA EUROPE DIRECT PCO.001.2016.00198	605,00€	441,65€	GRÁFICAS MERA, S.L.	B15237308	29/04/2016	25/04/2016
SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE PROMOCIÓN (GLOBOS, CHAPAS, USB) PARA A OFICINA EUROPE DIRECT PCO.001.2016.00199	1.500,00€	1.436,42€	EDICIONES Y PRODUCCIONES EMPRESARIALES, S.A.	A36751287	27/04/2016	25/04/2016

<b>B) CONTRATOS MENORES SEN PUBLICACIÓN PREVIA NO PERFIL</b>					
<b>EXPEDIENTE</b>	<b>PRESUPOSTO DE LICITACIÓN (IVE INCLUIDO)</b>	<b>PREZO ADXUDICACIÓN (IVE INCLUIDO)</b>	<b>ADXUDICATARIO</b>	<b>NIF</b>	<b>DATA ADXUDICACIÓN</b>
CONTRATACION DE SEIS REPRESENTACIONES DO ESPECTÁCULO "PAVILLÓN LINO" NOS CONCELLOS DE AMES, RIANXO, SAN SADURNIÑO, ARZUA, ORDES E PONTEDEUME PCO.001.2016.00120	6.600,00€	6.600,00€	CARAMUXO TEATRO	J70100490	02/04/2016
CONTRATACION DA OBRA "O PODER DO ARCABUZ" NOS CONCELLOS DE BETANZOS E MOECHE PCO.001.2016.00119	21.417,00€	21.417,00€	QUIQUE PEÓN CIA (HENRIQUE PEÓN MOSTEIRO)	32769589V	05/04/2016
CONTRATACIÓN DOS ESPECTÁCULOS "ANTIEDIPO E OXIMORICA" PCO.001.2016.00145	21.538,00€	21.538,00€	JAVIER FERNÁNDEZ MARTÍN	46897446D	06/04/2016
SERVIZO DE DIFUSIÓN DAS ACTIVIDADES E INVESTIMENTOS DESENVOLVIDOS EN DIFERENTES AMBITOS COMPETENCIAIS POLA DEPUTACIÓN DA CORUÑA NOS MUNICIPIOS DA PROVINCIA E RESALTAR O POTENCIAL ECONÓMICO E TURÍSTICO DESTES NA EMISORA RADIO LIDER PCO.001.2016.00104	14.080,00€	14.080,00€	MEDIOS AUTONÓMICOS DE RADIODIFUSIÓN GALLEGOS,SL	B15618465	16/04/2016
CONTRATACIÓN DA PARTICIPACIÓN DA DEPUTACION DA CORUÑA NA 15ª EXPOSICION INTERNACIONAL DE ARQUITECTURA DA BIENAL DE VENEZIA PCO.001.2016.00046	18.000,00€	18.000,00€	CREUS E CARRASCO ARQUITECTOS S.L.P	B70019310	25/04/2016
CONTRATACIÓN DA PARTICIPACIÓN NA 5ª EDICIÓN DE @ECOMEVENTS, CONGRESO DE GASTRONOMIA E COMUNICACIÓN 2.0 NO HOTEL FINISTERRE CORUÑA OS DIAS 28 E 29 DE ABRIL PCO.001.2016.00206	3.025,00€	3.025,00€	OCEANO AZUL COMUNICACIÓN S.L.	B70443569	28/04/2016

**16.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E A ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL ABERTO CARBALLO PARA FINANCIAR O PROXECTO “PROMOCIÓN E DINAMIZACIÓN DO CENTRO COMERCIAL CARBALLO ABERTO”.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 10 de maio de 2016.

2.- Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal de gasto, de conformidade co establecido no artigo 176 do Texto refundido da lei de facendas locais.

3.- Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación e a ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL ABERTO CARBALLO para financiar o proxecto “Promoción e Dinamización do Centro Comercial Carballo Aberto con una achega provincial de 34.562,36 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0510/431.4/481, que representa un coeficiente de financiamento do 79,66% con respecto a un orzamento de 43.387,10 euros.

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E A ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL ABERTO CARBALLO PARA FINANCIAR O PROXECTO “PROMOCIÓN E DINAMIZACIÓN DO CENTRO COMERCIAL CARBALLO ABERTO”**

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL ABERTO CARBALLO

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Señor D. Valentín González Formoso, como presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte Dona M<sup>a</sup> Carmen Freire Areosa, con DNI núm. 76334057-R, en representación da ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL ABERTO CARBALLO

1. Que a Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL ABERTO CARBALLO consideran de grande interese para a provincia A actividade agora subvencionada “*Promoción e Dinamización do*

*Centro Comercial Carballo Aberto*” xa que pretende lograr a través da dinamización do comercio a revitalización do sector do comercio a creación de emprego estable, principalmente feminino. A ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL ABERTO CARBALLO estase consolidando como aglutinador e defensor dos intereses do comercio local, centrando o seu traballo na formación, información, promoción e fidelización. A ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL ABERTO CARBALLO centra o seu esforzo en promover e organizar variedade de accións ou actividades que manteñen vivo o comercio e o fan atractivo para o público que inclúe toda a poboación da Costa da Morte a través tamén das feiras dominicais, doutras localidades máis distantes.

2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL ABERTO CARBALLO, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL ABERTO CARBALLO CIF G15852148, para o financiamento do proxecto “*Promoción e Dinamización do Centro Comercial Carballo Aberto*”.

### II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR

A ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL ABERTO CARBALLO levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO GASTOS	IMPORTE
<b>GASTOS DE PERSOAL:</b>	
<b>50% soldos e salarios</b>	5.141,64 €
<b>50% SS. SS. Xerente</b>	2.486,31 €
TOTAL GASTOS DE PERSOAL	<b>7.627,95 €</b>
<b>CAMPAÑA DE VERÁN:</b>	
<b>Impresión de papeletas</b>	582,00 €
<b>Premios</b>	2.000,00 €
<b>Coche clásico consumo premio</b>	450,00 €
TOTAL	<b>3.032, 00 €</b>
<b>CAMPAÑA DE VOLTA AO COLE:</b>	
<b>Papeletas participación</b>	290,00 €
<b>Premio</b>	1.000,00 €
TOTAL	<b>1.290,00 €</b>
<b>CAMPAÑA DE NADAL:</b>	
<b>Papeletas participación</b>	650 €
<b>Premios campaña</b>	2.000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>2.650,00 €</b>
<b>CASTING E DESFILE DE MODA:</b>	

<b>Carteis</b>	744,15 €
<b>Publicidade</b>	2.500,00 €
<b>Carpa</b>	4.000,00 €
<b>Vestiaros</b>	950,00 €
<b>Moqueta pasarela</b>	726,00 €
<b>Cinta moqueta</b>	150,00 €
<b>Aluguer cadeiras</b>	420,00 €
<b>Servizo de seguridade</b>	370,00 €
<b>Imaxe e son</b>	5.566,00 €
<b>Carpintería escenario</b>	769,00 €
<b>Decoración escenario</b>	456,00 €
<b>Lonas</b>	236,00 €
<b>Electricidade</b>	1.500,00 €
<b>Persoal de apoio</b>	2.900,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>21.287,15 €</b>
<b>EDICIÓNS DE BOLSAS:</b>	
<b>Reparto de bolsas CCA</b>	7.500,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>7.500,00 €</b>
<b>TOTAL PROMOCIÓN COMERCIAL E FIDELIZACIÓN</b>	<b>35.759,15 €</b>
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>43.387,10 €</b>

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 34.562,36 o que representa unha porcentaxe do 79,66%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,66 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4314/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL ABERTO CARBALLO obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL ABERTO CARBALLO. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL ABERTO CARBALLO, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL ABERTO CARBALLO deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL ABERTO CARBALLO tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL ABERTO CARBALLO.

#### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL ABERTO CARBALLO, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL ABERTO CARBALLO, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como

xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL ABERTO CARBALLO deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

## **VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, realizaranse entre o 1 de xuño de 2015 ata o 31 de xaneiro de 2016.
2. Unha vez rematadas as actividades, a ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL ABERTO CARBALLO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL ABERTO CARBALLO para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL ABERTO CARBALLO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL ABERTO CARBALLO na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL ABERTO CARBALLO terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. A ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL ABERTO CARBALLO deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinará esta de oficio.

## **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL ABERTO CARBALLO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL ABERTO CARBALLO deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL ABERTO CARBALLO poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL ABERTO CARBALLO queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.



## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL ABERTO CARBALLO serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL ABERTO CARBALLO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día **1 de xuño de 2015 ata o 31 de xaneiro do ano 2016**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de outubro do ano 2016**.

2. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha Comisión de Seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL ABERTO CARBALLO, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_ do día \_\_\_ de \_\_\_ de \_\_\_\_\_. E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

Valentín González Formoso”

O representante da entidade  
ASOCIACIÓN CENTRO  
COMERCIAL ABERTO  
CARBALLO

## 17.-APROBACIÓN PROVISIONAL DA TERCEIRA E ÚLTIMA RELACIÓN DE OBRAS INCLUÍDAS NA TERCEIRA FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS DA ANUALIDADE 2015, CORRESPONDENTE AO CONCELLO DE FERROL.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Visto o expediente da terceira fase do Plan de travesías da anualidade 2015, aprobado inicialmente por acordo plenario da Deputación do día 8 de outubro do 2015, no marco das “*Bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se incluírán nas distintas fases do Plan de travesías 2012-2015*”, que se publicaron no Boletín Oficial da Provincia nº 217 do 14 de novembro do 2012, que incluía aos concellos de Ferrol, Frades, A Laracha e O Pino

Visto o acordo plenario provincial do día 30 de decembro do 2015 de aprobación provisional dos proxectos das obras dos concellos de Frades e O Pino, dentro da primeira relación de obras incluídas na terceira fase do Plan de travesías da anualidade 2015 e a Resolución do Presidente da Deputación Provincial da Coruña, número 7233 do 2/04/2016 relativa á súa aprobación definitiva, unha vez que transcorreu o prazo de 10 días de exposición pública desde a publicación do acordo plenario provincial de aprobación provisional dos citados proxectos no Boletín Oficial da Provincia (BOP), sen que se presentara ningunha reclamación.

Visto o acordo plenario provincial do día 29 de xaneiro do 2016 de aprobación provisional do proxecto da obra do Concello da Laracha, dentro da segunda relación de obras incluídas na terceira fase do Plan de travesías da anualidade 2015 e a Resolución do Presidente da Deputación Provincial da Coruña, número 7232 do 2/04/2016, relativa á súa aprobación definitiva, unha vez que transcorreu o prazo de 10 días de exposición pública desde a publicación do acordo plenario provincial de aprobación provisional do citado proxecto no Boletín Oficial da Provincia (BOP), sen que se presentara ningunha reclamación

Vista a documentación presentada dentro do prazo establecido polo Concello de Ferrol, relativa á non dispoñibilidade dos terreos e a aprobación do proxecto, de conformidade coas bases e compromisos de aceptación da entrega das obras.

Tendo en conta que é necesario iniciar un expediente de expropiación para a execución das obras contidas no proxecto técnico da obra

1.- Aprobar provisionalmente a terceira e última relación de obras incluídas na terceira fase do Plan de travesías da anualidade 2015, na que se inclúe a seguinte obra do Concello de Ferrol:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO DEPUTACIÓN FP (0410/4533/60900)	VALOR DE EXPROPIACIÓN (0620/4531/600)
2015.1130.0005.0	Travesía DP 3604 San Xoán de Filgueira a Catabois PK 0,900 ao PK 1,801 (Ferrol)	Ferrol	797.756,42	37.484,66

Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución das obras.

O financiamento desta obra incluída no Plan realizarase con cargo á partida 0410/4533/60900 do vixente orzamento provincial.

2.- Expoñer ao público a aprobación provisional da terceira relación das obras incluídas na terceira fase do Plan de travesías da anualidade 2015, integrada polo proxecto do Concello de Ferrol, polo prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobada se non houbera reclamación ningunha.”

### **18.-APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2016, TERCEIRA FASE.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar o Plan de conservación de vías provinciais 2016, terceira fase, integrado polas obras que se relacionan a continuación, con indicación da súa denominación e orzamento:

<b>CÓDIGO</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>CONCELLOS</b>	<b>ORZAMENTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS)</b>
16.1100.0035.0	DP 2204.- Reparación beirarrúas na Avda. Zumalacarregui (Cedeira)	Cedeira	13.473,93
16.1100.0036.0	Microaglomerado en frío na DP 4401 da estrada Ortigueira-As Pontes ao Barqueiro PK 14,360 ao 25,200 (Mañón)	Mañón	240.269,69
16.1100.0037.0	Mellora da seguridade vial nas estradas DP 5805 e DP 5810 (Oleiros)	Oleiros	85.072,09
<b>TOTAL</b>			<b>338.815,71</b>

O financiamento destes proxectos realizarase utilizando o nivel de vinculación xurídica na aplicación orzamentaria 0410/4531/61900 do vixente orzamento provincial para o exercicio 2016.

2- Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días hábiles poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorreu o citado prazo sen que se presentara ningunha alegación.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos

nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe.”

### **19.-APROBACIÓN DO PLAN DE SENDAS PEONÍS 2016, SEGUNDA FASE.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar o Plan de sendas peonís 2016, segunda fase, integrado polas obras que se indica a continuación, co detalle da súa denominación e presuposto:

<b>CÓDIGO</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>CONCELLO</b>	<b>PRESUPOSTO</b>
16.1170.0002.0	Sendas peonís en Meirama e Acebedo (Cerceda) -DP 2405 e DP 2403	Cerceda	217.533,42
16.1170.0003.0	Senda peonil na DP 2904 Coristanco a Santa Comba PK 11,460 ao PK 12,185 (Santa Comba)	Santa Comba	188.954,63
<b>TOTAL</b>			<b>406.488,05</b>

O financiamento dos proxectos incluídos neste Plan realizarase na súa totalidade con cargo á partida 0410/4535/60900 do vixente presuposto provincial para o exercicio 2016.

2.- Dispoñer a exposición pública do Plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días hábiles poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o citado prazo sen que se presente ningunha alegación.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe.”

### **20.-APROBACIÓN DO PLAN DE INVESTIMENTOS DE VÍAS PROVINCIAIS 2016, PRIMEIRA FASE.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar o Plan de investimento de vías provinciais 2016, primeira fase, integrado polas obras que se indican a continuación, co detalle da súa denominación e orzamento:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS)
16.1110.0001.0	Mellora da intersección na estrada DP 7003, de Medoñas a Ponte Souto, na PK 0,100 (As Pontes)	As Pontes	45.608,52
16.1110.0002.0	Pavimentación con M.A.C.na DP 3902 da estrada Betanzos-Límite a Cernadas por A Viña, PK 3,380 ao PK 6,720 (Irixoa)	Irixoa	276.663,03
<b>TOTAL</b>			<b>322.271,55</b>

O financiamento destes proxectos realizarase na súa totalidade con cargo á partida 0410/4531/60900 do vixente presuposto provincial para o exercicio 2016.

2.- Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días hábiles poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorreu o citado prazo sen que se presentara ningunha alegación.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe.”

## **21.-APROBACIÓN DAS BASES DO PLAN DE MEDIO AMBIENTE 2016 (PMA-2016).**

Sr. secretario

Aquí hai unha emenda de adición presentada polo presidente da comisión, na base 5ª, e punto 2 do anexo I, no senso de que a base 5ª onde di “No mesmo acordo indicárase expresamente que a entidade conta coa dispoñibilidade de terreos coas autorizacións necesarias para o caso de execución de obras”, engade ademais, “ou que xa as solicitou antes do remate do prazo de presentación da solicitude deste plan, xuntando os correspondentes documentos”.

E a adición no punto 2 do anexo I é coherente con esta modificación da base quinta.

Procede votar, primeiro no seu caso a emenda e despois o ditame coa emenda se se aproba.

Vótase a emenda que é aprobada por unanimidade.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Bo día, moitas grazas presidente. Antes de proceder á votación deste punto gustaríame facer algunha reflexión respecto deste expediente, que foi, se non teño mal os datos, tratado nunha primeira comisión no mes de abril, e logo despois na Comisión do mes de maio, e desde o Grupo Provincial Popular temos que amosar o noso malestar ao respecto do sistema de decisión por parte do Grupo de goberno en relación con este Plan de medio ambiente.

A verdade é que temos que deixar constancia da falta de vontade clara de negociación por parte do Grupo de goberno respecto dos criterios de reparto deste plan. É significativo que o Goberno de xeito unilateral decidiu modificar, podería ter utilizado os criterios do POS, pero decidiu de xeito, insisto, unilateral, ou polo menos sen falar con este Grupo maioritario, utilizar outros criterios. É certo que son parecidos pero non son os mesmos, a cota fixa pasa do 10 no POS ao 33% no Plan de medio ambiente, o esforzo fiscal sobe do 5 ao 20%, o número de parroquias está no 14% fronte ao 15, e logo os criterios de poboación e de superficie do POS pasan a ser un novo criterio de densidade de poboación.

A verdade é que falando co responsable da Comisión dixo que tentou facer diferentes esforzos para primar as cuestións medioambientais, pero a verdade é que cremos que ese esforzo probablemente non estea o obxectivo alcanzado ao cen por cento, é certo que hai concellos rurais, concellos de moita superficie, que co criterio do Plan de medio ambiente acadan cantidades significativamente maiores que concellos de máis poboación, pero tamén cunha superficie menor, pero tamén é certo que podemos analizar concellos que contan con parques naturais, con Rede Natura, con moita rede de camiños rurais, que probablemente poderían tamén ser merecentes de acadar cifras moito maiores, e que o resultado é moitísimo menos que o criterio ou as cantidades que obterían aplicando criterios POS.

Nós cremos que esta forma de actuar a feitos consumados non é a mellor forma de facer provincia e de intentar atopar acordos, polo tanto, nós o que demandamos ao respecto deste plan é que, desde a Presidencia, cara ao futuro, se estableza algún tipo de marco de negociación, podería ser perfectamente na Xunta de Portavoces, para falar a priori dos criterios dos diferentes plans, para compartir todos os Grupos as diferentes hipóteses, para compartir as diferentes posibilidades e os diferentes repartos, é evidente que os repartos nunca contentarán ao cen por cento dos concellos, pero en todo caso, creo que nós, desde a nosa condición de deputados provinciais, o que deberíamos é de estar atentos a que o reparto responda o mellor posible ao interese global da provincia. Cremos tamén desde o noso Grupo que ese criterio, plans coma este, deberían estar dedicados exclusivamente a concellos de menos de 20.000 habitantes. Escoitamos do Grupo de Goberno defender con moita intensidade que a Deputación debería de centrarse neses concellos, eu precisamente non son deputado provincial pertencente a un concello de menos de 20.000 habitantes, pero creo sinceramente que a Deputación debería dalgún xeito primar eses concellos máis rurais.

Polo tanto, deixando constancia dese parecer deste Grupo e manifestando o noso malestar, reiterando o noso malestar pola falta de negociación, en todo caso dicir que nós imos votar favorablemente.

### Sr. Díaz Grandío

Desculpade porque igual tería que pedir a palabra antes do voceiro do Partido Popular. Unha intervención moi breve sobre este tema e o primeiro agradecer a Área de Medio Ambiente o traballo realizado xa que desde este Grupo provincial cremos que este é un plan completo, ambicioso e innovador, un plan que, efectivamente, pon a Deputación, fai que se incorpore con forza á loita contra o cambio climático desde as institucións, algo que defendemos. Un plan que incorpora cuestións que por sorte vanse incorporando tamén aos poucos as institucións, como cuestións que teñen que ver co respecto polo benestar animal ou investimento en programas didácticos.

Neste sentido trasladamos o noso agradecemento ao Servizo de Medio Ambiente da Deputación e anunciamos tamén o noso voto a favor, pero gustaríanos chamar a atención un pouco sobre os criterios. Entendemos que esta casa ten que mirar, efectivamente, polos concellos pequenos, pero teñamos presente tamén algunhas cifras que cremos tamén relevantes segundo datos extraídos da propia base de datos territorial da enquisa de infraestruturas e equipamentos locais da Deputación, poñer de relevancia que tamén as grandes cidades contan cun número de metros cadrados de zonas verdes ou zonas protexidas, que son en moitos casos relevantes. No caso da Coruña conta con máis de dous millóns e medio de metros cadrados de zonas verdes ou zonas protexidas, o Concello de Santiago máis de 1.700.000 metros cadrados, ou o Concello de Ferrol con practicamente 800.000 metros cadrados de zonas verdes, e baixo o noso criterio deberíanse dar unha cobertura mínima tamén a estas grandes cidades. Insistimos que apoiamos o plan pero esperamos que tamén haxa algunha iniciativa nova en canto aos criterios de reparto. Grazas.

### Sr. Sacristán de Diego

Moitas grazas, presidente. Indicar que é un plan novo, que é importante que a Deputación se metera nos temas medioambientais, cremos que cunha achega importante aínda que insuficiente, consideramos que o tema medioambiental ten que ter aínda máis orzamento que o que aprobamos hoxe con cinco millóns de euros, é un paso adiante con respecto ao que se viña facendo moi importante, e ademais hai que dicir que é un plan que, efectivamente, non se consensuaron os criterios pero si é certo que é un plan que o resultado dos criterios aplicados a este plan dan un equilibrio moito mellor que o que se pode dar cos criterios POS, é dicir, que entre os concellos que máis teñen no plan a través do Plan de obras e servizos, que sería Carballo por exemplo, hai unha diferenza moi importante con respecto ao concello que menos acadaría, que sería Corcubión, de máis de 122.000 euros de diferenza, mentres que cos criterios que aplicamos neste Plan medioambiental a diferenza é só de 78.000, é dicir, é un plan que equilibra moito máis o resultado. Ben é certo que, efectivamente, favorece os concellos pequenos, é dicir, onde os concellos que menos recibimos somos aqueles que estamos preto de entre 20.000 e 200.000, por poñer o caso da cidade, pero se prima fundamentalmente aos concellos pequenos, e por que?, porque efectivamente, o que se trata é, entre outros obxectivos, loxicamente, é que os concellos poidan atender, por exemplo, a todo o que se trata de tratamento de biomasa, é dicir, que poidan previr os incendios. Moitos dos concellos pequenos o que se queixan é precisamente que non poden facer ese tratamento xa que as



subvencións da Xunta non chegan e ademais hai que pagar o 25%, mentres que neste plan, evidentemente se un concello quere tratar a biomasa, previr incendios, non ten que pagar absolutamente nada, non ten que achegar nada, pode formar a brigada sen ningún tipo de problema.

Polo tanto, cremos que fundamentalmente se benefician os concellos pequenos, e o di e o falo, e defendo este plan, un Concello que perde practicamente 70.000 euros, se aplicamos criterios POS, o Concello de Culleredo tería 600.000 euros máis con respecto a este plan, pero nós entendemos tamén que hai que ser solidarios e que, efectivamente, no POS saímos beneficiados e no Plan de medio ambiente saímos un pouco prexudicados. Tamén noutras actuacións saímos beneficiados, como nalgún convenio como o que acabamos de aprobar no día de hoxe respecto a discapacitados, pero loxicamente ao final do ano é cando hai que facer os números, realmente de se é equilibrado ou non o reparto que se fai na Deputación. Nós entendemos que efectivamente hai que acordar os criterios, e nese sentido faremos os esforzos necesarios para que cos criterios esteamos todos de acordo, pero o que hai que dicir é que, independentemente de que se negociaran eses criterios ou non, o resultado de aplicar os criterios que se aplican distintos ao POS dan un resultado moito máis equilibrado no reparto do diñeiro entre os concellos.

Por outra banda, dicir que os concellos do PP, 27 concellos soben, do PSOE só 15, e 8 baixan só do PP, e do PSOE baixan 15, é dicir, que as diferenzas, os criterios non son aplicados en función da cor política, senón que é o resultado dunhas operacións matemáticas que, evidentemente, dan o que dan, e nós non estamos en contra destes resultados, por que?, porque consideramos que se deberían de primar os concellos menores. E o resultado efectivamente é que se priman os concellos menores e, ademais, dáse un equilibrio. Polo tanto, creo que neste sentido, independentemente de que poidamos coincidir en que hai que negociar os criterios, e no próximo negociaranse, non hai que, digamos, desestimar o resultado que se obtén cos criterios que se aplican.

#### Sr. Hernández Fernández de Rojas

Simplemente por facer uso da quenda de réplica ao portavoz do Partido Socialista, como comprobou o portavoz do Grupo Socialista e o resto dos portavoces, este portavoz cando falou non fixo mención á cor política de ningún dos concellos no reparto do Plan de medio ambiente, vostede fíxoo. Nós o único que reclamamos foi a creación desa Comisión para falar dos criterios dos plans de futuro e para negociar, por tanto, valoramos positivamente que admitan esa creación dunha comisión, que creo que beneficiará ao conxunto da Corporación. En todo caso, de ser eses datos que vostede tivo a ben analizar, certos, probablemente sexa para equilibrar ese reparto inxusto no ámbito das instalacións deportivas. Moitas grazas.

#### Sr. Sacristán de Diego

É bo que fagamos un debate sobre o reparto das subvencións nas Comisións informativas, e logo damos os resultados no Pleno. No próximo Pleno, despois de estudar as Comisións Informativas cal foi o reparto das subvencións, non das subvencións de deportes, das subvencións en xeral, podemos establecer o debate que vostede queira neste Pleno, pero xa sabe positivamente que o reparto foi moi

xusto, bastante máis xusto do que viña sendo ata o de agora, e os números non menten, están aí.

## **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Aprobar as bases reguladoras do Plan provincial de Medio Ambiente (PMA) 2016, cuxo texto figura no anexo que se xunta.

2º) Condicionar a aprobación definitiva destas bases á existencia de crédito adecuado e suficiente nas partidas 0520/17221/76201 e 0520/17221/46201 do presuposto provincial para o exercicio 2016, xunto cos importes procedentes dos expedientes de modificación de créditos nº 1 e 2 de 2016.

## **ANEXO**

### **BASES REGULADORAS DO PLAN PROVINCIAL DE MEDIO AMBIENTE 2016 (PMA 2016)**

#### **1.- DENOMINACIÓN E APLICACIÓN ORZAMENTARIA**

O presente “**Plan provincial de Medio Ambiente (PMA) 2016**” é un plan propio da Deputación Provincial da Coruña para o exercicio 2016, que se elabora no marco do previsto no artigos 36.1.b) e d), en relación co disposto nos artigos 24 e 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, en colaboración cos concellos da provincia da Coruña.

O Plan finánciase cunha achega provincial na anualidade 2016 por importe de 5.000.000,00 €, ademais das achegas que voluntariamente realicen os concellos para completar o financiamento das actuacións previstas.

Nas partidas 0520/17221/76201 e 0520/17221/46201, do orzamento provincial para o exercicio 2016 consígnase a cantidade de 5.000.000,00 € para o financiamento do Plan.

#### **2.- FINALIDADE**

A finalidade do PMA 2016 é a mellora do entorno natural e a calidade ambiental da provincia da Coruña, apoiando o desenvolvemento nos concellos de políticas respectuosas co medio ambiente.

Para materializar esta finalidade, cada entidade beneficiaria poderá utilizar a cantidade que se lle asigne tendo en conta as seguintes porcentaxes:

- Un mínimo do 50 % a proxectos de investimentos.
- Un máximo dun 50 % a actividades.
- 

O prazo para a realización dos proxectos e actividades comprenderá dende o 01 de xaneiro de 2016 ata o 31 de decembro de 2016 con carácter xeral, excepto no caso de que a actuación fose obxecto de prórroga, segundo se indica na base 7.

## **A).- PROXECTOS DE INVESTIMENTO**

### **A.1.– Tipos de obras ou subministracións**

Neste Plan pódense incluír proxectos de investimento cuxo orzamento individual non sexa inferior a 15.000,00 €, excepto no caso indicado, e que estean relacionados con finalidades tales como as seguintes:

- Redacción de proxectos de investimento en materia de medio ambiente, cuxo importe exceda de 3.000,00€.
- Construción, substitución ou mellora de instalacións produtoras ou consumidoras de enerxía.
- Substitución ou melloras de sistemas de iluminación de espazos públicos, que redunden no aforro e na eficiencia enerxética, así como na redución da contaminación luminosa.
- Substitución, mellora ou adquisición de caldeiras e de elementos dos sistemas de climatización para mellorar a súa eficiencia.
- Obras de acondicionamento de edificios municipais para a mellora da súa xestión enerxética.
- Infraestruturas para a eliminación da contaminación acústica.
- Subministración de bens que redunden nunha mellora na xestión medioambiental.
- Recuperación ambiental de espazos degradados destinados ao uso público.
- Adquisición e instalación de colectores de recollida selectiva de residuos.
- Creación, adecuación e/ou mellora de zonas verdes de titularidade municipal (parques, xardíns, áreas verdes urbanas e periurbanas).
- Creación de hortos urbanos con fins de integración social.
- Acondicionamento de rutas de sendeirismo.
- Renovación e mellora das redes de abastecemento e saneamento.
- En xeral, aquelas obras ou investimentos cuxo obxectivo principal sexa a protección de medio ambiente.

### **A.2.– Proxectos e pregos de prescricións técnicas**

Os proxectos e pregos de prescricións técnicas deberanse presentar para todos os investimentos e subministracións incluídas na anualidade de 2016.

Cada obra ou subministración identificarase cun proxecto ou prego de prescricións técnicas, tendo en conta que non se poden incluír como actuacións independentes os orzamentos parciais do proxecto ou prego, e deberán estar asinados por técnico competente.

Os proxectos deben ser obras completas. Por iso, no caso de proxectos que teñan na súa denominación a indicación da realización dunha fase, parte, tramo, etc., debe figurar na memoria do proxecto que se trata dunha obra completa de acordo co establecido no artigo 86.3 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público (BOE n.º 276 do 16 de novembro), sempre que sexan susceptibles de utilización ou aproveitamento separado e constitúan unha unidade funcional, ou así o esixa a natureza do obxecto. Nestes casos, terase que achegar un informe técnico xustificativo desta circunstancia.

Non se admiten as denominacións xenéricas, debendo ser identificados con precisión e claridade, sen lugar a dúbidas, os investimentos que se integran no Plan.

A documentación que se debe achegar detállase a continuación:

### **A.2.1. – Obras**

No caso de obras, os proxectos técnicos deberán comprender, polo menos:

- a) Proxecto técnico: memoria, plan de conxunto e de detalle, orzamento detallado de execución, estudo xeotécnico, estudo de seguridade e saúde, declaración de obra completa e demais documentación preceptiva de acordo coas normas contractuais ou sectoriais de aplicación.
- b) Se se pretenden efectos retroactivos para a vixencia deberá xustificarse a dita circunstancia, sen que en ningún caso poidan incluírse gastos imputables a exercicios vencidos.
- c) Declaración doutras subvencións solicitadas ou obtidas para a mesma finalidade.

### **A.2.2 – Subministracións**

No caso de subministracións, os pregos de prescricións técnicas deberán incluír cando menos os seguintes documentos:

- a) Memoria xustificativa na que se indicará, polo menos, o obxecto e finalidade da subministración e o destino de interese público ao que se adscribirán os bens por un período mínimo de cinco anos.
- b) Orzamento total e detallado con indicación das fontes de financiamento previstas e do calendario de execución previsible. Se se distribúe en fases deberá identificarse o orzamento e as fontes de financiamento de cada unha delas.
- c) Prescricións técnicas que permitan a adecuada descrición dos bens que constitúen o obxecto da actuación.
- d) Declaración doutras subvencións solicitadas ou obtidas para a mesma finalidade.

### **A.3. – Disposición común a investimentos**

Os servizos técnicos provinciais supervisarán os proxectos técnicos nos que se requira e verificarán, nestes casos, a idoneidade da documentación achegada á que se fai referencia nos apartados A.2.1 e A.2.2. e informarán as solicitudes de prórroga ás que se acompañará a documentación solicitada nos apartados A.2.1 e A.2.2.

## **B).- PROXECTOS DE ACTIVIDADES**

### **B.1.- Actividades subvencionables**

No suposto de que o concello solicitante opte por destinar parte da cantidade asignada ao financiamento de actividades no ámbito do medio ambiente no exercicio 2016, poderanse incluír proxectos cun orzamento mínimo de 3.000,00 €, que estean relacionados con finalidades tales como as seguintes:

- Estudos de eficiencia enerxética.
- Estudos medioambientais e asistencia técnica.
- Realización de mapas de ruídos e control acústico.
- Campañas de limpeza de espazos comúns (áreas recreativas, ríos, rutas de sendeirismo, montes...).
- Campañas de sensibilización medioambiental.
- Formación de voluntariado ambiental.
- Cursos, xornadas e material divulgativo en relación coa reciclaxe, a separación de residuos, a conservación do medio natural, loita contra o cambio climático, etc.
- Servizos de recollida e coidado de animais abandonados.
- Campañas de desratización e eliminación de pragas.
- Eliminación de especies invasoras, tales como a “Herba das Pampas (Cortaderia Selloana)”, etc.
- Brigadas medioambientais.
- En xeral, aquelas cuxo obxectivo principal sexa a protección de medio ambiente.

### **B.2.- Documentación**

No caso de actividades, deberá presentarse a seguinte documentación por cada proxecto de actividade que se vaia realizar:

- a) Memoria e orzamento detallados das actividades que se vaian realizar e o seu calendario aprobado polo órgano competente.
- b) Acordo de aprobación da memoria, orzamento e solicitude da subvención adoptado polo órgano competente.
- c) O orzamento deberá recoller todos os elementos de gasto que implica a actividade co maior detalle posible:
  - Gastos de persoal directamente adscrito á actividade.
  - Gastos correntes en bens e servizos orixinados directamente pola actividade.
  - Bolsas (achegas económicas concedidas aos colaboradores das actividades medioambientais desenvolvidas polo concello).
- d) Declaración doutras subvencións solicitadas ou obtidas para a mesma finalidade.

## **C).- EXCLUSIÓNS**

Non serán obxecto de subvención neste plan as seguintes actuacións:

- Investimentos ou actividades que non se correspondan co obxecto específico da convocatoria.

- Actividades ou investimentos que xa estean subvencionados en calquera dos plans ou subvencións da deputación para o exercicio 2016 ou anteriores.

### **3.- DESTINATARIOS**

Os 93 concellos da provincia da Coruña.

### **4.- FINANCIAMENTO**

No financiamento deste Plan participarán a Deputación e as entidades locais solicitantes, conforme ás porcentaxes de cofinanciamento que se indican neste apartado.

Segundo se indica na base 1, nas partidas 0520/17221/76201 e 0520/17221/46201, do orzamento provincial para o exercicio 2016, xunto cos importes procedentes de expedientes de modificación de créditos de 2016, vaise consignar a cantidade de 5.000.000,00 €.

A cantidade que inicialmente se lle asigna a cada concello calcúlase mediante a aplicación á cantidade de 5.000.000,00 €, das seguintes variables ponderadas:

- 33% cota fixa (\*)
- 20% esforzo fiscal
- 14% número de parroquias
- 33% densidade de poboación (relación inversamente proporcional)

(\*) No caso do concello Oza-Cesuras duplicase este concepto (aplicación do art. 13.4 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local)

Ás asignacións resultantes sumarase, se fose o caso, o importe correspondente ás achegas que voluntariamente desexen realizar os concellos solicitantes.

Para cada investimento ou actividade solicitada deberase indicar individualizadamente a parte que se financia con cargo á Deputación e, no seu caso, a parte que voluntariamente achega o concello solicitante.

Terase en conta que, de conformidade co criterio de aplicación das baixas de licitación aprobado polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o día 25.09.1998, no caso de que haxa unha baixa de licitación na obra, a entidade local beneficiarase da máxima baixa posible. Isto quere dicir que se o concello realiza voluntariamente algunha achega, e se produce unha baixa de licitación, esta aplicarase en primeiro lugar a minorar a achega do concello beneficiario ata anulala, mantendo no posible a achega da Deputación.

### **5.- PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES**

Para presentar a solicitude de xeito telemático será imprescindible que dispoñan de sinatura electrónica o secretario e o alcalde/presidente para asinar a documentación achegada, e tamén a persoa designada como representante para o envío da solicitude ao rexistro telemático.

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase a partir do día seguinte da publicación no BOP e rematará ás 14.00 horas do día 15/07/2016.

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa enviada dentro do prazo establecido

A documentación que debe presentarse telematicamente é a que deseguido se indica:

\* **MEMORIA:** a memoria deberá conter como mínimo os seguintes aspectos:

a) Obxectivos que se han de alcanzar no período. Deberanse describir os obxectivos que se han de alcanzar durante o período do plan, tendo en conta, moi especialmente o aforro en materia enerxética e os obxectivos de concienciamento social que carreen as distintas actuacións.

b) Criterios de selección. Deberanse fixar con carácter obxectivo os criterios de selección dos investimentos e a distribución do seu financiamento.

c) Outras cuestións de interese. Deberanse recoller cantos aspectos de interese complementen a información anterior.

**\* CERTIFICADO DO ACORDO MUNICIPAL DE APROBACIÓN DO PMA BASE 2016 (ANEXO I)**

Certificación do acordo do órgano municipal competente (da entidade local solicitante), polo que se dispoña participar no presente plan, aceptar expresamente estas bases e solicitar á Deputación a aplicación do importe que se lle asignou dentro deste plan para a realización dos investimentos e actividades que se relacionan, coa indicación da súa denominación, orzamento e detalle do seu financiamento por axentes cofinanciadores, de xeito que se concrete o importe que se financia con cargo á achega provincial e o que se realiza con cargo á achega municipal voluntaria.

A entidade local solicitante deberá adoptar o compromiso firme de incluír no orzamento municipal crédito dabondo para o financiamento da achega municipal aos investimentos e actividades se voluntariamente existe esta achega.

No mesmo acordo indícarase expresamente que a entidade local conta coa dispoñibilidade dos terreos e/ou, no seu caso, coas autorizacións necesarias para o caso de execución de obras, ou que xa as solicitou antes do remate do prazo de presentación da solicitude deste Plan, xuntando os correspondentes documentos.

No acordo incluírase a declaración da entidade local de que non solicitou nin percibiu ningunha subvención específica ou finalista doutras administracións públicas para o financiamento destes gastos, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para o seu financiamento, deberá facilitar o seu detalle e a acreditación de que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Igualmente, no devandito acordo autorizarase á Deputación para que obteña as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade local está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

### **\* INFORME TÉCNICO (INVESTIMENTO-OBRAS) (ANEXO II)**

Informe técnico individual para cada un dos proxectos presentados, no que se indique expresamente o seguinte:

– A dispoñibilidade dos terreos, as autorizacións administrativas que se precisan para a súa execución, e outros aspectos de interese que deban terse en conta. Se non se necesita autorización ningunha deberá indicarse expresamente.

– Deberá indicarse se é preceptivo realizar a supervisión técnica do proxecto polo seu presuposto ou contido, de acordo co establecido no artigo 125 do citado texto refundido da Lei de contratos do sector público. No caso de ser preciso, deberá indicarse se o informe de supervisión vai ser realizado por conta do concello remitindo unha copia á Deputación, ou se solicita asistencia a esta Deputación para a súa realización ao abeiro da disposición adicional 2, apartado 12 do dito texto refundido da Lei de contratos do sector público.

– No caso de tratarse de fases, tramos, partes etc., neste mesmo informe técnico deberá xustificarse que se trata dunha obra susceptible de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 86 do texto refundido da Lei de contratos do sector público.

### **\* PROXECTOS TÉCNICOS E PREGOS DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS**

No seu caso, proxecto e pregos de prescricións técnicas de cada unha das obras, subministracións ou servizos do PMA 2016, co contido detallado no apartado A.2. da base 2.

No caso de actividades, incluírase a documentación detallada no apartado B.2. da base 2.

### **\* INFORME TÉCNICO-XURÍDICO SOBRE A DISPOÑIBILIDADE DOS TERREOS (ANEXO III)**

#### **INFORME TÉCNICO**

O persoal técnico detallará os terreos necesarios para a execución do investimento, podendo xuntar para estes efectos a documentación precisa.

#### **INFORME XURÍDICO**

A secretaría do concello acreditará que o propio concello conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a realización da obra ou obras incluídas no Plan.

## **6.– APROBACIÓN DO PLAN**

Á vista da documentación presentada, o Pleno da Deputación poderá aprobar un Plan partindo das solicitudes presentadas polas entidades locais, tanto no apartado de PMA-INVESTIMENTOS, como de PMA-ACTIVIDADES.



O Plan someterase a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que durante un prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións que se estimen oportunas, e será remitido a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais e da Subdelegación do Goberno. Ademais, remitirase para o seu coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local, de acordo co artigo 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia. Unha vez transcorridos os 10 días de exposición pública e dende a solicitude de informe sen que se presentaran alegacións nin se emitira o informe, poderanse proseguir os trámites.

## **7.- CONTRATACIÓN DAS OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS**

As entidades locais contratarán, no seu caso, os investimentos de acordo co Texto refundido da Lei de contratos do sector público. Os contratos de importe superior a 18.000,00 € (IVE excluído) contrataranse mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración, mediante procedemento aberto cun único criterio de valoración ou mediante procedemento negociado, utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobados expresamente por esta Deputación. Os concellos deben cubrir en cada expediente o correspondente cadro de características do contrato.

Excepcionalmente, as obras poderaas executar a propia administración de acordo co establecido no artigo 24 do citado Texto refundido da Lei de contratos do sector público.

En canto ao prazo para adxudicar as actuacións do Plan, os concellos poderán adxudicar as actuacións incluídas no Plan ata o 1/10/2016. Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado mediante Resolución de Presidencia despois da solicitude motivada da entidade local interesada.

## **8.- EXECUCIÓN DAS OBRAS**

As obras serán executadas polas respectivas entidades locais beneficiarias con arranxo ao proxecto técnico da obra. A dirección e a execución das obras realizaraas a entidade local correspondente, sen prexuízo da posibilidade de que a Deputación realice as inspeccións que considere convenientes.

Se durante a execución das obras xurde a necesidade de modificar o proxecto da obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido no citado texto refundido da Lei de contratos do sector público, e redactar un proxecto modificado que deberá ser aprobado polo concello e pola Deputación.

Calquera incremento que se derive da modificación do contrato, de liquidacións ou de outro concepto deberá ser financiado integramente polo concello.

## **9. – XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO**

O prazo para a xustificación das actuacións rematará o día 28 de abril de 2017 ás 14:00 horas. Se o investimento ou actividade foi obxecto de prórroga, o prazo de xustificación rematará o día 31 de maio de 2017 ás 14:00 horas.

Previamente ao pago da achega provincial, a Deputación acreditará de oficio que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Deputación.

No caso de obras ou subministracións, o pago á entidade local beneficiaria do importe da achega provincial realizarase ao remate da obra ou actividade, á vista da última certificación de execución das obras ou facturas da subministración ou servizo, asemade da acta de recepción correspondente, e aprobadas polo órgano municipal competente, que a entidade local presente na deputación de xeito telemático.

Así mesmo, e de conformidade co establecido nos artigos 19.3, 34.3, 37.1 e) e 37.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, deberase acompañar a certificación expedida polo órgano municipal competente da percepción ou non doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos o privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais co fin de verificar que a concorrencia non supera o custo da actuación subvencionada.

No suposto de que a entidade local beneficiaria non presente a documentación xustificativa no prazo sinalado, seguirase o procedemento previsto no artigo 70.3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

No caso de realización de actividades as achegas aboaranse despois da xustificación dos gastos subvencionados e, en todo caso, os gastos xustificados deberán axustarse aos conceptos aprobados no orzamento inicial. A xustificación farase cubrindo o formulario establecido no anexo IV.

En todas as actividades financiadas con cargo a este Plan, o concello dará cumprida publicidade da achega provincial.

## **10.- INTERPRETACIÓN**

A interpretación e a resolución das dúbidas que puidesen xurdir serán resoltas polo Presidente da Deputación, previo informe da Secretaría e da Intervención.

Para o non disposto expresamente nas presentes bases, aplicarase supletoriamente o establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

## **ANEXO I**

### **CERTIFICACIÓN DO ACORDO DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE MEDIO AMBIENTE - PMA 2016**

D./Dna. \_\_\_\_\_, secretario/a do Concello de \_\_\_\_\_,

CERTIFICA:

Que o Alcalde/Xunta de Goberno/Pleno municipal deste Concello o día \_\_/\_\_/2016, adoptou o seguinte acordo:

1.– Aprobar o Plan provincial de medio ambiente (PMA) 2016, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras e subministracións que o Concello ten previsto realizar, ou a dedicación a actividades relacionadas co medio ambiente, e de acordo co financiamento que se indica:

**A) Realización de obras e subministracións:**

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS/SUBMINISTRACIÓNS			

Aprobar os proxectos das obras ou pregos das subministracións incluídos na anualidade 2016 e que se relacionan nesta táboa.

**B) Financiamento de actividades:**

Detalle das actividades que se van realizar	Deputación	Concello	Presuposto total
SUBTOTAL ACTIVIDADES			

**C) Resumo:**

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS /SUBMINISTRACIÓNS			
SUBTOTAL ACTIVIDADES			
T O T A L			

2.– Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que conta coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias ou que xa as solicitou antes do remate do prazo de presentación da solicitude deste Plan, xuntando os correspondentes documentos.

3.– Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2016 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras, subministracións e actividades incluídas no PMA.

4.– Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

5.– Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou actividade e, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións

para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación para obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

7.- Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e prace do alcalde, en \_\_\_\_\_, o día \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ do ano dous mil dezaseis

V. pr.  
O alcalde

## **ANEXO II INFORME TÉCNICO SOBRE O INVESTIMENTO - OBRAS**

CONCELLO DE	
DATA DO INFORME	
NOME E CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	
PRESUPOSTO DO INVESTIMENTO	

De acordo co esixido na base 5 das reguladoras do Plan, emítase este informe técnico individual para o investimento indicado:

### **AUTORIZACIÓNS**

O informe deberá indicar expresamente que o investimento non precisa de ningunha autorización ou, no caso de que sexan precisas, deberán detallarse, e acreditarse documentalmentemente que o concello xa conta con elas ou que xa as solicitou antes do remate do prazo de presentación da solicitude deste Plan, xuntando os correspondentes documentos.

En todo caso, cando se acheguen en calquera momento as autorizacións que precisa a obra, deberá indicarse nun informe técnico se o proxecto cumpre coas condicións contidas, no seu caso, na dita autorización.

### **SUPERVISIÓN TÉCNICA**

Deberá indicarse se é preceptivo realizar a supervisión técnica do proxecto polo seu presuposto ou o seu contido, de acordo co establecido no artigo 125 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público. No caso de ser precisa, deberá indicarse se o informe de supervisión vai ser realizado por conta do concello remitindo

unha copia á Deputación, ou se solicita a asistencia a esta Deputación para a súa realización, ao abeiro da disposición adicional 2.12 da citada norma.

### **OBRA COMPLETA**

No caso de tratarse de fases, tramos, partes, etc., deberá xustificarse que se trata dunha obra completa, susceptible de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 86 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público.

### **OUTRAS CUESTIÓNS**

Outras cuestións de interese. Deberanse recoller cantos aspectos de interese complementen a información anterior.

## **ANEXO III INFORME TÉCNICO-XURÍDICO SOBRE A DISPOÑIBILIDADE DOS TERREOS**

CONCELLO DE	
DATA	
NOME E CARGO DAS PERSOAS QUE EMITEN O INFORME	
DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	
ORZAMENTO DO INVESTIMENTO	

De acordo co esixido na base 5 das reguladoras do Plan, emítese este informe técnico-xurídico para o investimento indicado:

### **INFORME TÉCNICO**

O persoal técnico detallará os terreos necesarios para a execución do investimento, podendo xuntar para estes efectos a documentación precisa.

### **INFORME XURÍDICO**

A Secretaría do concello informará sobre se o concello conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución do investimento.

#### ANEXO IV

### INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA - INTERVENCIÓN DO CONCELLO XUSTIFICATIVO DOS PAGOS DE ACTIVIDADES REALIZADAS CON CARGO A FONDOS DO PMA 2016

CONCELLO	
DATA	
IDENTIFICACIÓN DA PERSOA QUE ASINA	
CARGO	

RELACIÓN DE GASTOS PAGADOS E XUSTIFICADOS				
ACTIVIDADE XUSTIFICADA	CONCEPTO DO GASTO	IMPORTE PAGADO	% IMPUT.	IMPORTE IMPUTADO
IMPORTE TOTAL XUSTIFICADO				

#### 22.- APROBACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015, 3ª FASE.

Sr. Secretario

Aquí tamén hai unha emenda de supresión presentada polo presidente da comisión no senso de excluír do anexo III a obra do Concello de Brión denominada "Reparación de envolvente exterior do pavillón municipal de piragüismo sita no lugar da Ponte do Porto" que foi incluída neste anexo por erro, polo tanto procede votar en primeiro lugar a emenda de supresión e, en segundo lugar, se se acepta, o ditame incluíndo esta supresión.

Vótase a emenda, que é aprobada por unanimidade.

## ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver as Bases reguladoras do Plan de acción social (PAS) 2015, aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión realizada o día 8 de outubro de 2015 e cuxo texto íntegro se publicou no Boletín Oficial da Provincia nº 196 do 14 de outubro de 2015

Despois de ver as solicitudes presentadas polos 50 concellos da provincia que teñen a documentación administrativa e técnica correcta e completa.

1.- Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto considérase levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.- Aprobar a 3ª fase do Plan de acción social (PAS) 2015, na que se inclúen investimentos nos 50 concellos que teñen toda a documentación administrativa e técnica correcta e completa. Aprobar, así mesmo, os correspondentes proxectos técnicos das obras e os pregos das subministracións.

No apartado PAS- INVESTIMENTOS inclúense os novos investimentos solicitados polos concellos, financiados coa cantidade asignada a cada un deles de acordo cos criterios obxectivos previstos nas bases reguladoras do plan. No anexo I a este expediente figura a listaxe completa dos investimentos que se inclúen neste apartado da 3ª fase, co detalle do concello, a denominación da obra ou subministración, o seu financiamento desagregado entre a deputación e o concello e a partida orzamentaria de aplicación.

No apartado PAS-CONVENIOS inclúense os convenios pendentes de aprobación pero con crédito consignado que, como se prevé nas bases, se integraron neste plan. No anexo II a este expediente figura a listaxe completa dos investimentos que se inclúen neste apartado da 3ª fase, co detalle do concello, a denominación da obra ou subministración, o seu financiamento desagregado entre a deputación e o concello e a partida orzamentaria de aplicación.

O resumo dos datos de financiamento desta 3ª fase é o seguinte:

<b>PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015</b>			
<b>3ª FASE</b>			
<b>APARTADO</b>	<b>DEPUTACIÓN</b>	<b>CONCELLO</b>	<b>TOTAL</b>
PAS- INVESTIMENTOS (Anexo I)	16.531.954,35	1.409.479,26	17.941.433,61
PAS- CONVENIOS (Anexo II)	317.181,82	65.691,95	382.873,77

O Plan finánciase con cargo ás partidas do vixente presuposto provincial que se indican a continuación:

<b>PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015</b>				
<b>PAS- INVERSIONES 3ª FASE</b>				
<b>PARTIDA</b>				<b>ACHEGA DEPUTACIÓN</b>
0430	153	76201	Vías públicas	5.444.398,21
0430	160	76201	Rede de sumidoiros	711.011,52
0430	161	76201	Abastecemento	589.622,76
0430	165	76201	Alumeado público	347.003,51
0430	171	76201	Parques e xardíns	2.883.996,96
0430	441	76201	Transporte	58.318,39
0430	442	76201	Infraestruturas do transporte	30.354,28
0430	453	76201	Estradas	2.169.015,66
0430	454	76201	Camiños veciñais	549.884,79
0430	933	76201	Xestión do patrimonio	3.748.348,27
			<b>TOTAL</b>	<b>16.531.954,35</b>

<b>PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015</b>				
<b>PAS- CONVENIOS 3ª FASE</b>				
<b>PARTIDA</b>				<b>ACHEGA DEPUTACIÓN</b>
0430	161	76201	Abastecemento	56.121,43
0430	323	76201	Educación	32.325,18
0430	337	76201	Vías públicas	54.414,00
0430	4532	76201	Estradas	174.321,21
			<b>TOTAL</b>	<b>317.181,82</b>

A aprobación definitiva deste expediente queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 2/2016 no que se consigna crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.



3.- Aprobado o Plan complementario á 3ª fase do PAS 2015, no que se inclúen os investimentos que se detallan no anexo III a este acordo. Estas obras e subministracións teñen carácter supletorio e financiaranse con cargo aos remanentes que se puideran xerar por anulacións de proxectos ou por baixas de licitación, de forma que a súa aprobación definitiva queda condicionada a que efectivamente se produzan os ditos remanentes. Aprobar, así mesmo, os correspondentes proxectos técnicos das obras e os pregos das subministracións.

4.- A contratación e a execución dos investimentos, e o pago da achega provincial realizarase segundo o previsto nas bases reguladoras do plan.

5.- Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións oportunas, poderanse proseguir as actuacións despois de que transcorra o dito prazo sen que se presentara ningunha alegación.

6.- Remitir o expediente para o coñecemento e informe á Xunta de Galicia e a Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos de coordinación establecidos nos artigos 122 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, poderanse proseguir as actuacións unha vez transcorrido o dito prazo sen que se emita ningún informe.

PAS 2015: TERCEIRA FASE

ANEXO I: Obras e subministracións

Concello	Código	Denominación	Deputación	Concello	Total	Aplicación presupostaria		
ARANGA	2015.3110.0001.0	Eliminación barreiras arquitectónicas no concello de Aranga	91.712,33	0,00	91.712,33	0430	933	76201
	2015.3110.0002.0	Acondicionamento locais sociais de Muniferral e Orosa	38.411,66	0,00	38.411,66	0430	933	76201
	2015.3110.0003.0	Acondicionamento locais sociais de Toxiño e Carballal	47.322,07	0,00	47.322,07	0430	933	76201
	2015.3110.0004.0	Pavimentación na parroquia de Cambas	90.469,22	0,00	90.469,22	0430	153	76201
		<b>TOTAL</b>	<b>267.915,28</b>	<b>0,00</b>	<b>267.915,28</b>			
ARES	2015.3110.0005.0	Marquesiñas en Pezoas, Alto de Simou e Pl. Ramón García	30.354,28	0,00	30.354,28	0430	442	76201
	2015.3110.0006.0	Accesibilidade camiño Rega e Pomouro, e rehab. de Fonte	40.879,50	0,00	40.879,50	0430	454	76201
	2015.3110.0007.0	Accesibilidade Pl.Ramón García e cam. Salgueiras/Chanteiro	44.156,65	0,00	44.156,65	0430	454	76201
	2015.3110.0008.0	Accesibilidade Porta do Sol	39.852,57	0,00	39.852,57	0430	153	76201
	2015.3110.0009.0	Substitución de alumeadado público en Ares	32.759,61	0,00	32.759,61	0430	165	76201
		<b>TOTAL</b>	<b>188.002,61</b>	<b>0,00</b>	<b>188.002,61</b>			
ARTEIXO	2015.3110.0010.0	Céspedede artificial campo fútbol Ponte dos Brozos.	177.288,71	61.163,58	238.452,29	0430	933	76201
	2015.3110.0011.0	Cuberta campo da festa Arteixo e cubrición parq.infantil anexo	572.067,64	197.360,05	769.427,69	0430	171	76201
		<b>TOTAL</b>	<b>749.356,35</b>	<b>258.523,63</b>	<b>1.007.879,98</b>			

<b>BAÑA, A</b>	2015.3110.0012.0	Acceso á Polideportiva (Seoane) e Igrexario (Ordoeste)	61.308,35	0,00	61.308,35	0430	153	76201
	2015.3110.0013.0	Mell. instalacións mpais. educativas e culturais da Baña	44.620,47	0,00	44.620,47	0430	933	76201
	2015.3110.0014.0	Acceso á igrexa (San Mamede) e no C.P.I. "San Vicente"	46.688,68	0,00	46.688,68	0430	153	76201
	2015.3110.0015.0	Acceso locais sociais Gosende, Carballeira e Corneira	42.266,53	0,00	42.266,53	0430	153	76201
	2015.3110.0016.0	Camiños Suevos, Marcelle e Trece-Costa (A Riba)	33.681,17	0,00	33.681,17	0430	454	76201
	2015.3110.0017.0	Camiños Cabanas e Vilela e seg. viaria mnpal	30.116,51	0,00	30.116,51	0430	454	76201
	2015.3110.0018.0	Camiños Manle, Fiopáns, Castro, O Espiño e outros	66.125,00	0,00	66.125,00	0430	454	76201
		<b>TOTAL</b>	<b>324.806,71</b>	<b>0,00</b>	<b>324.806,71</b>			
<b>BOIMORTO</b>	2015.3110.0019.0	Pintado ext. e peche patio CEIP Armando Cotarelo Valledor	30.378,34	0,00	30.378,34	0430	933	76201
	2015.3110.0020.0	Ampliación de miniresidencia en Boimorto	236.687,06	0,00	236.687,06	0430	933	76201
		<b>TOTAL</b>	<b>267.065,40</b>	<b>0,00</b>	<b>267.065,40</b>			
<b>CABANAS</b>	2015.3110.0021.0	Conex. rede alc. de área recreativa A Veiga a Batán, 1ª fase	74.600,00	0,00	74.600,00	0430	160	76201
	2015.3110.0022.0	Entorno e accesibilidade a local social en Lavandeira.	34.403,48	0,00	34.403,48	0430	933	76201
	2015.3110.0023.0	Mellora zona recreativa do Areal	40.160,64	0,00	40.160,64	0430	171	76201
	2015.3110.0024.0	Cuberta edif serv sociocult antiga casa concello Cabanas	37.355,47	0,00	37.355,47	0430	933	76201
		<b>TOTAL</b>	<b>186.519,59</b>	<b>0,00</b>	<b>186.519,59</b>			
<b>CAMARIÑAS</b>	2015.3110.0025.0	Parque infantil Area do Bote de Camelle	34.356,90	0,00	34.356,90	0430	171	76201
	2015.3110.0026.0	Pavimentación e saneamento R/ Campo do Outeiro	108.477,12	0,00	108.477,12	0430	153	76201
	2015.3110.0027.0	Renovación rede abastecemento en "O Allo"	95.205,41	19.993,14	115.198,55	0430	161	76201
		<b>TOTAL</b>	<b>238.039,43</b>	<b>19.993,14</b>	<b>258.032,57</b>			
<b>CARRAL</b>	2015.3110.0028.0	Renov e ampl de parque infantil do Campo da Feira	220.278,81	0,00	220.278,81	0430	171	76201

	2015.3110.0029.0	Mellora de estrada municipal en Pedrido	36.411,11	579,04	36.990,15	0430	153	76201
		<b>TOTAL</b>	<b>256.689,92</b>	<b>579,04</b>	<b>257.268,96</b>			

<b>CEE</b>	2015.3110.0030.0	Mellora no campo de fútbol mpal. de Cee	60.990,78	0,00	60.990,78	0430	933	76201
	2015.3110.0031.0	Conservación rede ilum.púb. Casco Vello de Cee	123.802,60	0,00	123.802,60	0430	165	76201
	2015.3110.0032.0	Acd. rede saneamento e arranxo de depuradora en Lires	98.532,36	0,00	98.532,36	0430	160	76201
		<b>TOTAL</b>	<b>283.325,74</b>	<b>0,00</b>	<b>283.325,74</b>			

<b>CERCEDA</b>	2015.3110.0033.0	Senda peonil estrada Deputación a Recegulfe	86.373,36	0,00	86.373,36	0430	153	76201
	2015.3110.0034.0	Pavimentación rúa acceso Centro Tecnolóxico	60.596,28	0,00	60.596,28	0430	153	76201
	2015.3110.0035.0	Beirarrúas en CP 2406 (Queixas)	98.591,32	0,00	98.591,32	0430	153	76201
	2015.3110.0036.0	Camiño Arrieiros a Estrada Laracha por polidptvo. e outro	34.145,50	0,00	34.145,50	0430	453	76201
	2015.3110.0037.0	Accesos a Telleiro	66.649,05	0,00	66.649,05	0430	153	76201
		<b>TOTAL</b>	<b>346.355,51</b>	<b>0,00</b>	<b>346.355,51</b>			

<b>COIROS</b>	2015.3110.0038.0	Espazos públicos cubertos Bullo e outros	30.000,00	0,00	30.000,00	0430	933	76201
	2015.3110.0039.0	Marquesiñas e parque público en Queirís e outros	30.000,00	0,00	30.000,00	0430	153	76201
	2015.3110.0040.0	Melloras piscina municipal de Coirós	33.771,14	0,00	33.771,14	0430	933	76201
	2015.3110.0041.0	Vías públicas en Longrás e Coirós de Arriba	30.000,00	0,00	30.000,00	0430	153	76201
	2015.3110.0042.0	Camiños veciñais en Combarro e outros	32.514,08	0,00	32.514,08	0430	153	76201
		<b>TOTAL</b>	<b>156.285,22</b>	<b>0,00</b>	<b>156.285,22</b>			

<b>CORCUBION</b>	2015.3110.0043.0	Subst.do acabado de cuberta do polideportivo. mpal.Corcubión	99.825,01	0,00	99.825,01	0430	933	76201
		<b>TOTAL</b>	<b>99.825,01</b>	<b>0,00</b>	<b>99.825,01</b>			

<b>CORUÑA</b>	2015.3110.0044.0	Melloras de accesibilidade no distrito 4	227.294,17	654.200,64	881.494,81	0430	153	76201
		<b>TOTAL</b>	<b>227.294,17</b>	<b>654.200,64</b>	<b>881.494,81</b>			

<b>CULLEREDO</b>	2015.3110.0045.0	Renovación parque infantil R/ Condes de Andrade.	34.137,39	0,00	34.137,39	0430	171	76201
	2015.3110.0046.0	Renovación de patios CEIP do Burgo	89.612,87	0,00	89.612,87	0430	171	76201
	2015.3110.0047.0	Renovación de patios CEIP Sofía Casanova	30.111,89	0,00	30.111,89	0430	171	76201
	2015.3110.0048.0	Renovación de patios CEIP Isaac Díaz Pardo	54.034,20	0,00	54.034,20	0430	171	76201
	2015.3110.0049.0	Renovación de patios CEIP Tarrío	34.353,86	0,00	34.353,86	0430	171	76201
	2015.3110.0050.0	Humanización das rúas Celso E. Ferreiro e S. Manuel	75.758,35	0,00	75.758,35	0430	453	76201
	2015.3110.0051.0	Mell. san. CEIP Sofía Casanova e Isaac Díaz Pardo e ou.	44.415,73	0,00	44.415,73	0430	161	76201
	2015.3110.0052.0	Pav. de Pozo da Cruz á Igrexa de Veiga	61.431,48	0,00	61.431,48	0430	453	76201
	2015.3110.0053.0	Renov. rede auga potable en cr. de Silvar a Goiente	24.394,96	19.452,42	43.847,38	0430	161	76201
	2015.3110.0054.0	Rehab. ponte sobre FF.CC. en rúa Alfonso VII	57.736,21	19.452,42	77.188,63	0430	453	76201
	2015.3110.0055.0	Ilum. púb. rúa Río Mandeo e rúa Montespino	54.062,75	19.452,42	73.515,17	0430	165	76201
	2015.3110.0056.0	Pavimentación de Sueiro a Fornos	50.085,16	19.452,41	69.537,57	0430	453	76201
	2015.3110.0057.0	Renov. Rede auga potable R/ Federico García Lorca e ou.	47.715,82	19.452,41	67.168,23	0430	161	76201
			<b>TOTAL</b>	<b>657.850,67</b>	<b>97.262,08</b>	<b>755.112,75</b>		

<b>CURTIS</b>	2015.3110.0058.0	Rehabilitación edificio de usos múltiples de Teixeira	67.000,00	0,00	67.000,00	0430	933	76201
	2015.3110.0059.0	Iluminación campo de fútbol municipal de Teixeira	57.273,16	0,00	57.273,16	0430	933	76201
	2015.3110.0060.0	Pérgola no campo de fútbol municipal de Curtis	30.000,00	0,00	30.000,00	0430	933	76201
	2015.3110.0061.0	Acond espazos públs abertos en Paradela, Santaia e outros	30.000,00	0,00	30.000,00	0430	171	76201
	2015.3110.0062.0	Seguridade viaria núcleos de Curtis e Teixeira e outros	122.847,98	0,00	122.847,98	0430	153	76201
			<b>TOTAL</b>	<b>307.121,14</b>	<b>0,00</b>	<b>307.121,14</b>		

<b>DODRO</b>	2015.3110.0063.0	Reparacións en escolas de Lestrove e outras	69.498,30	0,00	69.498,30	0430	933	76201
	2015.3110.0064.0	Areas recreativas en Tallós e Rialíño	88.653,07	0,00	88.653,07	0430	171	76201
		<b>TOTAL</b>	<b>158.151,37</b>	<b>0,00</b>	<b>158.151,37</b>			
<b>DUMBRÍA</b>	2015.3110.0065.0	Senda peonil de Vilar a Rebouta (Olveira)	114.711,88	0,00	114.711,88	0430	153	76201
	2015.3110.0066.0	Senda en Berdeogas	97.321,91	0,00	97.321,91	0430	153	76201
	2015.3110.0067.0	Senda peonil de cemiterio de Olveira ao Vilar	127.590,74	0,00	127.590,74	0430	153	76201
		<b>TOTAL</b>	<b>339.624,53</b>	<b>0,00</b>	<b>339.624,53</b>			
<b>FERROL</b>	2015.3110.0068.0	Mell.accesibilidade 200 cruces de peóns (fase II:167 pasos)	300.159,35	0,00	300.159,35	0430	153	76201
	2015.3110.0069.0	Acon.local social R/ Ortigueira-Recemil.	61.672,07	9.311,10	70.983,17	0430	933	76201
		<b>TOTAL</b>	<b>361.831,42</b>	<b>9.311,10</b>	<b>371.142,52</b>			
<b>FISTERRA</b>	2015.3110.0070.0	Reforma do parque infantil de San Roque	64.836,26	0,00	64.836,26	0430	171	76201
	2015.3110.0071.0	Mell. Iluminación no camiño de Insua	45.562,36	0,00	45.562,36	0430	165	76201
	2015.3110.0072.0	Saneamento e pav. no lugar de Castro-Fisterra	73.599,07	0,00	73.599,07	0430	161	76201
		<b>TOTAL</b>	<b>183.997,69</b>	<b>0,00</b>	<b>183.997,69</b>			
<b>IRIXOA</b>	2015.3110.0073.0	Parques biosaudables parroquias Mántaras, Coruxou e Irixoa	55.760,21	0,00	55.760,21	0430	171	76201
	2015.3110.0074.0	Parques infantís parroquias de Mántaras e Irixoa	49.837,44	0,00	49.837,44	0430	171	76201
	2015.3110.0075.0	Pavimentación parroquias de Mántaras e Churío	70.398,44	0,00	70.398,44	0430	453	76201
		<b>TOTAL</b>	<b>175.996,09</b>	<b>0,00</b>	<b>175.996,09</b>			
<b>LOUSAME</b>	2015.3110.0076.0	Reparacións en locais sociais de Lousame	73.405,00	0,00	73.405,00	0430	933	76201
	2015.3110.0077.0	Acondicionamento parques infantís Portobravo e Escabia	31.144,83	0,00	31.144,83	0430	171	76201

	2015.3110.0078.0	Acceso local social de Cruído e outro	64.669,42	0,00	64.669,42	0430	153	76201
	2015.3110.0079.0	Camión Camboño-Minortos e outro	45.580,00	0,00	45.580,00	0430	153	76201
	2015.3110.0080.0	Acceso a San Xusto e outro	57.712,32	0,00	57.712,32	0430	153	76201
		<b>TOTAL</b>	<b>272.511,57</b>	<b>0,00</b>	<b>272.511,57</b>			
<b>MALPICA</b>	2015.3110.0081.0	Acond. parque infantil Milladoiro e parque infantil Beo	44.845,82	0,00	44.845,82	0430	171	76201
	2015.3110.0082.0	Infraestruturas en Canela de Areas	33.111,65	0,00	33.111,65	0430	153	76201
	2015.3110.0083.0	Infraestruturas en Sorrio	59.386,26	0,00	59.386,26	0430	153	76201
	2015.3110.0084.0	Infraestruturas en R/ Mouróns, R/Piñeiro e Alto de Mens	43.235,53	0,00	43.235,53	0430	153	76201
	2015.3110.0085.0	Seguridade alumeadado en Buño, Cerqueda e Lelloio	90.816,19	1.677,19	92.493,38	0430	165	76201
		<b>TOTAL</b>	<b>271.395,45</b>	<b>1.677,19</b>	<b>273.072,64</b>			
<b>MAÑÓN</b>	2015.3110.0086.0	Acondicionamento pista polideportiva en Mañón e outros.	89.706,24	0,00	89.706,24	0430	933	76201
	2015.3110.0087.0	Instalación marquesiñas en Castiñeiras e outros	43.846,43	0,00	43.846,43	0430	453	76201
	2015.3110.0088.0	Mellora capa de rodaxe en Mogor e outro	73.302,08	0,00	73.302,08	0430	453	76201
		<b>TOTAL</b>	<b>206.854,75</b>	<b>0,00</b>	<b>206.854,75</b>			
<b>MAZARICOS</b>	2015.3110.0089.0	Rehab.equip. socioculturais de Asenso, Cives de Abaixo e ou.	191.820,83	0,00	191.820,83	0430	933	76201
	2015.3110.0090.0	Rehab. inst. deport: Campos de fútbol de Pino de Val e ou.	87.328,42	0,00	87.328,42	0430	933	76201
	2015.3110.0091.0	Pav. e servizos R/ Galicia e Ventín e Recinto Feiral da Picota	186.099,50	0,00	186.099,50	0430	153	76201
		<b>TOTAL</b>	<b>465.248,75</b>	<b>0,00</b>	<b>465.248,75</b>			
<b>MELIDE</b>	2015.3110.0092.0	Pavimentación e seguridade Rúa Antonio Prado e outr.	160.360,97	0,00	160.360,97	0430	153	76201
	2015.3110.0093.0	Cambio de ventás no edificio multiusos de Melide	65.030,20	0,00	65.030,20	0430	933	76201
	2015.3110.0094.0	Cambio de cuberta lateral de polideportivo de Melide	66.278,57	0,00	66.278,57	0430	933	76201

	2015.3110.0095.0	Pavimentación pista a Maceda e outras	166.785,30	0,00	166.785,30	0430	153	76201
		<b>TOTAL</b>	<b>458.455,04</b>	<b>0,00</b>	<b>458.455,04</b>			
<b>MESÍA</b>	2015.3110.0096.0	Senda peonil na Igrexa (Boado) e praza púb. Igrexa	53.001,61	0,00	53.001,61	0430	153	76201
	2015.3110.0097.0	Arranxo equipamentos campo de fútbol Visantofña	59.348,43	0,00	59.348,43	0430	933	76201
	2015.3110.0098.0	Acond. piscina municipal de Xanceda e outros	53.971,44	0,00	53.971,44	0430	933	76201
	2015.3110.0099.0	Arranxos pavillón polideportivo de Xanceda	68.515,55	0,00	68.515,55	0430	933	76201
	2015.3110.0100.0	Camiño do Campo a Pereiruga (Xanceda) e out.	70.721,52	0,00	70.721,52	0430	453	76201
			<b>TOTAL</b>	<b>305.558,55</b>	<b>0,00</b>	<b>305.558,55</b>		
<b>MIÑO</b>	2015.3110.0101.0	Refor. parque infantil nas Aveás, urbanización Costa Miño	69.648,80	2.195,88	71.844,68	0430	171	76201
	2015.3110.0102.0	Reforma parque infantil en Rabazal	76.808,91	2.421,59	79.230,50	0430	171	76201
	2015.3110.0103.0	Pav. e formación de cunetas en Modia, Graña, Carantoña e ou	97.604,86	0,00	97.604,86	0430	153	76201
			<b>TOTAL</b>	<b>244.062,57</b>	<b>4.617,47</b>	<b>248.680,04</b>		
<b>MONFERO</b>	2015.3110.0104.0	Mell e acond locais sociais de Vite, Xiao e Xestal	165.580,43	0,00	165.580,43	0430	933	76201
	2015.3110.0105.0	Adquisición de autobús. Monfero	58.318,39	0,00	58.318,39	0430	441	76201
	2015.3110.0106.0	Pavim. camiños Vilachá, Queixeiro, Val Xestoso e out.	149.265,85	0,00	149.265,85	0430	453	76201
			<b>TOTAL</b>	<b>373.164,67</b>	<b>0,00</b>	<b>373.164,67</b>		
<b>MUXÍA</b>	2015.3110.0107.0	Acondicionamento estrada acceso Praia de Nemiña	105.995,67	0,00	105.995,67	0430	453	76201
	2015.3110.0108.0	Acond e adecuación edificio de servizos múltiples de Muxía	43.438,07	0,00	43.438,07	0430	933	76201
	2015.3110.0109.0	Mellora paseo procesional de Agrixa-Vilastose	181.025,70	0,00	181.025,70	0430	153	76201
	2015.3110.0110.0	Equipam. dptvos: Pavillón polideptvo e campo fútbol "Arlaña"	51.821,06	50,93	51.871,99	0430	933	76201
			<b>TOTAL</b>	<b>382.280,50</b>	<b>50,93</b>	<b>382.331,43</b>		



<b>MUROS</b>	2015.3110.0111.0	Infr. hidráulicas en Boavista 3ª fase. Parroq. de Serres.	90.962,81	8.000,00	98.962,81	0430	160	76201
	2015.3110.0112.0	Infr. hidráulicas en Baño 2ª fase. Parroq. de Serres.	187.307,28	22.000,00	209.307,28	0430	160	76201
	2015.3110.0113.0	Infr. hidráulicas en Freixeiros 1ª fase. Parroq. de Esteiro	58.463,00	4.112,76	62.575,76	0430	160	76201
		<b>TOTAL</b>	<b>336.733,09</b>	<b>34.112,76</b>	<b>370.845,85</b>			
<b>NEGREIRA</b>	2015.3110.0114.0	Cuberta de pista de pádel de Negreira	58.572,25	0,00	58.572,25	0430	933	76201
	2015.3110.0115.0	Accesibilidade inst. mpls e conserva. inst. culturais Negreira	53.564,27	0,00	53.564,27	0430	933	76201
	2015.3110.0116.0	Pav. e aparcamento adaptado local social Romarís e outros	140.806,59	0,00	140.806,59	0430	453	76201
	2015.3110.0117.0	Camiño Maio Pequeno ata fonte lavadoiro; San Tomé e ou	168.628,73	0,00	168.628,73	0430	453	76201
		<b>TOTAL</b>	<b>421.571,84</b>	<b>0,00</b>	<b>421.571,84</b>			
<b>NOIA</b>	2015.3110.0118.0	Mellora do parque infantil do Campo das Rodas	44.482,00	0,00	44.482,00	0430	171	76201
	2015.3110.0119.0	Supresión barreiras arquitectónicas Av. República Arxentina	85.790,00	0,00	85.790,00	0430	153	76201
	2015.3110.0120.0	Accesibilidade centro sociocultural Ponte S. Francisco e out.	99.941,10	0,00	99.941,10	0430	153	76201
	2015.3110.0121.0	Rede saneamento e pavimentación en O Curral (Ousoño)	131.059,00	541,00	131.600,00	0430	160	76201
		<b>TOTAL</b>	<b>361.272,10</b>	<b>541,00</b>	<b>361.813,10</b>			
<b>OLEIROS</b>	2015.3110.0122.0	Cuberta e outros no Parque da Lagoa de Mera	325.137,27	116.526,00	441.663,27	0430	171	76201
	2015.3110.0123.0	Senda Litoral entre Santa Ana e Canide	373.734,99	133.942,94	507.677,93	0430	171	76201
		<b>TOTAL</b>	<b>698.872,26</b>	<b>250.468,94</b>	<b>949.341,20</b>			
<b>ORDES</b>	2015.3110.0124.0	Acceso IES Maruxa Mallo e piscina climatizada e outros	128.420,77	0,00	128.420,77	0430	153	76201
	2015.3110.0125.0	Acondicionamento entorno local social de Poulo e outros	78.345,98	0,00	78.345,98	0430	153	76201
	2015.3110.0126.0	Acceso a Igrexario e local social de Pereira	111.421,04	0,00	111.421,04	0430	153	76201
	2015.3110.0127.0	Acondicionamento entorno escola de Mercurín e outros	57.759,88	0,00	57.759,88	0430	153	76201

	2015.3110.0128.0	Abastecemento de auga a Queis (Montaos)	69.236,72	0,00	69.236,72	0430	161	76201
	2015.3110.0129.0	Saneamento Lavandeira de Abaixo a depuradora (Poulo)	70.087,07	0,00	70.087,07	0430	160	76201
	2015.3110.0130.0	Camiño Lavandeira a Costa (Poulo) e outros	34.607,11	0,00	34.607,11	0430	153	76201
		<b>TOTAL</b>	<b>549.878,57</b>	<b>0,00</b>	<b>549.878,57</b>			
<b>PADERNE</b>	2015.3110.0131.0	Centros culturais parroquias Vigo, Vilamoureo, Quintas e ou	34.818,62	0,00	34.818,62	0430	933	76201
	2015.3110.0132.0	Acond. piscina mpal e sinalización concello Paderne	30.000,01	0,00	30.000,01	0430	933	76201
	2015.3110.0133.0	Praza Púb. Chantada e parq.biosaudable Chantada e ou.	47.167,39	0,00	47.167,39	0430	171	76201
	2015.3110.0134.0	Pavimentación nas parroquias de Souto, Velouzás e Viñas	74.657,35	0,00	74.657,35	0430	453	76201
		<b>TOTAL</b>	<b>186.643,37</b>	<b>0,00</b>	<b>186.643,37</b>			
<b>PINO, O</b>	2015.3110.0135.0	Acond.exterior local sociocultural en Santiso-Castrofeito	87.970,36	0,00	87.970,36	0430	171	76201
	2015.3110.0136.0	Parque infantil en Castrofeito	60.276,72	0,00	60.276,72	0430	171	76201
	2015.3110.0137.0	Parque infantil na praza de Forcarei	60.276,72	0,00	60.276,72	0430	171	76201
	2015.3110.0138.0	Parque biosaludable en Budiño e outros.	43.486,63	0,00	43.486,63	0430	171	76201
	2015.3110.0139.0	Acceso peonil a local social en Budiño	38.316,62	0,00	38.316,62	0430	453	76201
	2015.3110.0140.0	Acceso peonil a tanatorio de Arca	57.033,53	0,00	57.033,53	0430	453	76201
	2015.3110.0141.0	Acceso peonil a Igrexa e Cemiterio de Pereira	35.103,87	0,00	35.103,87	0430	453	76201
		<b>TOTAL</b>	<b>382.464,45</b>	<b>0,00</b>	<b>382.464,45</b>			
<b>PONTES, AS</b>	2015.3110.0142.0	Accesibilidade e pavimentación R/ Rosalía de Castro	171.995,44	0,00	171.995,44	0430	153	76201
	2015.3110.0143.0	Accesibilidade e pavimentación Rúa do Concello das Pontes	78.029,92	0,00	78.029,92	0430	153	76201
	2015.3110.0144.0	Rep. de estadas en Av. Vilalba, R/ Xermade e A Cuveliña	63.414,48	0,00	63.414,48	0430	153	76201
	2015.3110.0145.0	Accesibilidade e pavimentos na Av. Castela.	101.415,24	0,00	101.415,24	0430	153	76201
	2015.3110.0146.0	Asfaltado en Bidueiral e de Palmeiro a Porto do Liño	75.000,29	0,00	75.000,29	0430	453	76201

	2015.3110.0147.0	Rep. estradas O Vilar, Os Regalados, A Graña e outros	200.157,32	0,00	200.157,32	0430	453	76201
		<b>TOTAL</b>	<b>690.012,69</b>	<b>0,00</b>	<b>690.012,69</b>			

<b>PORTO DO SON</b>	2015.3110.0148.0	Reforma e acond. da Rúa Entremurallas	88.835,97	0,00	88.835,97	0430	153	76201
	2015.3110.0149.0	Humanización da Rúa Avellaneda	66.500,00	0,00	66.500,00	0430	153	76201
	2015.3110.0150.0	Recup. ámbito social: Antigo Campo da Atalaia. 1º Reform	233.003,96	0,00	233.003,96	0430	153	76201
		<b>TOTAL</b>	<b>388.339,93</b>	<b>0,00</b>	<b>388.339,93</b>			

<b>ROIS</b>	2015.3110.0151.0	Acceso CPI dos Dices e entorno CEIP de Pumar- Urdilde	55.385,32	0,00	55.385,32	0430	453	76201
	2015.3110.0152.0	Acceso cemiterio de Oin e inst. parque infantil en Liñares	45.096,00	0,00	45.096,00	0430	171	76201
	2015.3110.0153.0	Parques infantís en Urdilde, Lamego, Seira e Gandariña	94.821,58	0,00	94.821,58	0430	171	76201
	2015.3110.0154.0	Pavimentación camiños lugares Pazos e Salgueiros	74.034,13	0,00	74.034,13	0430	453	76201
	2015.3110.0155.0	Pavimentación e abastecemento no lugar de Sisto.	48.309,35	0,00	48.309,35	0430	453	76201
		<b>TOTAL</b>	<b>317.646,38</b>	<b>0,00</b>	<b>317.646,38</b>			

<b>SAN SADURNIÑO</b>	2015.3110.0156.0	Acondic. da contorna da piscina municipal de San Sadurniño	135.614,23	0,00	135.614,23	0430	933	76201
	2015.3110.0157.0	Senda peonil entre O Eirexado e A Pena (Naraío).	35.512,08	473,13	35.985,21	0430	453	76201
	2015.3110.0158.0	Pav camiño Pontellas-Soutocalvo, Prospes-Penacastrolo e ou	77.157,60	0,00	77.157,60	0430	453	76201
	2015.3110.0159.0	Urb parcial en Agra de Abaixo e ab. en O Cochón	30.198,89	0,00	30.198,89	0430	453	76201
		<b>TOTAL</b>	<b>278.482,80</b>	<b>473,13</b>	<b>278.955,93</b>			

<b>SANTA COMBA</b>	2015.3110.0160.0	Rehab. e conservación Casa de Cultura de Santa Comba	187.122,17	0,00	187.122,17	0430	933	76201
	2015.3110.0161.0	Rehab. e conserv. piscina e pavillón mpal. de Santa Comba	165.460,43	0,00	165.460,43	0430	933	76201
	2015.3110.0162.0	Abastecemento de auga a zona norte da Pereira	235.055,05	0,00	235.055,05	0430	161	76201
		<b>TOTAL</b>	<b>587.637,65</b>	<b>0,00</b>	<b>587.637,65</b>			

<b>SOBRADO</b>	2015.3110.0163.0	Urbanización en As Cruces e Porta	147.296,74	0,00	147.296,74	0430	153	76201
	2015.3110.0164.0	Rehabilitación local social de Carelle e entorno e outro.	41.358,72	0,00	41.358,72	0430	933	76201
	2015.3110.0165.0	Aglomerado de viais en Porta, Roade, Codesoso e Grixalba	125.288,35	0,00	125.288,35	0430	454	76201
		<b>TOTAL</b>	<b>313.943,81</b>	<b>0,00</b>	<b>313.943,81</b>			
<b>TOQUES</b>	2015.3110.0166.0	Reparación polideportivo municipal de Toques	123.646,55	0,00	123.646,55	0430	933	76201
	2015.3110.0167.0	Acceso a vivendas sociais en Toques	37.096,16	0,00	37.096,16	0430	153	76201
	2015.3110.0168.0	Camiño Goias a límite concello(Vilouriz) e outros	72.435,42	0,00	72.435,42	0430	453	76201
		<b>TOTAL</b>	<b>233.178,13</b>	<b>0,00</b>	<b>233.178,13</b>			
<b>TORDOIA</b>	2015.3110.0169.0	Accesos en Frixoi (Bardaos)	32.993,29	0,00	32.993,29	0430	153	76201
	2015.3110.0170.0	Accesos a piscina e polideportivo de Pontepedra	31.046,71	0,00	31.046,71	0430	153	76201
	2015.3110.0171.0	Accesos en Fontán e Barral (Viladabade) e outros	30.871,72	0,00	30.871,72	0430	153	76201
	2015.3110.0172.0	Accesos a CPI Pecalama (Pontepedra)	30.457,55	0,00	30.457,55	0430	153	76201
	2015.3110.0173.0	Bancadas no campo de fútbol de Gorgullos	56.243,35	0,00	56.243,35	0430	933	76201
	2015.3110.0174.0	Accesos a Carballeira de Arriba en Viladoabade e outros	31.977,67	0,00	31.977,67	0430	153	76201
	2015.3110.0175.0	Accesos en Vilasal (Anxeriz) e outros	36.905,59	0,00	36.905,59	0430	153	76201
	2015.3110.0176.0	Accesos a Igrexa de Tordoia	46.158,85	0,00	46.158,85	0430	153	76201
	2015.3110.0177.0	Rehab. enerxética centro sociocultural do Castiñeiro	38.749,42	0,00	38.749,42	0430	933	76201
		<b>TOTAL</b>	<b>335.404,15</b>	<b>0,00</b>	<b>335.404,15</b>			
<b>TOURO</b>	2015.3110.0178.0	Acceso local social de Loxo e outros	93.512,18	0,00	93.512,18	0430	153	76201
	2015.3110.0179.0	Senda peonil a local social de Fao e outros	83.336,80	0,00	83.336,80	0430	153	76201
	2015.3110.0180.0	Senda peonil a local social de Turces e outro	69.001,64	0,00	69.001,64	0430	153	76201
	2015.3110.0181.0	Camiño interior en Quintás (Circes) e outros	55.709,28	0,00	55.709,28	0430	453	76201

	2015.3110.0182.0	Camiño interior en Fonte Alvite (Andeade) e outros	72.035,75	0,00	72.035,75	0430	453	76201
		<b>TOTAL</b>	<b>373.595,65</b>	<b>0,00</b>	<b>373.595,65</b>			
<b>TRAZO</b>	2015.3110.0183.0	Rehab. e conservación do centro social de Restande	60.340,69	0,00	60.340,69	0430	933	76201
	2015.3110.0184.0	Rehab. e conservación centro social de Morlán	32.526,05	0,00	32.526,05	0430	933	76201
	2015.3110.0185.0	Rehab. e conservación do centro social de A Brea	152.567,01	57,60	152.624,61	0430	933	76201
	2015.3110.0186.0	Pavimento de PVC en polideportivo mpal de Trazo	55.613,77	0,00	55.613,77	0430	933	76201
		<b>TOTAL</b>	<b>301.047,52</b>	<b>57,60</b>	<b>301.105,12</b>			
<b>VEDRA</b>	2015.3110.0187.0	Acond. acústico da Escola de Música de Vedra	41.073,63	11.585,00	52.658,63	0430	933	76201
	2015.3110.0188.0	Melloras do arquivo histórico mpal. de Vedra	26.497,62	5.438,58	31.936,20	0430	933	76201
	2015.3110.0189.0	Mell. fachada do centro sociocultural da 3ª idade de Vedra	93.128,75	26.267,08	119.395,83	0430	933	76201
	2015.3110.0190.0	Espazo púb. estación de ferrocarril Sta. Cruz de Ribadulla	41.230,33	10.968,94	52.199,27	0430	171	76201
	2015.3110.0191.0	Aparcadoiro disuasorio en Ponte Ulla	65.846,85	21.948,95	87.795,80	0430	453	76201
		<b>TOTAL</b>	<b>267.777,18</b>	<b>76.208,55</b>	<b>343.985,73</b>			
<b>VILASANTAR</b>	2015.3110.0192.0	Arranxo local social de Vilariño e parque infantil Présaras	51.951,11	0,00	51.951,11	0430	933	76201
	2015.3110.0193.0	Acond. de camiños de Fachal e Priorato	34.634,02	0,00	34.634,02	0430	153	76201
		<b>TOTAL</b>	<b>86.585,13</b>	<b>0,00</b>	<b>86.585,13</b>			
<b>VILARMAIOR</b>	2015.3110.0194.0	Rehab. parque infantil en Feria del Tres	39.667,43	0,00	39.667,43	0430	171	76201
	2015.3110.0195.0	Rehab.e mell.accesib. oficinas asistencia social Vilarmaior	45.045,33	1.312,36	46.357,69	0430	933	76201
	2015.3110.0196.0	Mellora vias en Grandal	56.475,17	89,70	56.564,87	0430	153	76201
		<b>TOTAL</b>	<b>141.187,93</b>	<b>1.402,06</b>	<b>142.589,99</b>			
<b>OZA-CESURAS</b>	2015.3110.0197.0	Mell acc.Canaboso e Calobre ao local social Cuiña e ou	84.974,44	0,00	84.974,44	0430	153	76201

2015.3110.0198.0	Beirarrúas de Santa Cruz a parque infantil Mondoí.	30.026,31	0,00	30.026,31	0430	153	76201
2015.3110.0199.0	Beirarrúas en Porzomillos ao local social	67.252,66	0,00	67.252,66	0430	153	76201
2015.3110.0200.0	Beirarrúas de A Braña ao centro de saúde de Bragade	45.000,00	0,00	45.000,00	0430	153	76201
2015.3110.0201.0	Beirarrúas dos lgs. de A igrexa e A Cha ao local de Carres	45.000,00	0,00	45.000,00	0430	153	76201
2015.3110.0202.0	Beirarrúas de O Couso á escola infantil de Mangoño	42.203,00	0,00	42.203,00	0430	153	76201
2015.3110.0203.0	Aglom. Prrq Mondoí, Porzomillos e Cuiña e outros.	86.779,99	0,00	86.779,99	0430	454	76201
2015.3110.0204.0	Aglom. Prrq Filgueira de Barranca, Filgueira de Traba e out.	90.000,03	0,00	90.000,03	0430	454	76201
2015.3110.0205.0	Mell. Pav. Camiños prrqs de Mandaio, Borrifáns e outros.	32.857,59	0,00	32.857,59	0430	454	76201
<b>TOTAL</b>		<b>524.094,02</b>	<b>0,00</b>	<b>524.094,02</b>			

<b>TOTAL OBRAS SUBMINISTRACIÓNS</b>	<b>16.531.954,35</b>	<b>1.409.479,26</b>	<b>17.941.433,61</b>
<b>TOTAL CONCELLOS</b>	<b>50</b>		
<b>TOTAL OBRAS</b>	<b>205</b>		

**PAS 2015: Terceira Fase.**

**ANEXO II: Convenios**

Concello	Código	Denominación	Deputación	Concello	Total
<b>MALPICA</b>	2015.3110.0412.0	Reparación e mantemento do Centro cívico Malpica	54.414,00	0,00	54.414,00
<b>SANTA COMBA</b>	2015.3110.0413.0	Pav. Portocarreiro, A Illa, Freixeiro, Vilanovo e outros	174.321,21	43.580,30	217.901,51
<b>OZA-CESURAS</b>	2015.3110.0414.0	Abastecemento de auga a Sangorzo e Bandoxa	56.121,43	14.030,36	70.151,79
	2015.3110.0415.0	Formación de cuberta no patio do colexio	32.325,18	8.081,29	40.406,47
<b>TOTAL OBRAS SUBMINISTRACIÓNS</b>			<b>317.181,82</b>	<b>65.691,95</b>	<b>382.873,77</b>
<b>TOTAL CONCELLOS</b>			<b>3</b>		
<b>TOTAL OBRAS</b>			<b>4</b>		

Aplicación presupostaria		
0430	337	76201
0430	4532	76201
0430	161	76201
0430	323	76201

PAS 2015: TERCEIRA FASE

ANEXO III: Plan Complementario

Solicitante	Denominación	Deputación	Aplicación presupostaria		
ARANGA	Pavimentación do camiño da Nacional VI a Ponte-Aranga	31.158,00	0430	153	76201
ARES	Reparación e renovación Parque Rosalía de Castro	30.699,90	0430	171	76201
ARTEIXO	Rep. e ampliación edif. local social na antiga escola de Barrañán.	239.936,11	0430	933	76201
BAÑA, A	Rehab.e conserv. Centro Cultural da Carballeira	37.477,34	0430	933	76201
CEE	Con. en instalacións deportivas municipais de Cee	75.229,18	0430	933	76201
CULLEREDO	Renov. Parque infantil As Lagoas-Paseo marítimo de O Burgo e outro	143.135,44	0430	171	76201
CURTIS	Iluminación do campo de fútbol municipal de Curtis	57.273,16	0430	933	76201
MALPICA	Infraestruturas en Aldeola e R/ da Praia	38.212,13	0430	153	76201
MAZARICOS	Rehab conserv. accesibilidade Casa do Concello e Casa da Cultura	73.618,87	0430	933	76201
MELIDE	Pav.da pista de Martagona a Curutelo	30.000,00	0430	153	76201
MIÑO	Marquesiña de acceso ao Colexio Público Castro Baxoi	37.383,58	0430	442	76201
MONFERO	Mell pav cmñ das Lamelas - Crtra. Queixeiro-Gotes- Prrq de San Fiz	30.246,77	0430	453	76201
ORDES	Marquesiñas nas rutas do CEIP Mesón do Vento	33.171,16	0430	442	76201
PADERNE	Parques infantís de Areas e do Adro	30.000,01	0430	171	76201
PONTES, AS	Accesibilidade e renov. Pavimento Av. de Lugo	138.537,10	0430	153	76201
PORTO DO SON	Humanización da rúa Entremurallas	39.445,00	0430	153	76201
ROIS	Pista polideportiva en Sisto (Ribasar)	43.685,89	0430	933	76201
	Praza parque Vilachán. Parroq. San Vicente de Augasantas	44.150,79	0430	171	76201
SANTA COMBA	Rehab. e conserv.planta baixa e primeira Casa Cultura Santa Comba	125.819,35	0430	933	76201
OZA-CESURAS	Rep e mant locais sociais de Baraio e O Forte	30.899,27	0430	933	76201
<b>TOTAL PLAN COMPLEMENTARIO</b>		<b>1.280.079,05</b>			
<b>TOTAL CONCELLOS</b>		<b>19</b>			
<b>TOTAL OBRAS</b>		<b>20</b>			

23.-APROBACIÓN DO PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2016

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver as Bases reguladoras do Plan de aforro e investimento (PAI) 2016, aprobadas polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o día 30 de decembro de 2015 e cuxo texto íntegro se publicou no Boletín Oficial da Provincia núm. 2 do 5 de xaneiro de 2016

Despois de ver as solicitudes presentadas por 61 concellos da provincia

1.- Aprobar o Plan de aforro e investimento (PAI) 2016, cuxo resumo de cifras globais dos dous apartados previstos na base 2 nos que se estrutura é o que se indica a continuación, e cuxa relación de actuacións figura nos anexos a este acordo: anexo I para redución de endebedamento do concello, e anexo II para a realización de investimentos:

<b>APARTADO PAI 2016</b>	<b>DEPUTACIÓN</b>	<b>CONCELLO</b>	<b>TOTAL</b>
A) REDUCCIÓN DE ENDEBEDAMENTO MUNICIPAL (anexo I)	7.089.938,18	0,00	7.089.938,18
B) INVERSIONS (anexo II)	7.446.794,20	569.833,18	8.016.627,38
<b>TOTAL PAI 2016 61 CONCELLOS</b>	<b>14.536.732,38</b>	<b>569.833,18</b>	<b>15.106.565,56</b>

Aprobar os proxectos técnicos das obras e os pregos de prescricións técnicas das subministracións incluídas neste plan. Non obstante, a aprobación definitiva dos investimentos que no anexo II teñen indicada unha condición suspensiva, queda condicionada ao seu cumprimento, segundo se detalla no citado anexo II.

O resumo dos datos das solicitudes presentadas polos concellos figura no anexo IV.

O Plan finánciase con cargo á partida 0430/9433/82120 do vixente orzamento provincial

2.- Aprobar o Plan complementario ao PAI 2016, no que se inclúen as obras e as subministracións que se detallan no anexo III a este acordo. Estas obras e subministracións teñen carácter de supletorio e financiaranse con cargo aos remanentes que se puideran xerar por anulacións de proxectos ou por baixas de licitación, así como polos suplementos de crédito que se puideran aprobar, de forma que a súa aprobación definitiva queda condicionada a que efectivamente se produzan os ditos remanentes.

Aprobar, así mesmo, os proxectos das obras e os pregos das subministracións incluídos no Plan complementario. Non obstante, a aprobación definitiva dos investimentos que no anexo III teñen indicada unha condición suspensiva, queda condicionada ao seu cumprimento, segundo se detalla no citado anexo.

3.- Dispoñer o pago do préstamo provincial asignado á redución do endebedamento dos concellos, cuxa relación e importes figuran no anexo I a este acordo. A deputación transferiralle directamente á entidade financeira na que o concello teña concertado o préstamo municipal que se vai amortizar o importe do préstamo provincial que o concello solicitou aplicar a esta finalidade.



4.- A contratación das obras e subministracións incluídas no apartado B de investimentos que se relacionan no anexo II realizarana os respectivos concellos de acordo co previsto na base 7.

5.- A execución do plan e o pago do préstamo provincial realizarase de acordo co previsto nas bases 8 e 9 e a devolución polos concellos do préstamo provincial recibido realizarase segundo se detalla na base 10.

6.- Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións despois de que transcorra o dito prazo sen que se presentara ningunha alegación.

7.- Remitir o expediente para o seu coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos de coordinación establecidos nos artigos 122 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez transcorrido o dito prazo sen que se emita ningún informe.”

PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2016

Anexo I: Redución de débeda do concello

CONCELLO	Nº	IMPORTE PRÉSTAMO PROVINCIAL APLICADO Á MINORACIÓN DA DÉBEDA MUNICIPAL	ENTIDADE FINANCIERA	CODIGO PRÉSTAMO	CONTA BANCARIA ASOCIADA
AMES	1	101.280,16	Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S.A.	0182 95 00046378474	ES 3301825947 10 0200150018
	<b>TOTAL</b>	<b>101.280,16</b>			
ARES	2	122.401,09	BBVA (antes BANCO DE CRÉDITO LOCAL)	0182-6244-47-9545866867	ES34-0182-6244-41-0200150024
	<b>TOTAL</b>	<b>122.401,09</b>			
BETANZOS	3	17.383,90	ABANCA	2080-3101-000303-000-00-9	ES11 2080 3101 0131 1000 0103
	<b>TOTAL</b>	<b>17.383,90</b>			
BOIRO	4	135.281,23	Banco Bilbao Vizcaya Argentaria	19566293	ES5001825947100200150100
	<b>TOTAL</b>	<b>135.281,23</b>			
BOQUEIXÓN	5	190.085,67	ABANCA	0320-67-738-8	ES51-2080-0320-20-3110000344
	<b>TOTAL</b>	<b>190.085,67</b>			
BRIÓN	6	209.348,54	Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A.	0182-5947-895-46031959	ES400-182-5947-17-0200150131
	<b>TOTAL</b>	<b>209.348,54</b>			

CABANAS	7	37.890,84	NGC BANCO S.A.	500-0201-25.081-2	ES1320800201983110000052
	<b>TOTAL</b>	<b>37.890,84</b>			

CAMARIÑAS	8	54.244,45	ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A.	500-0061-4.532-2	ES28 2080 0061 5231 1000 0015
	<b>TOTAL</b>	<b>54.244,45</b>			

CAMBRE	9	92.189,27	BANCO DE SABADELL, S.A.	807488718007	0081 2188 70 0001007702
	<b>TOTAL</b>	<b>92.189,27</b>			

CARBALLO	10	30.700,28	ABANCA Corporación Bancaria S.A.	2080-0019-017557-000-00-6	2080-0019-50-3110000019
	<b>TOTAL</b>	<b>30.700,28</b>			

CARNOTA	11	151.997,50	BANCO SANTANDER	0049/3563/17/1230404419	0049/3563/17/2114052394
	<b>TOTAL</b>	<b>151.997,50</b>			

CARRAL	12	167.120,70	BBVA	46838541	ES2101825947160201503187
	<b>TOTAL</b>	<b>167.120,70</b>			

CEE	13	82.393,53	A BANCA	20800201930540011358	ES4620800022083110000014
	14	89.737,95	BBVA	0182-5947-895-46047085	ES4801825947160200150230
	15	12.330,75	BBVA	0182-5947-895-42896145	ES4801825947160200150230
	<b>TOTAL</b>	<b>184.462,23</b>			

CERDEDA	16	31.817,83	BBVA	46091015	0182-5947-14-0201502795
	<b>TOTAL</b>	<b>31.817,83</b>			

CORISTANCO	17	54.574,76	BANCO PASTOR	0151/07052401	0238-8221 043-00001
	18	231.800,65	A BANCA	500-0071-45369/3	500-0071-45369/3
	<b>TOTAL</b>	<b>286.375,41</b>			

CULLEREDO	19	186.975,26	BANCO SABADELL	807493090538	0081 2310 71 0001087314
	<b>TOTAL</b>	<b>186.975,26</b>			

DODRO	20	102.966,13	BANCO DE SABADELL, S.A.	8,07415E+11	ES30 0081 0390 1900 0146 0553
	<b>TOTAL</b>	<b>102.966,13</b>			

FENE	21	22.794,33	BBVA Instituciones	0182-6244-895-46466969	ES82-0182-6244-47-0200150321
	<b>TOTAL</b>	<b>22.794,33</b>			

FERROL	22	118.776,50	ABANCA	500-200-44096-8	ES91-2080-0200-4131-1000-0327
	<b>TOTAL</b>	<b>118.776,50</b>			

FISTERRA	23	119.793,65	BANCO BILBAO VIZCAYA	ICO N 9546841619	ES47-0182-5947-1402-0015-0346
	<b>TOTAL</b>	<b>119.793,65</b>			

FRADES	24	13.351,92	BBVA	45805459	ES4901825947110200150360
	<b>TOTAL</b>	<b>13.351,92</b>			

LAXE	25	119.825,32	Banco Bilbao Vizcaya Argentaria	95/45580374	ES40 0182 5947 1002 00150377
	<b>TOTAL</b>	<b>119.825,32</b>			

LOUSAME	26	25.685,74	BBVA	0182-5947-895-46103405	ES88 0182 5947 1402 0015 0384
	<b>TOTAL</b>	<b>25.685,74</b>			

MALPICA DE B.	27	46.409,77	BANCO PASTOR, S.A.	ES43 0238 8136 7704 3000 0166	ES56 0238 8136 7606 6000 0173
	<b>TOTAL</b>	<b>46.409,77</b>			

MELIDE	28	47.061,03	CAIXA RURAL GALEGA	3070-0033-36-6046933955	3070-0033-30-6046910227
	<b>TOTAL</b>	<b>47.061,03</b>			

NARÓN	29	456.722,01	ABANCA	0235-590-0	ES15 2080 0235 91 3110000017
	<b>TOTAL</b>	<b>456.722,01</b>			

NEDA	30	121.877,24	BBVA	018262449545687261	ES41 0182 6244 4002 0015 0529
	<b>TOTAL</b>	<b>121.877,24</b>			

NEGREIRA	31	274.468,83	Banco de Crédito Local	9545089231	ES63 0182 5947 1202 0015 0544
	<b>TOTAL</b>	<b>274.468,83</b>			

OLEIROS	32	229.315,99	BBVA	0182-6244-895-46409688	ES33-0182-6244-44-0200150574
	<b>TOTAL</b>	<b>229.315,99</b>			

ORDES	33	217.912,74	CAIXABANK, S.A.	9620.313.671173.51	ES13-2100-8685-3202-0000-5810
	<b>TOTAL</b>	<b>217.912,74</b>			

OROSO	34	44.681,97	ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A.	500-335-67948-5	2091-0335-92-3110000150
	<b>TOTAL</b>	<b>44.681,97</b>			

ORTIGUEIRA	35	100.460,38	BANCO SABADELL	0081-8074624289-75	ES25-0081-2303-3200-0100-0606
	36	19.938,96	BANCO SABADELL	0081-8074624291-70	ES25-0081-2303-3200-0100-0606
	37	253.093,59	BANCO SABADELL	0081-8074624292-69	ES25-0081-2303-3200-0100-0606
	<b>TOTAL</b>	<b>373.492,93</b>			

PADRÓN	38	186.934,23	CAIXABANK SA	9620 313 82535380	ES56 2100 2820 3202 00002727
	<b>TOTAL</b>	<b>186.934,23</b>			

PINO (O)	39	107.770,46	(ICO) BANCO POPULAR (ANTES B.PASTOR)	ICO Nº 910138	ES12-0238-8206-9006-60000271
	<b>TOTAL</b>	<b>107.770,46</b>			

POBRA DO C.	40	179.431,24	ABANCA	500-0311-69992-3	ES12 2080 0311 1231 1000 0336
	<b>TOTAL</b>	<b>179.431,24</b>			

PONTECESO	41	225.478,22	Banco Santander SA	0000093123	ES25 00306056160317002273
	<b>TOTAL</b>	<b>225.478,22</b>			

PORTO DO SON	42	144.432,72	Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A.	9546484948	ES06 0182 5947 10 0200 150698
	<b>TOTAL</b>	<b>144.432,72</b>			

RIANXO	43	222.852,95	BBVA	95.55014584	ES8601825947140200150711
	<b>TOTAL</b>	<b>222.852,95</b>			

RIBEIRA	44	162.259,07	Caixabank, S.A.	9620 312 77873398	ES09 2100 8685 3002 0000 0742
	<b>TOTAL</b>	<b>162.259,07</b>			

ROIS	45	46.437,59	Banco Sabadell, S.A.	807415408563	ES39 0081 0499 6500 0147 3251
	<b>TOTAL</b>	<b>46.437,59</b>			

SANTIAGO DE C.	46	494.403,29	ABANCA	388-3-6	2091-0388-5000000036
	<b>TOTAL</b>	<b>494.403,29</b>			

TEO	47	68.000,00	LA CAIXA	9620 31359547020	ES09 2100 8685 3902 0000 5345
	<b>TOTAL</b>	<b>68.000,00</b>			

TOQUES	48	52.940,78	BANCO POPULAR	0238-8194 043-0000373	ES07 0238 8194 1306 6000 0369
	<b>TOTAL</b>	<b>52.940,78</b>			

TORDOIA	49	218.381,45	BBVA INSTITUCIONES (antes BCL)	95/45218580	ES2801825947150208501078
	<b>TOTAL</b>	<b>218.381,45</b>			

VALDOVIÑO	50	59.001,08	ABANCA	213-15.787-6	ES4720800213543110000026
	51	150.070,75	ABANCA	213-15.629-9	ES4720800213543110000026
	<b>TOTAL</b>	<b>209.071,83</b>			

VAL DO DUBRA	52	52.000,00	ABANCA	2080 0315 065433000007	2080 0315 8031 1000 0038
	<b>TOTAL</b>	<b>52.000,00</b>			

VEDRA	53	174.339,17	BBVA	9550281511	ES55 0182 5947 1102 0015 1028
	<b>TOTAL</b>	<b>174.339,17</b>			

VIMIÁNZO	54	73.948,50	CAIXABANK, S.A.	9620.312-052239-32	ES50.2100.6801.0302.0002.0449
	<b>TOTAL</b>	<b>73.948,50</b>			

CARIÑO	55	136.566,22	Banco Sabadell	807499510388	ES11-0081-5572-21-0001059010
	<b>TOTAL</b>	<b>136.566,22</b>			

<b>TOTAL</b>	<b>7.089.938,18</b>
--------------	---------------------

<b>NÚMERO DE CONCELLOS</b>	<b>49</b>
----------------------------	-----------

<b>NÚMERO DE PRÉSTAMOS</b>	<b>55</b>
----------------------------	-----------



PLAN DE AFORRO E  
INVESTIMENTO (PAI) 2016

Anexo II: Investimentos financeiramente sostibles

CONCELLO	CÓDIGO	tipo de obra	DENOMINACIÓN	PRÉSTAMO DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ORZAMENTO TOTAL	CONDICIÓN
ABEGONDO	16.3290.0001.0	51021	REPAR. CMÑOS. NAS PARROQUIAS DE VIÓS E ORTO	50.791,46	0,00	50.791,46	Autorización de Augas de Galicia Autorización do Mº de Fomento (Demarcación Estradas Estado en Galicia) Autorización da Dirección Xeral de Conservación da Natureza
	16.3290.0002.0	51021	REP.CMÑS. PRRQ.MABEGONDO, ABEGONDO E CAB.	44.200,24	0,00	44.200,24	Autorización de Augas de Galicia Autorización do Mº de Fomento (Demarcación Estradas Estado en Galicia) Autorización Axencia Galega de Infraestruturas
	16.3290.0003.0	51021	REPAR.CMÑOS.PARROQUIAS DE ORTO E CRENDES	37.473,51	0,00	37.473,51	
	16.3290.0004.0	51023	MELL SEG. VIAL DO PK 11+00 A 11+320 (AC-221)	45.880,79	0,00	45.880,79	Autorización Axencia Galega de Infraestruturas Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
	16.3290.0005.0	51021	REP. CMÑOS. PRRQ. ORTO, SARANDÓS E MEANGOS	53.097,82	0,00	53.097,82	Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
			<b>TOTAL</b>	<b>231.443,82</b>	<b>0,00</b>	<b>231.443,82</b>	
AMES	16.3290.0006.0	44009	REPAR. E ACOND. DO CEMITERIO MUNICIPAL AMES	346.068,86	0,00	346.068,86	
			<b>TOTAL</b>	<b>346.068,86</b>	<b>0,00</b>	<b>346.068,86</b>	
A BAÑA	16.3290.0007.0	51021	PAVIMEN. VIAS PÚB. ESPESEDO-A CARBALLEIRA	211.468,84	0,00	211.468,84	
			<b>TOTAL</b>	<b>211.468,84</b>	<b>0,00</b>	<b>211.468,84</b>	

<b>BETANZOS</b>	16.3290.0008.0	43007	MELL. EFIC.ENERX.E ILUM. LED R/VENEZUELA E O.	194.789,38	0,00	194.789,38	
			<b>TOTAL</b>	<b>194.789,38</b>	<b>0,00</b>	<b>194.789,38</b>	
<b>BOIRO</b>	16.3290.0009.0	51021	PAV. BOLIÑA,SAN, BOIRO DE ARRIBA E ESCARABOTE	129.008,86	3.386,23	132.395,09	
	16.3290.0010.0	51023	PAV. R/ DO CAMPO, MADALENA,VILARIÑO E OUTRO	70.564,43	0,00	70.564,43	
			<b>TOTAL</b>	<b>199.573,29</b>	<b>3.386,23</b>	<b>202.959,52</b>	
<b>CABANAS</b>	16.3290.0011.0	51021	PAV. CMÑO. DO CADAVAL E TRAVESÍA DO ROLO	42.889,54	0,00	42.889,54	Autorización do Mº de Fomento (Demarcación Estradas Estado en Galicia)
	16.3290.0012.0	51021	PAVIMENTAC. VIAIS MUNICIPAIS: CAMIÑO DA NAVEIRA	40.655,18	0,00	40.655,18	Autorización do Mº de Fomento (Demarcación Estradas Estado en Galicia)
			<b>TOTAL</b>	<b>83.544,72</b>	<b>0,00</b>	<b>83.544,72</b>	
<b>CAMARIÑAS</b>	16.3290.0013.0	45320	ADEC.PISTA POLIDEPORTIVA PABELLÓN MUNICIPAL	100.739,70	0,00	100.739,70	
			<b>TOTAL</b>	<b>100.739,70</b>	<b>0,00</b>	<b>100.739,70</b>	
<b>CAMBRE</b>	16.3290.0014.0	12301	INSTALACIÓN ASCENSOR NA CASA CONSISTORIAL	39.990,00	0,00	39.990,00	
	16.3290.0015.0	12002	REF. LOCAL COMERCIAL PARA OFICINAS MUNICIP.	221.744,60	0,00	221.744,60	
			<b>TOTAL</b>	<b>261.734,60</b>	<b>0,00</b>	<b>261.734,60</b>	
<b>CARBALLO</b>	16.3290.0016.0	51023	REURBANIZACION RÚA DESIDERIO VARELA	211.158,49	18.000,00	229.158,49	
	16.3290.0017.0	51021	MELLORA CAPA DE RODAD. EN CANCES GRANDE	55.036,32	0,00	55.036,32	
	16.3290.0018.0	51023	REPARACION RÚAS CASCO URBANO CARBALLO	72.964,25	0,00	72.964,25	
	16.3290.0019.0	51023	REURBANIZACION DA RÚA PONTE	220.530,67	19.252,08	239.782,75	
			<b>TOTAL</b>	<b>559.689,73</b>	<b>37.252,08</b>	<b>596.941,81</b>	

<b>CEDEIRA</b>	16.3290.0020.0	45019	MELLS. ACCESIBILIDADE E OUT. BIBLIOTECA MUNIC	212.115,86	37.130,83	249.246,69	Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
			<b>TOTAL</b>	<b>212.115,86</b>	<b>37.130,83</b>	<b>249.246,69</b>	
<b>CERCEDA</b>	16.3290.0021.0	51023	PAVIMENTACIÓN CMÑ. INTERIOR EN FINS E OUTR.	47.847,57	0,00	47.847,57	
	16.3290.0022.0	44012	SANEAMENTO NA SILVA ATA CAMPO DE FUTBOL	105.087,04	0,00	105.087,04	
	16.3290.0023.0	51021	CMÑO. DE BAIXA DE RODIS A ESTR. DE CARBALLO	40.745,99	0,00	40.745,99	
			<b>TOTAL</b>	<b>193.680,60</b>	<b>0,00</b>	<b>193.680,60</b>	
<b>CULLEREDO</b>	16.3290.0024.0	51023	PAVIMENT. NA RÚA VOCES CEIBES E RÍO DA COVA	88.970,09	0,00	88.970,09	
	16.3290.0025.0	51021	PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DE ORRO Á ZAPATEIRA	56.912,93	0,00	56.912,93	
	16.3290.0026.0	43008	CUBERTAS, AMPL. E RENOV. PARQUE INF. LEDOÑO	95.442,37	0,00	95.442,37	
			<b>TOTAL</b>	<b>241.325,39</b>	<b>0,00</b>	<b>241.325,39</b>	
<b>DUMBRÍA</b>	16.3290.0027.0	44009	ACCESO A NOVO CEMITERIO DE DUMBRIA	97.819,99	0,00	97.819,99	
	16.3290.0028.0	51021	ACCESO A CHEO	123.296,16	0,00	123.296,16	
			<b>TOTAL</b>	<b>221.116,15</b>	<b>0,00</b>	<b>221.116,15</b>	
<b>FENE</b>	16.3290.0029.0	51023	MELL. DRENAXE E REF. FIRME LUBIÁN (SILLOBRE)	59.986,86	0,00	59.986,86	Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
	16.3290.0030.0	51021	PAVIMENTACIÓN CAMIÑO DO CATALÁN (MANIÑOS)	80.451,79	0,00	80.451,79	Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
	16.3290.0031.0	51021	PAV.CMÑOS. DA REVOLTA A FORMOSENDE E OUTS.	57.856,53	0,00	57.856,53	Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
			<b>TOTAL</b>	<b>198.295,18</b>	<b>0,00</b>	<b>198.295,18</b>	Autorización de Augas de Galicia

FERROL	16.3290.0032.0	45535	REP. CUBERTA C. CULTURAL CARBALLO CALERO	116.797,68	9.623,64	126.421,32	
	<b>TOTAL</b>			<b>116.797,68</b>	<b>9.623,64</b>	<b>126.421,32</b>	
LOUSAME	16.3290.0033.0	51021	CAMIÑO SEOANE-CERQUIDES	78.577,53	0,00	78.577,53	
	16.3290.0034.0	51021	CMÑ.SILVARRED.-FROXAN-CRUCÉ SILVARRED. E O.	73.158,28	0,00	73.158,28	
	<b>TOTAL</b>			<b>151.735,81</b>	<b>0,00</b>	<b>151.735,81</b>	
MALPICA DE B.	16.3290.0035.0	43007	MELL. SEG. ILUM. PÚB. BARIZO, MALPICA, MENS E O.	92.518,16	0,00	92.518,16	
	16.3290.0036.0	51023	2ª FASE MARQUESINA EN MILLADOIRO	31.222,25	0,00	31.222,25	Ratificación polo Pleno municipal do proxeito corrixido
	<b>TOTAL</b>			<b>123.740,41</b>	<b>0,00</b>	<b>123.740,41</b>	
MAÑÓN	16.3290.0037.0	51023	RÚA LANDÍN CARRASCO (BARES)	40.008,81	0,00	40.008,81	
	16.3290.0038.0	51021	CAMIÑO BICO DO SEIXO Ó FABRIQUÍN	33.738,38	0,00	33.738,38	
	16.3290.0039.0	43007	RENOV. ILUM.ÁREA RECREATIVA DE MOGOR E OU.	71.170,95	0,00	71.170,95	
	<b>TOTAL</b>			<b>144.918,14</b>	<b>0,00</b>	<b>144.918,14</b>	
MELIDE	16.3290.0040.0	44013	REFORMA E POSTA EN VALOR PRAZA DE ABASTOS	99.733,55	0,00	99.733,55	Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
	16.3290.0041.0	51023	REPARACIÓN RÚA GRUPO SINDICAL, MELIDE	34.415,20	0,00	34.415,20	Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
	16.3290.0042.0	45320	TRASLADO 2 PISTAS PADEL E ADEC. CONTORNA	117.273,08	0,00	117.273,08	
	<b>TOTAL</b>			<b>251.421,83</b>	<b>0,00</b>	<b>251.421,83</b>	
NARÓN	16.3290.0043.0	45020	MINIPISTAS POLID. PARQS. GÁNDARA E STA.TEGRA	83.744,58	0,00	83.744,58	
	<b>TOTAL</b>			<b>83.744,58</b>	<b>0,00</b>	<b>83.744,58</b>	

<b>NOIA</b>	16.3290.0044.0	51023	REN. URB. MALECÓN GASSET: PERO SARDIÑA. A OU.	230.000,01	0,00	230.000,01	
			<b>TOTAL</b>	<b>230.000,01</b>	<b>0,00</b>	<b>230.000,01</b>	
<b>OLEIROS</b>	16.3290.0045.0	51022	REN OV. REDE ABASTEC. AUGA NA RÚA DO PAZO	90.729,83	55.647,62	146.377,45	Ratificación polo Pleno municipal do orzamento correcto do proxecto
	16.3290.0046.0	51022	REN OV. REDE ABASTEC. AUGA RÚA VALLE INCLÁN	105.076,73	64.447,05	169.523,78	Ratificación polo Pleno municipal do orzamento correcto do proxecto
	16.3290.0047.0	51022	RENOVACIÓN DE EBAP DE ABA	29.885,65	18.329,86	48.215,51	Ratificación polo Pleno municipal do orzamento correcto do proxecto
			<b>TOTAL</b>	<b>225.692,21</b>	<b>138.424,53</b>	<b>364.116,74</b>	
<b>ORDES</b>	16.3290.0048.0	44009	MELLORA APARCADOIRO TANATORIO MUNICIPAL	140.091,54	29.419,22	169.510,76	Autorización de Augas de Galicia
			<b>TOTAL</b>	<b>140.091,54</b>	<b>29.419,22</b>	<b>169.510,76</b>	
<b>OROSO</b>	16.3290.0049.0	42529	AMPLIACIÓN DA ESCOLA INFANTIL A ULLOA	59.300,84	0,00	59.300,84	
	16.3290.0050.0	51023	MELL. SINALIZ. VERTICAL E HORIZONTAL SIGÜEIRO	26.489,20	3.510,80	30.000,00	Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
	16.3290.0051.0	43007	ALUMEADO PÚBL. EN VILALBARRO E O CRUCEIRO	32.928,94	0,00	32.928,94	Autorización da C. de Cultura e Educación (camiño inglés)
	16.3290.0052.0	12301	ACONDICION. PARCIAL DA CASA CONSISTORIAL	51.519,52	4.378,70	55.898,22	Autorización do Mº de Fomento (Demarcación Estradas Estado en Galicia)
			<b>TOTAL</b>	<b>170.238,50</b>	<b>7.889,50</b>	<b>178.128,00</b>	Autorización Deleg.Gob. en Galicia (Área industria e enerxía)
<b>OUTES</b>	16.3290.0053.0	51023	HUMANIZACIÓN RÚA DO TINES	152.633,41	0,00	152.633,41	Autorización do Mº de Fomento (Demarcación Estradas do Estado en Galicia)
	16.3290.0054.0	51023	PAV. RÚA DO CONCHIDO, PRAZA DE GALICIA E OU.	75.257,51	0,00	75.257,51	Autorización da Consellería de Cultura e Educación (Camiño Inglés)
			<b>TOTAL</b>	<b>227.890,92</b>	<b>0,00</b>	<b>227.890,92</b>	

<b>PINO (O)</b>	16.3290.0055.0	43007	RENOV.ILUM.PRRQ.CASTROFEITO (LUG.SANTISO E O)	70.986,80	0,00	70.986,80	
	16.3290.0056.0	43007	RENOV.ILUM. PUB. EN PONTECARREIRA E OUTROS	70.236,28	0,00	70.236,28	
			<b>TOTAL</b>	<b>141.223,08</b>	<b>0,00</b>	<b>141.223,08</b>	
<b>PONTEDEU ME</b>	16.3290.0057.0	51022	RENOV. ABASTEC. AUGA DO PORTIÑO A ANDURIÑA.	169.000,00	0,00	169.000,00	Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural Autorización de Augas de Galicia Autorización de ADIF Autorización desta deputación
			<b>TOTAL</b>	<b>169.000,00</b>	<b>0,00</b>	<b>169.000,00</b>	
<b>PONTES G. R. (AS)</b>	16.3290.0058.0	44012	DEP. AUGA RES. SECTOR 1 POLÍG. PENAPURREIRA	352.775,50	0,00	352.775,50	Autorización de Augas de Galicia Autorización para verquidos de augas residuais (Aguas de Galicia)
			<b>TOTAL</b>	<b>352.775,50</b>	<b>0,00</b>	<b>352.775,50</b>	
<b>PORTO DO SON</b>	16.3290.0059.0	51023	AMPLIACIÓN E MELLORA DO VIAL O DIQUE-GOLTAR	31.720,28	0,00	31.720,28	Aceditación da dispoñibilidade de terreos
	16.3290.0060.0	51021	AMPL. CMÑOS. EN NÚCLEOS DE TARELA A TARRÍO	76.679,83	0,00	76.679,83	Aceditación da dispoñibilidade de terreos Ratificación polo Pleno municipal do cambio de denominación obra
			<b>TOTAL</b>	<b>108.400,11</b>	<b>0,00</b>	<b>108.400,11</b>	
<b>RIBEIRA</b>	16.3290.0061.0	45020	REMODELACIÓN DO CAMPO DE FUTBOL DE CARREIRA	239.571,22	24.402,14	263.973,36	
			<b>TOTAL</b>	<b>239.571,22</b>	<b>24.402,14</b>	<b>263.973,36</b>	
<b>ROIS</b>	16.3290.0062.0	51021	ACOND.PISTAS SEAXE, TOURIS, SORRIBAS E SEIRA	66.919,51	0,00	66.919,51	
	16.3290.0063.0	51021	ACOND.LEROÑO, ALCANT. E PLUV. EN BRALO E OU.	93.449,95	0,00	93.449,95	
			<b>TOTAL</b>	<b>160.369,46</b>	<b>0,00</b>	<b>160.369,46</b>	

<b>SADA</b>	16.3290.0064.0	00599	SUBMINISTRO DE 1 TURISMO PARA POLICIA LOCAL	30.000,00	0,00	30.000,00	
	16.3290.0065.0	00599	SUBMINISTRO FURGONETA PICK-UP PARA O SEM	30.000,00	0,00	30.000,00	
	16.3290.0066.0	00599	SUBM. CAMIÓN CAIXA ABERTA CON GRUA	30.000,00	0,00	30.000,00	
	16.3290.0067.0	00599	SUBM.CAMIÓN CON CAIXA VOLQUETE BRIGADA SER.	30.000,00	0,00	30.000,00	
	16.3290.0068.0	00599	SUBM. PALA MIXTA CON CAZO DE LIMPEZA ORIENT.	30.000,00	0,00	30.000,00	
			<b>TOTAL</b>	<b>150.000,00</b>	<b>0,00</b>	<b>150.000,00</b>	
<b>SOMOZAS (AS)</b>	16.3290.0069.0	43007	ILUMINACIÓN PÚB. ENTRE LAMEIRA E A TOCA	38.468,95	0,00	38.468,95	
	16.3290.0070.0	51023	REPOSICIÓN PASARELAS AREA RECRE. DA IGREXA	32.272,62	0,00	32.272,62	
	16.3290.0071.0	51021	ACCESO EN VILACHAVE (A PENA) E OUTROS	43.671,45	0,00	43.671,45	
	16.3290.0072.0	51023	CMÑO. INTERIOR EN SANTO ESTEVO E OUTROS	41.987,35	0,00	41.987,35	
				<b>TOTAL</b>	<b>156.400,37</b>	<b>0,00</b>	<b>156.400,37</b>
<b>TEO</b>	16.3290.0073.0	44012	COLECTOR ESPASANDE-A INSUA	263.340,12	52.005,98	315.346,10	Acreditación da dispoñibilidade dos terreos Autorización de Augas de Galicia Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural Autorización da Deputación provincial
			<b>TOTAL</b>	<b>263.340,12</b>	<b>52.005,98</b>	<b>315.346,10</b>	
<b>TOQUES</b>	16.3290.0074.0	51021	CAMIÑO PORTO SALGUEIRO A FOXO DO CABRITO	11.768,40	56.040,00	67.808,40	
	16.3290.0075.0	43007	RENOV. ILUM. BRAÑAS (PORTO SALGUEIRO) E OU.	6.342,33	25.369,35	31.711,68	
	16.3290.0076.0	00599	DANOS POR TEMPORAIS CMÑO. DO OUTEIRO E OU.	20.000,00	148.889,68	168.889,68	Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
			<b>TOTAL</b>	<b>38.110,73</b>	<b>230.299,03</b>	<b>268.409,76</b>	
<b>TOURO</b>	16.3290.0077.0	51023	REP. BEIRAR. BISPO D. REBOREDO E ISABEL II E OU.	55.813,51	0,00	55.813,51	

	16.3290.0078.0	51023	REPOSICIÓN BEIRARRÚAS EN LOXO	64.186,49	0,00	64.186,49	
			<b>TOTAL</b>	<b>120.000,00</b>	<b>0,00</b>	<b>120.000,00</b>	
<b>VAL DO DUBRA</b>	16.3290.0079.0	51021	ACCESO Ó RIEIRO DENDE A DP-1914 EN RIAL	81.612,66	0,00	81.612,66	Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
	16.3290.0080.0	51021	PISTA A PORTOCONXO (A CABADA) E OUTROS	81.886,08	0,00	81.886,08	Autorización de Augas de Galicia
			<b>TOTAL</b>	<b>163.498,74</b>	<b>0,00</b>	<b>163.498,74</b>	
<b>VIMIANZO</b>	16.3290.0081.0	51023	MELL. ESTR. BAIÑAS-LÍMITE CONCELLO DUMBRIA	154.247,12	0,00	154.247,12	Autorización de Augas de Galicia
	16.3290.0082.0	44012	REDE DE SANEAMENTO EN REBOREDO (SALTO)	108.000,00	0,00	108.000,00	Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
			<b>TOTAL</b>	<b>262.247,12</b>	<b>0,00</b>	<b>262.247,12</b>	Autorización de Augas de Galicia Autorización de Verquidos de Augas de Galicia

<b>TOTAL</b>	<b>7.446.794,20</b>	<b>569.833,18</b>	<b>8.016.627,38</b>
--------------	---------------------	-------------------	---------------------

<b>NÚMERO DE CONCELLOS</b>	<b>38</b>
----------------------------	-----------

<b>NÚMERO DE OBRAS</b>	<b>82</b>
------------------------	-----------



**PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2016**

**Anexo III: Plan Complementario**

<b>Concello</b>	<b>Denominación</b>	<b>ORZAMENTO TOTAL</b>	<b>CONDICIÓN</b>
ABEGONDO	REP.CMÑS. DE BORREIROS AO PENEDO (MABEG.)	34.295,71	
AMES	AMPLIACIÓN ABAST. AUGA GUIMARÁNS, QUISTILÁNS	40.559,96	
BETANZOS	RENOV. ORDENADORES PERS. DEPENDENCIAS MUN.	44.467,50	
CAMBRE	NOVA REDE DE SANEAMENTO NA CALLE, PRAVIO	63.586,35	Autorización Axencia Galega de Infraestruturas Autorización do Mº de Fomento (Demarcación Estradas do Estado en Galicia) Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
CARBALLO	RUTAS SEN BARREIRAS ITINER. PEONÍS ESCOLARES	143.579,52	
CULLEREDO	RENOV. E AMPL. PARQUE INFANTIL FERNANDO II	43.863,71	
FENE	AMPL. BEIRARRÚAS R/AMENEIRAL E OUTROS	34.807,50	Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
FERROL	ARRANXO ANEXO NORTE CUARTEL DA POLICÍA LOCAL	49.159,86	
MELIDE	REPARACIÓN RÚA CAMIÑO REAL, MELIDE	40.000,00	Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
NOIA	RECUPERACIÓN MERENDEIRO LG. DE SAN LOIS	30.000,74	
RIBEIRA	REF. PLUV. E SAN. R/BUENOS AIRES,CORRUBEDO	57.781,37	Autorización Axencia Galega de Infraestruturas
ROIS	ACONDICIONAMENTO PISTA DE A MEANA A SORRIBAS	30.524,04	
SOMOZAS (AS)	CAMIÑO NO VIEITEIRO E OUTROS	30.176,53	
VIMIANZO	SUBM. CONTADORES AUGA CON TELELECTURA	30.000,00	Ratificación polo Pleno do proxecto corrixido

<b>TOTAL</b>	<b>672.802,79</b>
<b>NÚMERO DE CONCELLOS</b>	<b>14</b>
<b>NÚMERO DE OBRAS</b>	<b>14</b>

PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2016

Anexo IV: Resumo por concellos

CONCELLO	ASIGNACION PAI 2016	PRESTAMO	INVESTIMENTOS	ECONOMIA	NON SOLICITA
Abegondo	231.443,82		231.443,82	0,00	
Ames	447.349,02	101.280,16	346.068,86	0,00	
Aranga	192.546,90				192.546,90
Ares	122.401,09	122.401,09			
Arteixo	487.876,40				487.876,40
Arzúa	321.473,97				321.473,97
Baña (A)	211.468,85		211.468,84	0,01	
Bergondo	169.779,17				169.779,17
Betanzos	212.173,28	17.383,90	194.789,38	0,00	
Boimorto	173.875,76				173.875,76
Boiro	334.854,53	135.281,23	199.573,29	0,01	
Boqueixón	190.085,67	190.085,67		0,00	
Brión	209.348,54	209.348,54		0,00	
Cabana de B,	206.281,07				206.281,07
Cabanas	121.435,56	37.890,84	83.544,72	0,00	
Camariñas	154.984,15	54.244,45	100.739,70	0,00	
Cambre	353.923,87	92.189,27	261.734,60	0,00	

CONCELLO	ASIGNACION PAI 2016	PRESTAMO	INVESTIMENTOS	ECONOMIA	NON SOLICITA
Moeche	107.914,32				107.914,32
Monfero	242.952,82				242.952,82
Mugardos	127.938,53				127.938,53
Muxía	248.887,77				248.887,77
Muros	219.233,65				219.233,65
Narón	540.466,59	456.722,01	83.744,58	0,00	
Neda	121.877,24	121.877,24		0,00	
Negreira	274.468,83	274.468,83		0,00	
Noia	235.210,03		230.000,01	5.210,02	
Oleiros	455.008,20	229.315,99	225.692,21	0,00	
Ordes	358.004,28	217.912,74	140.091,54	0,00	
Oroso	214.920,47	44.681,97	170.238,50	0,00	
Ortigueira	373.492,93	373.492,93		0,00	
Outes	227.890,92		227.890,92	0,00	
Paderne	121.516,15				121.516,15
Padrón	186.934,23	186.934,23		0,00	
Pino (O)	249.007,54	107.770,46	141.223,08	14,00	

Capela (A)	111.414,29				111.414,29
Carballo	590.390,01	30.700,28	559.689,73	0,00	
Carnota	151.997,50	151.997,50		0,00	
Carral	167.120,70	167.120,70		0,00	
Cedeira	212.115,86		212.115,86	0,00	
Cee	184.462,23	184.462,23		0,00	
Cerceda	225.498,43	31.817,83	193.680,60	0,00	
Cerdido	102.569,67				102.569,67
Coirós	101.751,15				101.751,15
Corcubión	64.992,15				64.992,15
Coristanco	286.375,41	286.375,41		0,00	
Coruña (A)	147.982,28				147.982,28
Culleredo	428.300,65	186.975,26	241.325,39	0,00	
Curtis	199.954,47				199.954,47
Dodro	102.966,13	102.966,13		0,00	
Dumbría	221.116,15		221.116,15	0,00	
Fene	221.089,51	22.794,33	198.295,18	0,00	
Ferrol	235.574,18	118.776,50	116.797,68	0,00	
Fisterra	119.793,65	119.793,65		0,00	
Frades	172.805,17	13.351,92		159.453,25	
Irixoa	132.701,93				132.701,93
Laxe	119.825,32	119.825,32		0,00	
Laracha (A)	311.111,46				311.111,46
Lousame	177.421,55	25.685,74	151.735,81	0,00	
Malpica de B.	176.694,89	46.409,77	123.740,41	6.544,71	

Pobra do Caramiñal (A)	179.431,24	179.431,24			0,00
Ponteceso	225.478,22	225.478,22			0,00
Pontedeume	169.034,96		169.000,00	34,96	
Pontes de G.R. (As)	449.240,08		352.775,50	96.464,58	
Porto do Son	252.832,83	144.432,72	108.400,11	0,00	
Rianxo	222.852,95	222.852,95		0,00	
Riveira	401.830,29	162.259,07	239.571,22	0,00	
Rois	206.807,05	46.437,59	160.369,46	0,00	
Sada	240.389,53		150.000,00	90.389,53	
San Sadurniño	181.309,18				181.309,18
Santa Comba	382.587,72				382.587,72
Santiago de C.	494.403,29	494.403,29		0,00	
Santiso	170.926,86				170.926,86
Sobrado	204.396,45				204.396,45
Somozas (As)	156.400,37		156.400,37	0,00	
Teo	331.340,12	68.000,00	263.340,12	0,00	
Toques	151.813,09	52.940,78	38.110,73	60.761,58	
Tordoia	218.381,45	218.381,45		0,00	
Touro	243.233,41		120.000,00	123.233,41	
Trazo	196.000,18				196.000,18
Valdoviño	209.071,83	209.071,83		0,00	
Val do Dubra	215.498,74	52.000,00	163.498,74	0,00	
Vedra	174.339,17	174.339,17		0,00	
Vilasantar	123.059,49				123.059,49
Vilarmador	91.921,90				91.921,90

Mañón	144.918,14		144.918,14	0,00	
Mazaricos	302.905,13				302.905,13
Melide	298.482,86	47.061,03	251.421,83	0,00	
Mesía	198.937,13				198.937,13
Miño	158.899,52				158.899,52

Vimianzo	336.195,62	73.948,50	262.247,12	0,00	
Zas	261.247,11				261.247,11
Cariño	136.566,22	136.566,22		0,00	
Oza-Cesuras	341.216,98				341.216,98

<b>TOTAL</b>	<b>21.485.000,00</b>	<b>7.089.938,18</b>	<b>7.446.794,20</b>	<b>542.106,06</b>	<b>6.406.161,56</b>
<b>Nº CONCELLOS</b>		<b>61</b>			<b>32</b>

**24.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE MUXÍA PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE “ACONDICIONAMENTO EN LABEXO, ARMEAR, TABERNOVA, ESPÍNEIRO E LEIS”.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Muxía para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Muxía
DENOMINACIÓN DA OBRA	Acondicionamento en Labexo, Armear, Tabernova, Espiñeiro e Leis
ORZAMENTO DO PROXECTO	96.215,41 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	96.215,41 €
ACHEGA DO CONCELLO	0,00 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	100,00 %
PARTIDA ORZAMENTARIA	0430/4532/76201

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0430/4532/76201 do orzamento provincial para o ano 2016.

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

**ANEXO**

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MUXÍA PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA ACONDICIONAMENTO EN LABEXO, ARMEAR, TABERNOVA, ESPÍNEIRO E LEIS**

Na Coruña,

**REUNIDOS**

Dunha parte, o deputado responsable da Área de Cooperación cos Concellos, Xosé Rigueira Varela.

E doutra parte, o alcalde-presidente do Concello de Muxía, Félix Porto Serantes

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas.

## MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Muxía ambas as dúas partes

## ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

### I. Obxecto

1. O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello Muxía, con CIF P1505300B, para o financiamento da obra de “Acondicionamento en Labexo, Armear, Tabernova, Espiñeiro e Leis”, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto técnico municipal, Ramón María Leis Vidal

2. A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3. A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle, así como en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e a súa normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria comprométese a destinala ao uso público para o cal está prevista.

### II. Orzamento de execución das obras

O orzamento total da execución da contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	66.820,90 €
Gastos xerais (13 %)	8.686,72 €
Beneficio industrial (6 %)	4.009,25 €
IVE (21 %)	16.698,54 €
Orzamento da contrata	96.215,41 €

### **III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade**

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 96.215,41 €, o que representa unha porcentaxe do 100,00 %. A entidade beneficiaria emite informe responsable da Intervención municipal acreditando que a entidade non dispón doutras fontes de financiamento

2. No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total previsto na cláusula II, a Deputación só achegará o importe que represente o 100,00 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resultase inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula II, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, implantacións ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/4532/76201 do orzamento provincial para o ano 2016. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **IV. Contratación e execución**

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula I.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

## **V. Publicidade do financiamento provincial**

1. Durante a execución das obras e ata a finalización e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible, polo menos, a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figuren o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

## **VI. Xustificación necesaria para recibir a achega provincial**

1. Coa posibilidade prevista na base 57<sup>a</sup> das de execución do orzamento para o ano 2016, ata o 40 % da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pagamento a favor da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren, polo menos, os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e, no seu caso, polo funcionariado técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 % restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de recepción da obra deberá acudir persoal técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.



- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula V (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da entidade beneficiaria, en cuxos correspondentes asentos se faga constar que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Acreditación do pagamento efectivo a terceiros do importe aboado co primeiro pagamento prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E, de transcorrerem máis de catro meses dende a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar aboarlle aos terceiros o importe xustificado do 60 % no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.

## **VII. Termo para a finalización das obras e prazo de xustificación**

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIII.

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de 15 días.

3. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

## **VIII. Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación**

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e, logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

### **IX. Destino e manexo dos fondos recibidos**

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

### **X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo**

1. Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Simultaneamente, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

### **XI. Reintegro, infraccións e sancións**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pagamento dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), para o que se lle dará en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e seralle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación, de se producir o atraso no prazo de xustificación e non exceder dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €. De exceder dun mes e non chegar a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €. E, de a extemporaneidade da xustificación exceder de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

4. De se producir o atraso no pagamento á persoa adxudicataria ou a terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pagamento efectivo ao terceiro.

## **XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida**

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria seranlles remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.

2. Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende da Deputación.

## **XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación**

1. O presente convenio de colaboración terá efectos dende a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2017**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. No caso de que a entidade beneficiaria non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do citado prazo, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, e achegar coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento do segundo prazo pola

contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2019**; todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou, no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e após dos informes da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### **XIV. Natureza, interpretación e xurisdición competente**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicaráselle a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario na sesión

E en proba de conformidade asínano en exemplar cuadriplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

O deputado responsable da Área de  
Cooperación cos Concellos

O alcalde-presidente do Concello  
de Muxía

Xosé Regueira Varela

Félix Porto Serantes”

**25.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE PADERNE PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE “ACONDICIONAMENTO E PINTADO DA CASA DO CONCELLO”.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Paderne para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Paderne
DENOMINACIÓN DA OBRA	Acondicionamento e pintado da casa do concello
ORZAMENTO DO PROXECTO	14.373,78 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	11.499,02 €
ACHEGA DO CONCELLO	2.874,76 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80,00 %
PARTIDA ORZAMENTARIA	0430/93391/76201

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0430/93391/76201 do orzamento provincial para o ano 2016.

Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

**ANEXO**

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PADERNE PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA ACONDICIONAMENTO E PINTADO DA CASA DO CONCELLO**

Na Coruña,

**REUNIDOS**

Dunha parte, o deputado responsable da Área de Cooperación cos Concellos, Xosé Regueira Varela.

E doutra parte, o alcalde-presidente do Concello de Paderne, César Longo Queijo

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas.

## MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Paderne ambas as dúas partes

## ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

### I. Obxecto

1. O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello Paderne, con CIF P1506500F, para o financiamento da obra de “Acondicionamento e pintado da casa do concello”, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto técnico, Antonio López Panete

2. A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3. A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle, así como en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público e a súa normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria comprométese a destinala ao uso público para o cal está prevista.

### II. Orzamento de execución das obras

O orzamento total da execución da contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento material	execución	9.982,49 €
Gastos xerais (13 %)		1.297,72 €
Beneficio industrial (6 %)		598,95 €
IVE (21 %)		2.494,62 €
Orzamento da contrata		14.373,78 €

### **III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade**

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 11.499,02 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou o crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total previsto na cláusula II, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resultase inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula II, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, implantacións ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/93391/76201 do orzamento provincial para o ano 2016. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **IV. Contratación e execución**

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula I.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de "melloras".

4. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

## **V. Publicidade do financiamento provincial**

1. Durante a execución das obras e ata a finalización e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible, polo menos, a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figuren o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

## **VI. Xustificación necesaria para recibir a achega provincial**

1. Coa posibilidade prevista na base 57ª das de execución do orzamento para o ano 2016, ata o 40 % da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pagamento a favor da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e, no seu caso, polo funcionariado técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 % restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de recepción da obra deberá acudir persoal técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.



- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula V (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da entidade beneficiaria, en cuxos correspondentes asentos se faga constar que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Acreditación do pagamento efectivo a terceiros do importe aboado co primeiro pagamento prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E, de transcorreren máis de catro meses dende a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar aboarlle aos terceiros o importe xustificado do 60 % no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.

## **VII. Termo para a finalización das obras e prazo de xustificación**

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIII.

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de 15 días.

3. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

## **VIII. Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación**

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e, logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A entidade

beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

### **IX. Destino e manexo dos fondos recibidos**

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

### **X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo**

1. Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Simultaneamente, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

### **XI. Reintegro, infraccións e sancións**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pagamento dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), para o que se lle dará en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e seralle de aplicación o cadro de

sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación, de se producir o atraso no prazo de xustificación e non exceder dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €. De exceder dun mes e non chegar a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €. E, de a extemporaneidade da xustificación exceder de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

4. De se producir o atraso no pagamento á persoa adxudicataria ou a terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pagamento efectivo ao terceiro.

## **XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida**

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria seranlles remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.

2. Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende da Deputación.

## **XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación**

1. O presente convenio de colaboración terá efectos dende a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2017**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. No caso de que a entidade beneficiaria non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do citado prazo, deberá solicitar antes desta data, a

prórroga do prazo inicial, e achegar coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2019**; todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou, no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e após dos informes da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### **XIV. Natureza, interpretación e xurisdición competente**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicaráselle a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario na sesión

E en proba de conformidade asínanos en exemplar cuaduplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

O deputado responsable da Área de  
Cooperación cos Concellos

O alcalde-presidente do Concello de  
Paderne

Xosé Regueira Varela

César Longo Queijo”

**26.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE PONTECESO PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE “REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DE CAMIÑOS PÚBLICOS EN DIVERSAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE PONTECESO”.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Ponteceso para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Ponteceso
DENOMINACIÓN DA OBRA	Rehabilitación superficial de camiños públicos en diversas parroquias do concello de Ponteceso
ORZAMENTO DO PROXECTO	84.411,00 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	67.528,80 €
ACHEGA DO CONCELLO	16.882,20 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80,00 %
PARTIDA ORZAMENTARIA	0430/4532/76201

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0430/4532/76201 do orzamento provincial para o ano 2016.

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

**ANEXO**

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PONTECESO PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DE CAMIÑOS PÚBLICOS EN DIVERSAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE PONTECESO**

Na Coruña,

**REUNIDOS**

Dunha parte, o deputado responsable da Área de Cooperación cos Concellos, Xosé Regueira Varela.

E doutra parte, o alcalde-presidente do Concello de Ponteceso, Xosé Lois García Carballido

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas.

## **MANIFESTAN**

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Ponteceso ambas as dúas partes

## **ACORDAN**

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

### **I. Obxecto**

1. O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello Ponteceso, con CIF P15069000H, para o financiamento da obra de “Rehabilitación superficial de camiños públicos en diversas parroquias do concello de Ponteceso”, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro técnico en mecanización e construcións rurais, Gonzalo Lodeiro Plana.

2. A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3. A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle, así como en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e a súa normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria comprométese a destinala ao uso público para o cal está prevista.

### **II. Orzamento de execución das obras**

O orzamento total da execución da contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento material	execución	58.622,82 €
Gastos xerais (13 %)		7.620,97 €
Beneficio industrial (6 %)		3.517,37 €
IVE (21 %)		14.649,84 €
Orzamento da contrata		84.411,00 €

### **III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade**

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 67.528,80 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total previsto na cláusula II, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resultase inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula II, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, implantacións ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/4532/76201 do orzamento provincial para o ano 2016. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **IV. Contratación e execución**

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula I.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

## **V. Publicidade do financiamento provincial**

1. Durante a execución das obras e ata a finalización e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figuren o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

## **VI. Xustificación necesaria para recibir a achega provincial**

1. Coa posibilidade prevista na base 57ª das de execución do orzamento para o ano 2016, ata o 40 % da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pagamento a favor da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e, no seu caso, polo funcionariado técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 % restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de recepción da obra deberá acudir persoal técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.



- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula V (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da entidade beneficiaria, en cuxos correspondentes asentos se faga constar que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Acreditación do pagamento efectivo a terceiros do importe aboado co primeiro pagamento prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E, de transcorreren máis de catro meses dende a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar aboarlle aos terceiros o importe xustificado do 60 % no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.

## **VII. Termo para a finalización das obras e prazo de xustificación**

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIII.

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de 15 días.

3. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

## **VIII. Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación**

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e, logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A entidade

beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

#### **IX. Destino e manexo dos fondos recibidos**

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

#### **X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo**

1. Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Simultaneamente, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI. Reintegro, infraccións e sancións**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pagamento dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), para o que se lle dará en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e seralle de aplicación o cadro de

sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación, de se producir o atraso no prazo de xustificación e non exceder dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €. De exceder dun mes e non chegar a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €. E, de a extemporaneidade da xustificación exceder de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

4. De se producir o atraso no pagamento á persoa adxudicataria ou a terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pagamento efectivo ao terceiro.

## **XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida**

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria seranlles remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.

2. Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende da Deputación.

## **XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación**

1. O presente convenio de colaboración terá efectos dende a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2017**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. No caso de que a entidade beneficiaria non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do citado prazo, deberá solicitar antes desta data, a

prórroga do prazo inicial, e achegar coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2019**; todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou, no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e após dos informes da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### **XIV. Natureza, interpretación e xurisdición competente**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicaráselle a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario na sesión E en proba de conformidade asínano en exemplar cuadruplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

O deputado responsable da Área de  
Cooperación cos Concellos

O alcalde-presidente do Concello de  
Ponteceso

Xosé Regueira Varela

Xosé Lois García Carballido”

**27.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE PONTECESO PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE “MELLORA DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS E PARQUES INFANTÍS”**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Ponteceso para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Ponteceso
DENOMINACIÓN DA OBRA	Mellora de infraestruturas deportivas e parques infantís
ORZAMENTO DO PROXECTO	50.000,00 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	40.000,00 €
ACHEGA DO CONCELLO	10.000,00 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80,00 %
PARTIDA ORZAMENTARIA	0430/342/76201

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0430/342/76201 do orzamento provincial para o ano 2016.

Dado que a vixencia deste Convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

**ANEXO**

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PONTECESO PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA MELLORA DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS E PARQUES INFANTÍS**

Na Coruña,

**REUNIDOS**

Dunha parte, o deputado responsable da Área de Cooperación cos Concellos, Xosé Regueira Varela.

E doutra parte, o alcalde-presidente do Concello de Ponteceso, Xosé Lois García Carballido

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas.

## MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Ponteceso ambas as dúas partes

## ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

### I. Obxecto

1. O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ponteceso, con CIF P1506900H, para o financiamento da obra de “Mellora de infraestruturas deportivas e parques infantís”, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado pola arquitecta, Rocío Villar González

2. A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3. A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle, así como en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e a súa normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria comprométese a destinala ao uso público para o cal está prevista.

### II. Orzamento de execución das obras

O orzamento total da execución da contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento material	execución	34.724,63 €
Gastos xerais (13 %)		4.514,20 €
Beneficio industrial (6 %)		2.083,48 €
IVE (21 %)		8.677,69 €
Orzamento da contrata		50.000,00 €

### **III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade**

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 40.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou o crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total previsto na cláusula II, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resultase inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula II, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación Provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, implantacións ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/342/76201 do orzamento provincial para o ano 2016. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **IV. Contratación e execución**

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula I.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

## **V. Publicidade do financiamento provincial**

1. Durante a execución das obras e ata a finalización e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figuren o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

## **VI. Xustificación necesaria para recibir a achega provincial**

1. Coa posibilidade prevista na base 57ª das de execución do orzamento para o ano 2016, ata o 40 % da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pagamento a favor da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e, no seu caso, polo funcionariado técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 % restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de recepción da obra deberá acudir persoal técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.



- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula V (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da entidade beneficiaria, en cuxos correspondentes asentos se faga constar que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Acreditación do pagamento efectivo a terceiros do importe aboado co primeiro pagamento prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E, de transcorreren máis de catro meses dende a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar aboarlle aos terceiros o importe xustificado do 60 % no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.

## **VII. Termo para a finalización das obras e prazo de xustificación**

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIII.

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de 15 días.

3. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

## **VIII. Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación**

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e, logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A entidade

beneficiaria autoriza á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

### **IX. Destino e manexo dos fondos recibidos**

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

### **X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo**

1. Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Simultaneamente, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

### **XI. Reintegro, infraccións e sancións**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pagamento dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), para o que se lle dará en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e seralle de aplicación o cadro de

sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación, de se producir o atraso no prazo de xustificación e non exceder dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €. De exceder dun mes e non chegar a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €. E, de a extemporaneidade da xustificación exceder de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

4. De se producir o atraso no pagamento á persoa adxudicataria ou a terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pagamento efectivo ao terceiro.

## **XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida**

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria seranlles remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.

2. Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende da Deputación.

## **XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación**

1. O presente convenio de colaboración terá efectos dende a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2017**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. No caso de que a entidade beneficiaria non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do citado prazo, deberá solicitar antes desta data, a

prórroga do prazo inicial, e achegar coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2019**; todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou, no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e após dos informes da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### **XIV. Natureza, interpretación e xurisdición competente**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicaráselle a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario na sesión E en proba de conformidade asínano en exemplar cuadruplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

O deputado responsable da Área de  
Cooperación cos Concellos

O alcalde-presidente do Concello de  
Ponteceso

Xosé Regueira Varela

Xosé Lois García Carballido”

**28.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE PONTECESO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE “CAMIÓN PARA A RECOLLIDA DE LIXO”.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Ponteceso para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Ponteceso
DENOMINACIÓN DA OBRA	Compra de camión para recollida de lixo
ORZAMENTO DO PROXECTO	149.075,63 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	112.001,08 €
ACHEGA DO CONCELLO	37.074,55 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	75,13037 %
PARTIDA ORZAMENTARIA	0430/163/76201

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0430/163/76201 do orzamento provincial para o ano 2016.

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

**ANEXO**

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PONTECESO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE CAMIÓN PARA RECOLLIDA DE LIXO**

Na Coruña,

**REUNIDOS**

Dunha parte, o deputado responsable da Área de Cooperación cos Concellos, Xosé Regueira Varela.

E doutra parte, o alcalde-presidente do Concello de Ponteceso , Xosé Lois García Carballido

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas.

## MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Ponteceso ambas as dúas partes

## ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

### I. Obxecto

1. O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ponteceso, con CIF P1506900H, para o financiamento da subministración de “Camión para recollida de lixo”, tal como aparece definida esta no prego de prescricións técnicas redactado polo arquitecto técnico, J. Andrés Breijo Castrillón

2. A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora, achega ao expediente un exemplar do prego de prescricións técnicas, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución. O dito prego foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

### II. Orzamento da subministración

O orzamento total da subministración co IVE engadido, segundo o Prego de prescricións técnicas ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento da contrata (IVE engadido)	149.075,63 €
--------------------------------------	--------------

### III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento da subministración, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 112.001,08 €, o que representa unha porcentaxe de 75,13037 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou o crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total previsto na cláusula II, a Deputación só achegará o importe que represente o 75,13037 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resultase inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula II, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da subministración, e polo tanto non serán subvencionables os gastos de redacción do prego, tributos percibidos ou a obtención de licenzas, honorarios por dirección, control de calidade etc... Tampouco se financiará os incrementos de gastos derivados da execución da subministración.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/163/76201 do orzamento provincial para o ano 2016. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV. Contratación e execución**

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato da subministración

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V. Publicidade do financiamento provincial**

1. No contrato e nos anuncios de licitación para adquisición, farase constar o importe do financiamento provincial.

2. Adquirido o ben, a entidade beneficiaria deberá rotular o ben en lugar visible de xeito que se deixe constancia da data da adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

## **VI. Xustificación necesaria para recibir a achega provincial**

1. Coa posibilidade prevista na base 57ª das de execución do orzamento para o ano 2016, ata o 40 % da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pagamento a favor da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de subministración, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII
- Declaración de outras axudas ou subvención solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación da publicidade da deputación mediante a remisión de fotografías debidamente dilixenciadas pola dirección.

2.- Formalizado en documento público o contrato, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificación acreditativa do pagamento do ben.
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o pagamento efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pagamento prepagable
- Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E, de transcorrerem máis de catro meses dende a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar aboarlle aos terceiros o importe xustificado do 60 % no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.

## **VII. Termo para a finalización do investimento e prazo de xustificación**

1.-A subministración que é obxecto de financiamento provincial, tal como está descrito na cláusula I, deberá estar finalizado e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIII.



2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este prazo sen que se recibise ningunha xustificación , a Unidade Xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de 15 días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Presuposto da deputación lle poida corresponder.

### **VIII. Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación**

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e, logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación rovincial determinaraa esta de oficio.

### **IX. Destino e manexo dos fondos recibidos**

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

### **X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo**

1. Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Simultaneamente, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de

fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI. Reintegro, infraccións e sancións**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pagamento dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), para o que se lle dará en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e seralle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación, de se producir o atraso no prazo de xustificación e non exceder dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €. De exceder dun mes e non chegar a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €. E, de a extemporaneidade da xustificación exceder de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

4. De se producir o atraso no pagamento á persoa adxudicataria ou a terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pagamento efectivo ao terceiro.

## **XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida**

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria seranlles remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.

2. Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á

Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende da Deputación.

### **XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación**

1. O presente convenio de colaboración terá efectos dende a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2017**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. No caso de que a entidade beneficiaria non poida ter finalizada a subministración e presentada a xustificación antes do citado prazo, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, e achegar coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2019**; todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou, no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e após dos informes da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

### **XIV. Natureza, interpretación e xurisdición competente**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicaráselle a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario na sesión ordinaria de

E en proba de conformidade asínano en exemplar cuadruplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

O deputado responsable da Área de  
Cooperación cos Concellos

O alcalde-presidente do  
Concello de  
Ponteceso

Xosé Regueira Varela

Xosé Lois García Carballido”

**29.-APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DE CARNOTELA A CARNOTA”, DO CONCELLO DE CARNOTA, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2016 CO CÓDIGO 126.2100.0046.0 E APROBACIÓN DEFINITIVA DA OBRA.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta Deputación na sesión ordinaria do 26 de febreiro de 2016 polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 e o seu Plan complementario

Tendo en conta que no apartado 2 do citado acordo do 26 de febreiro de 2016 se indica que a aprobación definitiva das obras dalgúns concellos quedaba condicionada á realización das condicións suspensivas que se detallan para cada obra, entre as que figura a obra do Concello de Carnota que se indica na seguinte táboa:

Concello	Código	Denominación	FINANCIAMENTO			Condición que se ha realizar
			Deputación	Concello	Total	
Carnota	16.2100.0046.0	Pavimentación do camiño de Carnotela a Carnota	36.190,62	0,00	36.190,62	-Autorización do Servizo de Urbanismo da Xunta de Galicia -Autorización do Servizo Conservación Natureza Xunta de Galicia

Logo de aprobar o Concello de Carnota un proxecto modificado desta obra, sen variación económica, para o fin de dar cumprimento ao disposto nos informes do Servizo de Conservación da Natureza da Xunta de Galicia do 15 de xaneiro e 31 de marzo de 2016 e as condicións impostas na Resolución do 4 de abril do Servizo de Urbanismo para autorizar a obra.

Logo de ver as Bases reguladoras do POS 2016, aprobadas polo Pleno desta deputación o 8 de outubro de 2015 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 196, do 14 de outubro de 2015

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra “Pavimentación do camiño de Carnotela a Carnota”, do Concello de Carnota, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 co código 16.2100.0046.0, cos datos que se indican, para o fin de dar cumprimento ao disposto nos informes do Servizo de Conservación da Natureza da Xunta de Galicia do 15 de xaneiro e 31 de marzo de 2016 e as condicións impostas na Resolución do 4 de abril do Servizo de Urbanismo para autorizar a obra, e que aínda que non supón modificación do seu orzamento total e que a obra está sen adjudicar, hai unha variación das partidas internas do seu orzamento de execución material superior ao 30% con respecto ao proxecto inicialmente aprobado

Código	Concello	Denominación	FINANCIAMENTO		
			Deputación F. propios	Concello	Orzamento Total
Carnota	16.2100.0046.0	Pavimentación do camiño de Carnotela a Carnota	36.190,62	0,00	36.190,62

A achega provincial a esta obra financiarase con cargo á partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

2.- Considerar cumpridas as condicións ás que foi sometida esta obra, segundo o apartado 2 do acordo plenario desta deputación do 26 de febreiro de 2016, polo que se aprobou o POS 2016, e aprobala definitivamente toda vez que o Concello de Carnota presentou a documentación xustificativa do seu cumprimento.

3.- Notificar este acordo ao Concello de Carnota para os efectos de que poida iniciar a contratación e execución desta obra incluída no POS 2016.”

### **30.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE FENE NO POS 2016.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta Deputación, na sesión ordinaria do 26 de febreiro de 2016, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 e o seu Plan Complementario

no marco das Bases reguladoras aprobadas por acordo plenario do 8 de outubro de 2015 (BOP núm. 196 do 14 de outubro de 2015)

Logo de ver os investimentos do Concello de Fene incluídos no POS 2016 á solicitude do concello, dos que algúns estaban condicionados ao cumprimento das condicións que máis adiante se especifican

Logo de ver a petición presentada polo Concello de Fene de modificar a súa solicitude de participación no POS 2016, inicialmente destinada na súa totalidade á realización de investimentos, de xeito que se destine en parte ao financiamento do seu gasto corrente por importe de 37.354,19 €

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1º.- Aprobar, tras a petición do Concello de Fene, o cambio de destino da achega provincial para o Concello de Fene no POS 2016 que fora aprobado por acordo plenario desta deputación do 26 de febreiro de 2016, no sentido de destinar a cantidade de 37.354,19 € ao financiamento dos seus gastos correntes e modificar a distribución do financiamento dos investimentos, que pasan a estar cofinanciados entre esta deputación e o concello, quen realiza unha achega polo mesmo importe de 37.354,19 €, de forma que o importe total de achega provincial non varía.

As actuacións do concello de Fene no POS 2016 quedan como segue:

<b>NOVO FINANCIAMENTO DOS INVESTIMENTOS DO CONCELLO DE FENE NO POS 2016</b>						
<b>Código</b>	<b>Denominación</b>	<b>Financiamento</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Total</b>	<b>CONDICIÓN</b>
16.2100.0073.0	SANEAM. LAGARTEIRA - ORRA - RAÑOIA (SILLOBRE)	<b>Inicial</b>	139.926,36	0,00	139.926,36	-Autorización de Deputación -Autorización de Augas de Galicia -Autorización de ENAGÁS
		<b>Novo</b>	118.937,41	20.988,95	139.926,36	
		<b>Diferenza</b>	<b>20.988,95</b>	<b>-20.988,95</b>	<b>0,00</b>	
16.2100.0074.0	PAV.BARALLO- BRE E MANIÑOS E ILU. MAGALOFES	<b>Inicial</b>	42.226,52	0,00	42.226,52	Ningunha
		<b>Novo</b>	35.892,54	6.333,98	42.226,52	
		<b>Diferenza</b>	<b>6.333,98</b>	<b>-6.333,98</b>	<b>0,00</b>	
16.2100.0075.0	PAVIMENT. ESTRADA LARAXE DESDE AREOSA	<b>Inicial</b>	30.035,07	0,00	30.035,07	-Autorización de REGANOSA
		<b>Novo</b>	25.529,81	4.505,26	30.035,07	
		<b>Diferenza</b>	<b>4.505,26</b>	<b>-4.505,26</b>	<b>0,00</b>	
16.2100.0076.0	ACONDICIONA- MENTO E MELLORA DA RÚA TRAVESA	<b>Inicial</b>	36.840,02	0,00	36.840,02	-Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
		<b>Novo</b>	31.314,02	5.526,00	36.840,02	
		<b>Diferenza</b>	<b>5.526,00</b>	<b>-5.526,00</b>	<b>0,00</b>	

<b>TOTAL INVESTIMENTOS</b>	<i>Inicial</i>	<b>249.027,97</b>	<b>0,00</b>	<b>249.027,97</b>
	<i>Novo</i>	<b>211.673,78</b>	<b>37.354,19</b>	<b>249.027,97</b>
	<i>Diferenza</i>	<b>37.354,19</b>	<b>-37.354,19</b>	<b>0,00</b>

<b>FINANCIAMENTO DE GASTOS CORRENTES DO CONCELLO DE FENE NO POS 2016</b>	
	<b>Deputación</b>
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	<b>37.354,19</b>

2º.- Aprobar a modificación dos datos globais de financiamento do POS 2016 xa que como consecuencia desta modificación aumenta o importe global da asignación provincial ao apartado POS-Gastos correntes e minórase na mesma medida o importe global desta asignación provincial ao apartado POS-Investmentos; e por outra banda, aumenta o importe global de achega municipal e o orzamento total do plan, permanecendo invariable a achega total da Deputación a este.

Os novos datos globais do POS 2016 son os seguintes:

		<b>POS 2016</b>		
		<b>FINANCIAMENTO DESAGREGADO</b>		
<b>APARTADO</b>	<b>PARTIDA</b>	<b>DEPUTACIÓN</b>	<b>CONCELLO</b>	<b>TOTAL</b>
<b>POS- gastos correntes</b>	0430 / 4592/ 46201	6.290.261,00	0,00	6.290.261,00
<b>POS- Investmentos: obras e subministracións</b>	0430/ 4592 / 76201	17.909.736,44	783.739,74	18.693.476,18
	<b>TOTAIS</b>	<b>24.199.997,44</b>	<b>783.739,74</b>	<b>24.983.737,18</b>

3º.- *Dispoñer o pago, con carácter de prepagable, ao Concello de Fene, da cantidade de 37.354,19 € por ter solicitado o concello a súa aplicación ao financiamento de gastos correntes do concello para o exercicio 2016, de acordo co previsto nas Bases reguladoras do POS 2016.*

O dito pago realizarase con cargo á partida 0430/4592/46201 do vixente orzamento provincial, de acordo cos datos contables que figuran no informe da Intervención a este expediente.

A aprobación do pago desta cantidade ao Concello de Fene como achega provincial destinada ao financiamento de gastos correntes queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 2/2016 no que se suplemente a partida 0430/4592/46201 destinada ao seu financiamento.

4º.- Dispoñer a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

5º.- Remitir o expediente para informe da Subdelegación do Goberno en Galicia para os efectos previstos no artigo 29.2) da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración Xeral do Estado

6º.- Remitir o expediente para informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais

7º.- Remitirlle o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista na Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

8º.- Unha vez transcorrido o dito prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentaran reclamacións ou alegacións, poderanse proseguir as actuacións.”

### **31.-APROBACIÓN DA INFORMACIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES A QUE SE REFIRE O REAL DECRETO 635/2014, DO 25 DE XULLO, CORRESPONDENTE AO MES DE ABRIL DE 2016 E RELACIÓN DETALLADA DE TODAS AS FACTURAS PAGADAS POLA DEPUTACIÓN ENTRE O 1 E O 30 DE ABRIL DE 2016**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pagamento a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación provincial e no Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento para o mes de marzo de 2016.

2.- Tomar coñecemento da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación entre o 1 e o 31 de abril de 2016.

3.- Unha vez remitida a información ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, acórdase a súa publicación na páxina web da Deputación Provincial da Coruña.”

### **32.-APROBACIÓN DO INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA A 30/04/2016 E PROXECCIÓN A 31/12/2016.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Tomar coñecemento da información sobre a xestión orzamentaria a 30 de abril de 2016, que formula a Sección I do Servizo de Orzamentos, Estudos e Asistencia Económica, adscrito á Intervención provincial.



2.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

3.- Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2016 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevindas e imprevisibles que excedesen do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

4.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.”

**33.-TOMA DE COÑECEMENTO DA INFORMACIÓN RENDIDA AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS EN CUMPRIMENTO DO ARTIGO 16 DA ORDE HAP/2015/2012 DO 1 DE OUTUBRO. EXECUCIÓN PRIMEIRO TRIMESTRE EXERCICIO 2016 NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E NO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA, E DO ESTADO CONSOLIDADO.**

1º. Tomar coñecemento da información remitida ao Ministerio de Facenda e Administracións públicas en cumprimento do disposto na Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira.

2º. Poñer á disposición de calquera interesado lexítimo a información obtida a través da páxina de internet da Deputación provincial.

**34.-TOMA DE COÑECEMENTO DA INFORMACIÓN RENDIDA AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS EN CUMPRIMENTO DO DISPOSTO NA ORDE HAP/2015/2012 DO 1 DE OUTUBRO. LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO DO EXERCICIO 2015 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, DO CONSORCIO PROVINCIAL DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA E DO ESTADO CONSOLIDADO**

**PRIMEIRO:** Tomar coñecemento da información remitida ao Ministerio de Facenda e Administración Públicas en cumprimento do disposto na Orde HAP/2105/2012 do 1 de outubro relativa á liquidación do presuposto do exercicio 2015 da Deputación provincial, do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña e do estado consolidado.

**SEGUNDO:** Poñer á disposición de calquera interesado lexítimo a información obtida a través da páxina de internet da Deputación provincial.

### 35.-APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 2/2016 DE APROBACIÓN POLO PLENO.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 2/2016 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente Orzamento Xeral por un importe 42.137.558,88 euros e que ofrece o seguinte resumo:

#### A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

##### A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

CE. Créditos extraordinarios:	35.746.693,01
SC. Suplemento créditos:	6.390.865,87
<b>Total de aumentos:</b>	<b>42.137.558,88</b>

##### A.2) Baixas (fontes de financiamento):

Remanente de Tesourería:	42.137.558,88
Baixas por anulación:	0,00
<b>Total financiamento:</b>	<b>42.137.558,88</b>

#### B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE GASTOS E INGRESOS

##### B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

##### B.2 Resumo por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo	Altas	Baixas
1. Gastos de persoal	150.000,00	0,00
2. Gastos correntes	2.083.659,50	0,00
3. Gastos financeiros	0,00	0,00
4. Trans. correntes	3.602.809,93	0,00
5. Fondo continx. e o. i.	0,00	0,00
6. Investimentos reais	332.171,65	0,00
7. Trans. de capital	35.968.917,80	0,00
8. Activos financeiros	0,00	0,00
9. Pasivos financeiros	0,00	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>42.137.558,88</b>	<b>0,00</b>

Capítulo	Altas
1. Impostos directos	0,00
2. Impostos indirectos	0,00
3. Taxas e outros ingresos	0,00
4. Transferencias correntes	0,00
5. Ingresos patrimoniais	0,00
6. Alleamento investimentos reais	0,00
7. Transferencias de capital	0,00
8. Act. Finan. Reman. Tesourería	42.137.558,88
9. Pasivos financeiros	0,00
<b>TOTAL MODIFICACIÓNS</b>	<b>42.137.558,88</b>

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularsen reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo.

No caso de que se presentaran reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

4.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira e adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financieiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2016 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevidas e imprevisibles que excederan do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.”

### **36.- APROBACIÓN DO INFORME SOBRE A RESOLUCIÓN DE DISCREPANCIAS, ART. 218 DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Vista a documentación que conteñen os informes da Intervención provincial, emitidos co carácter de “reparos”, de conformidade co disposto nos artigos 215 e 216 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, (que forma parte da Conta Xeral do Orzamento do exercicio 2015, en cumprimento do establecido no apartado 4 da Base 33 de Execución do Orzamento Provincial).

Tomado en consideración o informe da Presidencia no que se xustifican as resolucións emitidas e os acordos adoptados para resolver as discrepancias formuladas pola Intervención provincial en determinados expedientes tramitados ao longo do exercicio 2015.

Para dar cumprimento ao que determina o artigo 218 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, na redacción dada a dito precepto pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local

Esta Comisión adopta o seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** Tomar coñecemento do expediente que contén a relación dos informes emitidos pola Intervención provincial nos que concorren as circunstancias expresadas nos artigos 215 a 218 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais e do informe xustificativo da Presidencia da Corporación.

**SEGUNDO:** Rematar en tempo a tarefa do grupo de traballo para poder dispor do Plan estratéxico de subvencións do período 2017-2019.

**TERCEIRO:** Determinar que se proceda á remisión do citado expediente nos termos expresados nas normas de aplicación.

**CUARTO:** Tomar en consideración as propostas formuladas pola Intervención provincial, na medida na que a súa aplicación práctica sexa plenamente compatible en cada expediente coa eficaz e máis inmediata satisfacción do interese público.”

### **37.-APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO 2016.**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 27 deputados (13 do PP, 7 do PSOE, 5 do BNG, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 3 deputados (Marea Atlántica).

#### **ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños, e a abstención de Marea Atlántica, acorda:

#### **“1º.-CORRECCIÓN DE ERROS MATERIAIS.**

Advertidos erros materiais na RPT, corruxir os ditos erros segundo se indica a continuación:

Onde di:

SERVIZO DE ORZAMENTOS E ASISTENCIA ECONÓMICA A CONCELLOS													
1.1.289.3	Asesor técnico	22	A2			1	S	C		AE	9		7.821,12
SERVIZO DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS													
1.1.289.7	Asesor técnico	22	A2			1	S	C		AE	9	F2-F6	10.750,12

Debe decir:

SERVIZO DE ORZAMENTOS E ASISTENCIA ECONÓMICA A CONCELLOS														
1.1.289.3	Asesor técnico	22	A2			1	S	C		AE	9		F2-F6	10.750,12
SERVIZO DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS														
1.1.289.7	Asesor técnico	22	A2			1	S	C		AE	9			7.821,12

## 2º DESESTIMACIÓN DE ALEGACIONES.

En relación co escrito presentado por D. Juan Francisco González Framil, como delegado sindical de Somos na Deputación Provincial da Coruña, no que formula alegacións dentro do prazo legal contra a modificación da relación de postos de traballo aprobada mediante Acordo Plenario do 30/03/2016,

### ANTECEDENTES DE FEITO

D. Juan Francisco González Framil solicita que se lle modifique o complemento específico do posto de técnico financeiro tributario que desempeña, asignándolle unha contía non inferior a 20.320,88 euros (Xefe territorial de zona) nin superior a 22.023,76 euros (Recadador de zona) por considerar que está infravalorado, e que se lle incorpore o complemento de especial dedicación.

Manifesta o reclamante que existe discriminación no suposto de postos con distinto nivel e complemento específico e que teñen o mesmo contido.

Incide por tanto no alegado na aprobación inicial da Relación de postos de traballo para 2016 que manifesta ter impugnado mediante recurso contencioso-administrativo.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

En canto á solicitude de que se incremente o complemento específico e se lle incorpore o complemento de especial dedicación, hai que sinalar que se cumpriu estritamente o disposto no artigo 23 da Lei 48/2015 do 29 de outubro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2016, ao incrementar o complemento específico un 1% respecto da contía vixente a 31 de decembro de 2015, e o acordado na Mesa Xeral de Negociación de empregados públicos da Deputación Provincial da Coruña o 28 de outubro de 2015 e o 9 de marzo de 2016.

Manifesta o reclamante que existe discriminación no suposto de postos con distinto nivel e complemento específico e que teñen o mesmo contido. Este non é o caso, trátase de postos diferentes, xefatura territorial de zona e Recadador de zona, con funcións e dedicación diferentes, polo que non se pode alegar discriminación ningunha.

De conformidade coa normativa legal citada e demais concordante de aplicación, desestimar as alegacións presentadas contra a modificación da RPT para 2016.

- 3º. En consecuencia, aprobar definitivamente a modificación da Relación de postos de traballo para 2016, aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación de 30/03/2016 dando traslado da tal aprobación definitiva á Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e á Dirección Xeral de Cooperación Local, Secretaría de Estado de Cooperación Territorial do Ministerio de Administracións Públicas para os efectos oportunos.
- 4º. Publicar a modificación da Relación de postos de traballo para 2016 no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.”

**38.-TOMA DE COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA NÚM. 9185/2016 DE 29/04/2016 POLA QUE SE LLE ATRIBÚE RÉXIME RETRIBUTIVO DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA Á DEPUTADA ROSA MARÍA GALLEGO NEIRA.**

O Pleno toma coñecemento da Resolución da Presidencia número 9185, do 29/04/2016, pola que se atribúe o réxime retributivo de dedicación exclusiva á deputada provincial Dª Rosa María Gallego Neira.

**39.-TOMA DE COÑECEMENTO DA INFORMACIÓN SALARIAL DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN REMITIDA AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS.**

**PRIMEIRO:** Tomar coñecemento da información remitida ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en cumprimento do disposto na Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información establecidas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira.

**SEGUNDO:** Poñer a disposición de calquera interesado lexítimo a información obtida a través da páxina de internet da Deputación provincial.

**ACTUACIÓN DE CONTROL  
MOCIÓNS**

**I.MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DE ALTERNATIVA DOS VECIÑOS POLA QUE SE SOLICITA INICIAR O PROCEDEMENTO DE DECLARACIÓN DE LESIVIDADE PARA O INTERESE PROVINCIAL DO CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN E O CONCELLO DE CORISTANCO PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DE FINCA PARROQUIA DE TRABA.**

Don Ángel García Seoane, como deputado e voceiro do Grupo provincial Alternativa dos Veciños, ven a formular para a súa aprobación polo Pleno da Deputación da Coruña a seguinte moción —en substitución da moción presentada o 17 de decembro de 2015 con Rexistro de entrada 57860— en base á seguinte

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Por acordo do pleno de 27 de marzo de 2015 aprobouse un convenio co Concello de Coristanco para adquirir e cofinanciar unha finca de 680 m<sup>2</sup> con destino a espazo libre, fixándose o prezo en 248.000 €. Nada habería que obxectar á citada adquisición, cunha porcentaxe de financiamento da deputación provincial do 80 %, se a citada compra non deixara serias dúbidas sobre a súa legalidade e que pasan a ser enumeradas:

1. Na aprobación inicial do plan prevíase a adquisición gratuíta do solo a través da figura urbanística que concretaba as áreas de reparto da AR-SU-SR .2.
2. Trala presentación dunha alegación polos propietarios do terreo, o Concello modifica o plan aprobado inicialmente e retira da área de reparto AR-SU-SR.2 o citado solo. Cabe destacar que de entre as alegacións presentadas contra a área de reparto, unha é da concellala membro do Goberno de Coristanco —e supostamente propietaria no citado ámbito—. Tras a retirada, a zona recóllese como solo urbano consolidado e se declara equipamento público sen argumento algún e a sabendas de que a aprobación provisional faríase antes da compravenda.
3. O solo que ía ser gratuíta para o Concello, coa aprobación do Plan e o desenvolvemento da área, adquirese con altos custos, superiores aos prezos de mercado nas grandes capitais galegas e en vilas próximas a áreas metropolitanas, máis nun período de nulidade de transaccións urbanas como o que se está a vivir desde o ano 2009. Algúns dos taxadores implicados no expediente recoñecen que tiveron que se desprazar a outras localidades por non existir compravenda algunha no núcleo urbano de Coristanco nos citados anos:

*“Situación de estancamiento inmobiliario, prácticamente inexistente en el mercado primario y bajo en el mercado secundario. Oferta media-baja-creciente, y demanda baja-decreciente en solares y parcelas edificables”.*

4. A compra faise directamente. A Secretaría do Concello chega a emitir informe negativo baseado no art. 11 do RBEL, así como o art. 116 da LPA, manifestando insuficiente idoneidade para tal compra directa contra o argumento de que, ao colindar con outro terreo municipal, faríase unha praza pública.
5. A adquisición do solo faise con condición resolutoria explícita e condicionada á creación de praza pública (hoxe habilitada como aparcadoiro):

*“La presente compraventa se resolverá en el supuesto de que en el plazo máximo de cinco años no se apruebe el Plan General de Ordenación Municipal del Ayuntamiento de Coristanco, ubicando en la parcela objeto de la presente un SISTEMA LOCAL DE ESPACIO LIBRE, tal y como consta en la documentación actualmente en redacción para la aprobación provisional del nuevo Plan General de*

*Ordenación Municipal, y máximo en dos años más, se ejecuten las obras derivadas de la infraestructura en cuestión”.*

Dita condición resulta irrisoria dado que non hai forma de recuperar os cartos recibidos polo propietario-vendedor.

Para acadar os fins perseguidos polo alcalde e avalar o custo “pactado” cos propietarios, recórrese á elaboración dunha taxación realizada por un arquitecto técnico (aparellador) que fai traballos como autónomo para o Concello. A súa valoración cadra co importe pactado entre alcalde e propietario. Por parte da Deputación, como entidade que financia o 80 % do custo, requírese un informe técnico superior que é emitido catro meses máis tarde e que cadra coa valoración do aparellador, Sr. Tasende.

Dadas as dúbidas orixinadas na tramitación da subvención provincial polos servizos de Intervención e Asesoría Xurídica, o Concello solicita outros informes a consultarías para avalar a súa pretensión de valoración económica. Emítense entón dous novos informes con distintos custos máis altos dos xa mencionados. O técnico que informa nos dous novos documentos elaborados polas empresas consultoras é o mesmo. **Nun, a valoración é de 279.675 euros e noutro, de 256.160, cun intervalo de sete días entre a presentación de ambos.**

A raíz do escrito presentado por este deputado o 17 de decembro de 2015, o presidente e os servizos técnicos da Deputación, solicitan dúas peritaxes independentes que, á marxe da diferenza na elaboración e valoración, coinciden en que o prezo establecido inicialmente **é moi superior ao real: nun determínase unha valoración de 173.378,71 € e noutro de 51.437,49.**

Persoalmente, este deputado solicitou un informe xurídico e un técnico de valoración (que se achegan nesta moción xunto co escrito de alegacións da concellala de Coristanco) nos que se poñen de relevo as irregularidades administrativas —por outra parte xa denunciadas no seu día pola Secretaría da Corporación de Coristanco e os servizos xurídicos e a Intervención desta Deputación— e que redundan nas denuncias realizadas desde o Grupo Provincial de Alternativa dos Veciños.

Por todo o exposto, solicítase do Pleno provincial a seguinte

### **PROPOSTA DE ACORDO**

1. Iniciar o procedemento de declaración de lesividade para o interese público provincial do **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA E O CONCELLO DE CORISTANCO PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DE FINCA PARROQUIA DE TRABA**, subscrito o día 30 de marzo de 2015 e de calquera outro acto da Deputación Provincial tendente ao pago da subvención nominal ao Concello de Coristanco, por infracción dos artigos 22.2.c) da Lei 38/2003, o art. 19.4.c) da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o art. 67 Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións 38/2003, de 17 de novembro. Tamén se vulnera o art. 54.1.f) da Lei 30/92, de 26 de novembro de RXPAC e desviación de poder.



2. Dar audiencia por prazo de 15 días ao Concello de Coristanco e de cantos técnicos municipais e provinciais que interviñeron no asunto, así como ás empresas taxadoras do valor do terreo.

### Sr. García Seoane

No mes de decembro, o 16 de decembro en concreto, presentei unha moción que, a petición nas Comisións informativas e nas dos Grupos políticos que representamos a Corporación, foi pospoñéndose un mes tras outro, e hoxe presento neste Pleno definitivamente os motivos que teño para facer esta moción e o seu contido.

Por acordo do pleno de 27 de marzo de 2015 aprobouse un convenio co Concello de Coristanco para adquirir e cofinanciar un terreo de 680 m<sup>2</sup> con destino a espazo libre, fixándose o prezo en 248.000 €. Nada habería que obxectar á citada adquisición, cunha porcentaxe de financiamento da deputación provincial do 80 %, se a citada compra non deixara serias dúbidas sobre a súa legalidade e que pasan a ser enumeradas:

Na aprobación inicial do plan de Coristanco prevíase a adquisición gratuítas do solo a través dunha figura urbanística que concretaba as áreas de reparto.

Trala presentación dunha alegación polos propietarios do terreo, o Concello modifica o plan aprobado inicialmente e retira da área de reparto o citado solo. Cabe destacar que de entre as alegacións presentadas contra a área de reparto, unha é da concelleira membro do Goberno de Coristanco —e supostamente propietaria no citado ámbito—. Tras a retirada, a zona recóllese como solo urbano consolidado e declárase equipamento público sen argumento algún e a sabendas de que a aprobación provisional faríase antes da compravenda, é dicir, o mes seguinte e antes de que asinara a escritura.

O solo que ía ser gratuítas para o concello, coa aprobación do plan e o desenvolvemento da área, adquirese con altos custos, superiores aos prezos de mercado nas grandes capitais galegas e en vilas próximas as áreas metropolitanas, máis nun período de nulidade de transaccións urbanas como o que se está a vivir nese momento, desde o ano 2009. Algúns dos taxadores implicados no expediente, contratados polo concello, recoñecen que tiveron que se desprazar a outras localidades por non existir compravenda algunha no núcleo urbano nos citados anos, chegan a dicir: *“Situación de estancamiento inmobiliario, prácticamente inexistente en el mercado primario y bajo en el mercado secundario. Oferta media-baja-creciente, y demanda baja-decreciente en solares y parcelas edificables”*, é dicir, non había compravenda ningunha de solares no Concello de Coristanco neses anos, desde 2009.

A compra faise directamente e a Secretaría do Concello chega a emitir informe negativo baseado no art. 11 das leis que regulan este tipo de procedementos nos concellos, así como o art. 116 da Lei de procedemento administrativo, manifestando

insuficiente idoneidade para tal compra directa contra o argumento de que, ao lindar con outro terreo municipal, faríase unha praza pública, praza pública que nunca se fixo, por certo, senón un aparcadoiro.

A adquisición do solo faise con condición resolutoria explícita e condicionada a esa praza, incluso reflíctese no documento.

A dita condición resulta irrisoria dado que non hai forma de recuperar os cartos recibidos polo propietario-vendedor porque dicían que se en cinco anos non se facía a praza pública reverteríalle ao propietario, iso sabíase que nunca sería así.

Para acadar os fins perseguidos polo alcalde e avalar o custo “pactado” cos propietarios, recórrese á elaboración dunha taxación realizada por un arquitecto técnico (aparellador) que fai traballos como autónomo para o Concello. A súa valoración cadra co importe pactado entre alcalde e o propietario. Por parte da Deputación, como entidade que financiaba o 80 % do custo, requírese un informe técnico superior que é emitido catro meses máis tarde e que cadra textualmente, punto a punto, coma a coma, co que fixo o aparellador, Sr. Tasende, era un duplicado do informe, imaxino que o cobraría encima o arquitecto que o fixo.

Dadas as dúbidas orixinadas na tramitación da subvención provincial polos servizos de Intervención e Asesoría Xurídica, contundentes, o concello solicita outros informes a consultorías para avalar a súa pretensión de valoración económica. Emitense entón dous novos informes con distintos custos máis altos dos xa mencionados. O técnico que informa nos dous novos documentos elaborados por empresas consultoras é o mesmo. Que casualidade!, informa e nunha é unha valoración de 279.675 euros e noutra das empresas, de 256.110, por enriba do que se pactara no Concello.

A raíz do escrito presentado por este deputado o 17 de decembro de 2015, o presidente e os servizos técnicos da Deputación, solicitan dúas peritaxes independentes que, á marxe da diferenza na elaboración e valoración, coinciden en que o prezo establecido inicialmente é moi superior ao real: nun destes informes determínase unha valoración de 173.378 € en contra dos 248.000, e noutro 51.437.

Persoalmente, este deputado solicitou un informe xurídico e un técnico de valoración (que se achegan nesta moción xunto co escrito de alegacións da concelleira de Coristanco) nos que se poñen de relevo as irregularidades administrativas —por outra parte xa denunciadas no seu día pola Secretaria da Corporación de Coristanco e os servizos xurídicos e a Intervención desta Deputación— e que redundan nas denuncias realizadas desde o Grupo Provincial de Alternativa dos Veciños.

Por todo o exposto, solicítase a Pleno provincial o seguinte, na proposta de acordo reunido na Mesa de portavoces, hai un momento, dicíase que sacara a parte do acordo primeira onde se declaraba a lesividade para a Deputación, non teño ningún problema en retirar esta parte, pero si sigo dicindo que se pode dar audiencia ao concello, non a outros técnicos nin a nada, ao concello, este é un tema que a deputación ten que dilucidar co concello, esta é a proposta que eu fago, e digo, en vez dese punto número un e número dous, digo: “Retomar o convenio e asinar un

novo no que se sufrague o 80% sobre a valoración feita dos tres informes últimos, entre 148.000 e 173.000, e non sobre 248.000”.

Este é un tema de vontade política, e de non ser así, este deputado veríase na obriga de denunciar estes feitos nos tribunais competentes. Pido que se valore o que estou a dicir, retiro o un, retiro o dous, e digo, retomar o convenio e asinar un novo, chamar ao alcalde de Coristanco, e asinar un convenio coa contía máxima dos tres informes que temos, que non son os que fixo no seu día o concello, sería por 173.378, e por tanto, estaría totalmente de acordo que isto fóra así. Máis nada.

#### Sr. presidente

Darcho as grazas por abrir as posibilidades nun tema sensible e delicado. Eu o que creo que sería máis conveniente, paréceme correcto o que dis ti, aceptar digamos que abrir unha negociación co Concello de Coristanco, que é o que ten que velar polos seus intereses principalmente, e a Deputación da Coruña dea unha asignación dentro da legalidade e dos seus recursos. Eu o que si che pediría, creo que o primeiro paso antes que aprobar ningún punto é chamar ao Concello de Coristanco, ter unha xuntanza con el e esclarecer un pouco o asunto, chegar a un acordo e facer as cousas todo o correctamente posible, pero primeiro escoitar o que teña que dicir o concello, que sei que ti como alcalde enténdelo perfectamente, primeiro escoitar ao concello a súa opinión sobre este expediente, e chegar a un acordo de procedemento para saír de dúbidas, se che parece, nesta mesma semana.

#### Sr. García Seoane

Como é un expediente que leva tanto tempo.

#### Sr. presidente

Si, pero como ti ben dis, non estivo parado, sabes que a raíz de, xa cho agradecemos varias veces, podías dicir desde o primeiro día, non, á fiscalía e andando, non, deches opcións, non se estivo parado, como ti ben dis, encargáronse outros informes a maiores, independentes dos que xa había, e polo tanto non se estivo parado, levou tempo por iso. Agora, esta opción que dis de falar co verdadeiramente protagonista desta historia, que é o Concello de Coristanco e os seus habitantes, o seu representante é o alcalde actual, imos falar con el, se che parece, incluso que estean os portavoces e os técnicos, digamos que buscar unha saída a esta situación.

#### Sr. García Seoane

Paréceme ben, sempre e cando haxa esa vontade, sei que non estivo parado o expediente, as cousas de palacio van amodo, pero este tema debe cerrarse, eu non quero buscar aquí ningún chibo expiatorio, digo que hai unha situación que debemos cerrar sen que prexudique ás arcas da Deputación, e eu creo que o acordo inicial prexudica ás arcas da Deputación, e este acordo podería deixar a cousa sen máis, e o Concello de Coristanco non perder un diñeiro que no seu día se fixera un convenio, aínda que se minorara un pouco a súa cantidade, iso é o que estou a dicir.

Sr. presidente

O que facemos, se che parece, retiramos a moción, esta semana que veña o alcalde de Coristanco, vémonos os portavoces con el e aclaramos os pasos a dar.

O grupo proponente retira a moción.

Sr. secretario

A seguinte moción que figura na orde do día é unha moción do Grupo Provincial Marea Atlántica relativa ao tren de proximidade, parece que a moción inicial foi retirada e substituída por outra.

## **II.-MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL MAREA ATLÁNTICA RELATIVA AO TREN DE PROXIMIDADE.**

Ao abeiro do disposto no Regulamento Orgánico da EXCMA Deputación Provincial da Coruña, o Grupo Provincial de Marea Atlántica presenta, representando á Plataforma pola Defensa do Tren da Coruña e As Mariñas, a seguinte moción para a súa aprobación na sesión plenaria ordinaria do 27 de Maio de 2016.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Nos últimos anos, o desenvolvemento da cidade e a bisbarra favoreceu dun xeito esaxerado o uso do transporte privado en detrimento do público, o cal desenvocou nun tipo de urbanismo totalmente insostible no que se construíron muros de formigón e asfalto que rodean os principais núcleos de poboación. O vehículo privado o asoballa todo e só na cidade da Coruña entran preto de 150 mil vehículos diarios, provocando que unha morea de coches invadan beirarrúas, prazas e outras zonas peonís. Os atascos son contínuos nas principais vías da bisbarra e os niveis de contaminación increméntanse en concordancia co número de vehículos.

Desde a Plataforma pola Defensa do Tren A Coruña - As Mariñas, pensamos que o modelo do vehículo privado é totalmente insostible e apostamos polo fomento do transporte público colectivo, o único xeito de reducir o número de vehículos que entran na cidade da Coruña ou que circulan pola comarca. O noso colectivo considera que o tren de proximidade é a mellor alternativa para a redución de vehículos privados, con parte das infraestruturas feitas e unha rede que podería chegar ata Ferrol, Ribadeo e Lugo, comunicando todas as localidades que se atopan no camiño.

Así mesmo, consideramos que o traspaso ao ferrocarril das mercadorías transportadas por estrada, alí onde sexa posible, posibilitaría o desbloqueo do colapso físico, de consumo enerxético e degradación ambiental que provoca, así como un aforro que non se adoita computar cando se fala da rendibilidade do tren.

Entendemos como totalmente imprescindible a creación dun servizo público de tren de proximidade entre A Coruña e Ferrol que amplíe horarios e as frecuencias para facelo socialmente rendible e economicamente viable como único xeito de consolidar

unha liña actualmente ameazada e que debere dar servizo de calidade a zonas densamente poboadas como O Burgo, Cambre, Betanzos, Pontedeume, etc.

Con esta finalidade, apoiamos a realización de investimentos no ferrocarril convencional para recuperalo do seu prolongado abandono, con actuacións dirixidas á mellora das liñas (electrificación, duplicación de vías e mellora de trazados, construción de novos apeadeiros, modernización dos sistemas de seguridade e sinalización, etc.), aumento de frecuencias e recuperación de servizos e infraestruturas.

Entendemos igualmente precisas melloras no servizo A Coruña-Lugo de xeito que dea servizo e conexión das cidades coas localidades interiores para acadar a máxima vertebración posible e rendemento económico e social para localidades como Oza, Cesuras, Baamonde, Rábade, Parga, Guitiriz, etc., e non simplemente un modelo que só contemple a conexión entre as cidades.

Ademáis destas actuacións a nivel de infraestruturas, cremos que son precisos pasos no campo da política, como a anulación das medidas adoptadas polo goberno no *Plan de Racionalización de servizos ferroviarios de media distancia de xunio de 2013* que conduciu á eliminación total de servizos nalgunhas estacións (p.ex. Franza, Begonte) ou á súa drástica redución ata o punto de supor a súa inutilidade práctica nas liñas A Coruña-Ferrol e A Coruña-Lugo, con parada na maioría das estacións dun so tren por sentido ao día.

Na mesma liña é precisa a derogación dos RDL 22/2012, 4/2013 e 15/2013, que posibilitan a fragmentación de RENFE en catro sociedades anónimas e ADIF en dúas empresas e a desaparición da participación pública en numerosas empresas do sector. A planificación e o servizo ferroviario deben ser unha unidade integrada que responda da infraestrutura, do transporte, do mantemento e do seu patrimonio de xeito que permita a súa viabilidade e a súa vocación de servizo público.

Cremos que é fundamental que se realice unha transferencia efectiva de competencias á Xunta de Galicia en materia ferroviaria e que esta realice un estudo de viabilidade sobre a ampliación de liñas que inclúa unha liña que conecte á cidade da Coruña con Carballo e Corcubión.

E, por último, instamos aos concellos implicados a que tomen unha posición activa, e común, a prol dun tren de proximidade para esixir que o implanten o antes posible e uníndose para facer súas as reivindicacións da Plataforma pola Defensa do Tren a Coruña e As Mariñas.

Por todo isto, o Grupo Provincial da Marea Atlántica solicita ao pleno da EXCMA Deputación Provincial da Coruña a adopción do seguinte acordo:

1.- Instar á Xunta de Galicia e ao futuro Goberno do Estado a que intensifiquen os traballos conxuntos para a mellora da oferta ferroviaria -infraestrutura, material rodante e prestacións- das liñas A Coruña-Ferrol e A Coruña-Lugo, con criterios de proximidade, co fin de acortar os tempos de viaxe, ampliar horarios e frecuencias, e facilitar a intermodalidade coa implantación dun billete único combinado para autobús e ferrocarril.

2.- Instar á Xunta de Galicia a, de confirmarse a sentenza do Supremo que deixa sen efecto as concesión de transporte de liña regular por estrada, aproveite un novo estudo das concesións, que teña en conta o criterio da complementariedade dos distintos modos de transporte, eliminando a competencia entre eles e partindo dun estudo da demanda, dándolle sempre prioridade ao transporte menos contaminante.

Sr. Díaz Grandío

Comezo a ler a parte de exposición de motivos desta moción que hoxe lle damos voz como Grupo provincial da Marea Atlántica presentada pola Plataforma pola Defensa do Tren da Coruña As mariñas.

(A continuación le o texto da moción).

Tamén e sen que entre a formar parte desta exposición de motivos, gustaríanos facer referencia a unha nova que acaba de saír agora mesmo, de que a Audiencia Provincial da Coruña ordena reabrir o asunto do accidente do Alvia, o que queremos é dar parabéns desde aquí á Asociación de Vítimas que trasladou no último Pleno as súas cuestións.

Sr. Requeira Varela

Bo día a todos e a todas, primeiro alegrarnos tamén desa apertura da investigación outra vez por parte da Audiencia Provincial, dar parabéns ás vítimas e tamén aos Grupos, hai non moito tempo nesta mesma sala votábamos por maioría unha moción ao respecto, polo tanto, alumea un novo facho de esperanza a que se esclarezan as causas dese accidente, desa catástrofe, mellor dito.

Nós estamos totalmente de acordo coa moción presentada aquí, historicamente o BNG no Congreso dos Deputados ergueu a bandeira da denuncia do Estado do transporte ferroviario en Galicia e tamén da denuncia do abandono deste tipo de transporte no noso territorio, así como a da reclamación da transferencia de competencias a Galicia para que este país poida contar cun ente ferroviario público pero eminentemente galego. Eu creo que, efectivamente, a moción é urxente, é urxente para o Goberno saínte do Estado, pero é urxente para todos os Gobernos que a partir do día 26, ou calquera Goberno que a partir do 26 tiña competencias na materia, solucionar a situación do estado do transporte ferroviario en Galicia, aínda que a moción se centra principalmente no territorio, na comarca da Coruña e das Mariñas, evidentemente tamén se fai referencia a outras cuestións que necesitan de reflexión, e que son o exemplo claro do abandono ferroviario desta Fisterra europea.

Xa no seu día, a principios do século pasado, aprobábase a liña férrea das chamadas tres ces, A Coruña, Carballo, Corcubión, e cento e pico de anos despois aínda un territorio moi poboado e moi dependente da economía das cidades, tanto da Coruña, principalmente, como tamén de Compostela, está sen conexión por ferrocarril coa capital de Galicia e coa capital da provincia, polo tanto é necesario que exista esa transferencia e que se faga tamén a planificación necesaria para que todas esas áreas territoriais e todas esas bolsas grandes de residentes nos territorios máis mal comunicados da provincia teñan acceso ao ferrocarril. Pero tamén é urxente, como

tamén reflicte a propia moción, discutir, reflexionar e buscar solucións ao cambio climático e tamén en materia de transportes principalmente. Polo tanto, hai que buscar alternativas ao vehículo privado, e nós cremos e estamos convencidos de que é fundamental o transporte ferroviario, polo tanto, o voto do BNG vai ser positivo de cara á moción, e felicitamos tamén á Marea Atlántica pola súa presentación.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Simplemente por situar ao Grupo Provincial Popular, nós imos votar favorablemente posto que entendemos que o que votamos son os acordos, o primeiro e o segundo, loxicamente nós hai cuestións da exposición de motivos que loxicamente non podemos compartir, especialmente o parágrafo no que se explicita a necesidade da derogación do Real decreto lei 22/2012, temos que lembrar que a decisión recollida nese Real decreto vai na liña das directrices marcadas pola Unión Europea e o Goberno central precisamente a través desa norma puxo en marcha un proceso de liberalización do sector ferroviario que implicou unha serie de cambios nel, entre eles algúns relativos á organización e á xestión das infraestruturas e dos servizos ferroviarios, na liña do que é normal, do que é habitual e do que, por certo, funciona perfectamente no resto dos países da Unión Europea onde, é certo, o peso do transporte de viaxeiros a través do ferrocarril é moitísimo maior ca no noso país. Tampouco podemos estar de acordo na literalidade da necesidade de anular as medidas de racionalización dos servizos ferroviarios de media distancia adoptada no ano 2013, preciso lembrar que xa non foi unha decisión tomada á lixeira, non foi unha decisión froito dun capricho atribuíble a un goberno en concreto, daquela foi necesario facer unha reflexión ao respecto da sustentabilidade precisamente dos servizos ferroviarios, posto que en Galicia había servizos ferroviarios claramente insostibles, con balances fortemente deficitarios pola escasa ocupación e a baixa rendibilidade, como demostra o feito de que durante dezaseis anos, que non son poucos, a Xunta de Galicia destinara ao redor de 40 millóns de euros, cantidade moi importante, para precisamente manter a frecuencia deses servizos, con gobernos liderados polo Partido Popular e tamén co goberno bipartito. A pesar dese esforzo non se chegaron a aproveitar o 15% das prazas ofertadas, polo tanto é evidente que o transporte de ferrocarril é ambientalmente mellor, pero tamén é evidente que un transporte de ferrocarril baleiro non é ambientalmente mellor.

Para que teñan un dato os compañeiros da Corporación, no caso da liña A Coruña-Ferrol, entre os anos 2007 e 2010, chegaronse a incrementar os servizos nun 57% pero unicamente acadouse un incremento de usuarios do 5%. Polo tanto, estamos ao redor dunha reflexión importante, creo que calquera que estea na xestión pública ten claro que temos que promover o transporte metropolitano, que temos que aproveitar esa posibilidade de planificación das liñas como consecuencia da sentenza do Supremo, o Grupo maioritario do Parlamento de Galicia precisamente está impulsando unha proposición de lei para fixar o ano 2019 como límite para ordenar esas concesións e, se é o caso, sacar a concurso as concesións tendo en conta a realidade metropolitana e tamén a realidade do rural e o resto de transportes que son necesarios no noso territorio, e nomeadamente o transporte escolar, cuestión importante, e polo tanto, insisto, o Grupo Popular vai votar favorablemente a estes dous acordos, e por último simplemente subliñar que é curioso que forzas políticas con evidentes simpatías con movementos que cuestionan a execución de infraestruturas no pasado e esa política expansiva de infraestruturas, poñan nun

documento a execución de infraestruturas que creo que deberíamos de contemplar con prudencia, como é un eventual ferrocarril entre A Coruña e Corcubión. Creo que é evidente que a Costa da Morte ten que ter unha mellora da súa accesibilidade, de feito creo que neste verán disporá desa autovía tan demandada pero tamén é evidente que cando falamos de planificar novas infraestruturas creo que temos que ser prudentes para non xerar falsas expectativas.

#### Sr. Requeira Varela

Por alusións, e sen ánimo tamén de entrar noutro tipo de polémicas. Tan prudentes somos que levamos esperando por esa infraestrutura, que parece ser que xa se ía facer no ano 2010, 2011, 2012, 2013, 2014, 2015 e parece ser que no 2016, sempre en campaña electoral, evidentemente, ao final si imos ter unha infraestrutura de comunicación por estrada que, por certo, non chega, é a metade case da comprometida no seu momento, é a metade de quilómetros, pero o dobre de cara, cousas curiosas. Pero, en todo caso, a principios do século pasado si había comprometida outra infraestrutura, e cremos, e non é unha novidade, que a reclamación por parte da sociedade da Costa da Morte dese ferrocarril non é unha novidade, xa se fixo en reiteradas ocasións ao longo da historia.

Tamén sabe o Sr. Agustín Hernández, porque ademais é unha persoa informada que ten unha traxectoria política de moita responsabilidade e dilatada, que os territorios son competitivos tamén se están comunicados por ferrocarril, polo tanto, eu creo que é de xustiza que a Costa da Morte dalgunha maneira reclame futuro, e o futuro tamén pasa por ter unha liña de ferrocarril que a comunique coa Coruña e con Compostela.

O Pleno, por unanimidade, aproba a seguinte moción:

#### **“MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL MAREA ATLÁNTICA RELATIVA AO TREN DE PROXIMIDADE.**

Ao abeiro do disposto no Regulamento Orgánico da EXCMA Deputación Provincial da Coruña, o Grupo Provincial de Marea Atlántica presenta, representando á Plataforma pola Defensa do Tren da Coruña e As Mariñas, a seguinte moción para a súa aprobación na sesión plenaria ordinaria do 27 de Maio de 2016.

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Nos últimos anos, o desenvolvemento da cidade e a bisbarra favoreceu dun xeito esaxerado o uso do transporte privado en detrimento do público, o cal desenvocou nun tipo de urbanismo totalmente insostible no que se construíron muros de formigón e asfalto que rodean os principais núcleos de poboación. O vehículo privado o asoballa todo e só na cidade da Coruña entran preto de 150 mil vehículos diarios, provocando que unha morea de coches invadan beirarrúas, prazas e outras zonas peonís. Os atascos son contínuos nas principais vías da bisbarra e os niveis de contaminación increméntanse en concordancia co número de vehículos.



Desde a Plataforma pola Defensa do Tren A Coruña - As Mariñas, pensamos que o modelo do vehículo privado é totalmente insostible e apostamos polo fomento do transporte público colectivo, o único xeito de reducir o número de vehículos que entran na cidade da Coruña ou que circulan pola comarca. O noso colectivo considera que o tren de proximidade é a mellor alternativa para a redución de vehículos privados, con parte das infraestruturas feitas e unha rede que podería chegar ata Ferrol, Ribadeo e Lugo, comunicando todas as localidades que se atopan no camiño.

Así mesmo, consideramos que o traspaso ao ferrocarril das mercadorías transportadas por estrada, alí onde sexa posible, posibilitaría o desbloqueo do colapso físico, de consumo enerxético e degradación ambiental que provoca, así como un aforro que non se adoita computar cando se fala da rendibilidade do tren.

Entendemos como totalmente imprescindible a creación dun servizo público de tren de proximidade entre A Coruña e Ferrol que amplíe horarios e as frecuencias para facelo socialmente rendible e economicamente viable como único xeito de consolidar unha liña actualmente ameazada e que deba dar servizo de calidade a zonas densamente poboadas como O Burgo, Cambre, Betanzos, Pontedeume, etc.

Con esta finalidade, apoiamos a realización de investimentos no ferrocarril convencional para recuperalo do seu prolongado abandono, con actuacións dirixidas á mellora das liñas (electrificación, duplicación de vías e mellora de trazados, construción de novos apeadeiros, modernización dos sistemas de seguridade e sinalización, etc.), aumento de frecuencias e recuperación de servizos e infraestruturas.

Entendemos igualmente precisas melloras no servizo A Coruña-Lugo de xeito que dea servizo e conexión das cidades coas localidades interiores para acadar a máxima vertebración posible e rendemento económico e social para localidades como Oza, Cesuras, Baamonde, Rábade, Parga, Guitiriz, etc., e non simplemente un modelo que só contemple a conexión entre as cidades.

Ademáis destas actuacións a nivel de infraestruturas, cremos que son precisos pasos no campo da política, como a anulación das medidas adoptadas polo goberno no *Plan de Racionalización de servizos ferroviarios de media distancia de xunio de 2013* que conduciu á eliminación total de servizos nalgunhas estacións (p.ex. Franza, Begonte) ou á súa drástica redución ata o punto de supor a súa inutilidade práctica nas liñas A Coruña-Ferrol e A Coruña-Lugo, con parada na maioría das estacións dun so tren por sentido ao día.

Na mesma liña é precisa a derogación dos RDL 22/2012, 4/2013 e 15/2013, que posibilitan a fragmentación de RENFE en catro sociedades anónimas e ADIF en dúas empresas e a desaparición da participación pública en numerosas empresas do sector. A planificación e o servizo ferroviario deben ser unha unidade integrada que responda da infraestrutura, do transporte, do mantemento e do seu patrimonio de xeito que permita a súa viabilidade e a súa vocación de servizo público.

Cremos que é fundamental que se realice unha transferencia efectiva de competencias á Xunta de Galicia en materia ferroviaria e que esta realice un estudo

de viabilidade sobre a ampliación de liñas que inclúa unha liña que conecte á cidade da Coruña con Carballo e Corcubión.

E, por último, instamos aos concellos implicados a que tomen unha posición activa, e común, a prol dun tren de proximidade para esixir que o implanten o antes posible e uníndose para facer súas as reivindicacións da Plataforma pola Defensa do Tren a Coruña e As Mariñas.

Por todo isto, o Grupo Provincial da Marea Atlántica solicita ao pleno da EXCMA Deputación Provincial da Coruña a adopción do seguinte acordo:

1.- Instar á Xunta de Galicia e ao futuro Goberno do Estado a que intensifiquen os traballos conxuntos para a mellora da oferta ferroviaria -infraestrutura, material rodante e prestacións- das liñas A Coruña-Ferrol e A Coruña-Lugo, con criterios de proximidade, co fin de acortar os tempos de viaxe, ampliar horarios e frecuencias, e facilitar a intermodalidade coa implantación dun billete único combinado para autobús e ferrocarril.

2.- Instar á Xunta de Galicia a, de confirmarse a sentenza do Supremo que deixa sen efecto as concesión de transporte de liña regular por estrada, aproveite un novo estudo das concesións, que teña en conta o criterio da complementariedade dos distintos modos de transporte, eliminando a competencia entre eles e partindo dun estudo da demanda, dándolle sempre prioridade ao transporte menos contaminante.”

(Abandona o salón a Sra. García Gómez).

### **III.MOCIÓN DE COMPOSTELA ABERTA E MAREA ATLÁNTICA PARA PROMOVER A LAICIDADE DOS ACTOS PÚBLICOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

O Artigo 16.3 da Constitución Española de 1978 establece que “ningunha confesión terá carácter estatal. Os poderes públicos terán en conta as crenzas relixiosas da sociedade española e manterán as conseguíntes relacións de cooperación coa Igrexa Católica e as demais confesións”.

A separación Igrexa – Estado está a ser, en España, un proceso lento pero continuado no tempo, e nalgúns ámbitos ou aspectos avanza dun xeito máis rápido que noutros. Aínda se seguen a conceder medallas e distincións a símbolos relixiosos, e a unir actos e celebracións de carácter civil con cerimonia eclesiásticas. Tamén segue a ser frecuente a presenza de cargos públicos, en representación institucional, en numerosas celebracións de índole relixiosa.

O respecto ás crenzas relixiosas persoais, e a colaboración cos distintos cultos que existen no Estado, así como o recoñecemento da relixión católica como maioritaria entre as persoas que se consideran crentes, non debe supoñer a confusión entre esa esfera e a dos poderes públicos.

Polo exposto, é proposto ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

1.- A Deputación Provincial fixará, en cumprimento do principios constitucionais de igualdade, pluralismo e non confesionalidade, e a través do regulamento de protocolo contemplado no artigo 38.1 do Regulamento Orgánico, os criterios de actuación para as autoridades públicas da institución en relación aos actos relixiosos, evitando a confusión entre eventos institucionais e relixiosos e a confesionalidade e discriminación respecto doutras confesións ou a respecto das persoas agnósticas ou ateas.

2.- A Deputación provincial celebrará e organizará actos de carácter estritamente civil.

3.- As persoas integrantes da Corporación provincial comprométense a non asistir, en representación da Deputación, a actos de carácter relixioso

4.- A Deputación Provincial non se encomendará a santoral, imaxes ou rituais relixiosos.

5.- A Deputación provincial comprométese a retirar, previa catalogación e ditame, os símbolos relixiosos dos edificios públicos que forman parte do seu patrimonio, sempre e cando non se atopen en espazos destinados ao culto, ou cando formen parte dos elementos estruturais, estéticos ou artísticos da edificación ou monumento.

#### Sr. Dios Diz

Grazas, Sr. presidente, bo día. Había unha terceira moción, que presentamos conxuntamente Marea Atlántica e Compostela Aberta na Xunta de portavoces sobre a laicidade, e que solicitamos que se poida debater no Pleno, confiabamos en que fose posible acadar o acordo unánime pero parece que non foi posible, lamentámolo, pero queremos proceder ao seu debate e votación.

Vótase a urxencia:

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 17 deputados (7 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 12 deputados (PP)

#### Sr. Dios Diz

Traemos a este Pleno unha proposta para promover a laicidade dos actos públicos da Deputación Provincial da Coruña, que presentamos, como dixen na pasada Xunta de Portavoces, coa intención de lograr un acordo entre todos os Grupos da Corporación. Lamentablemente isto non sucedeu, entendemos que se trata dunha cuestión na cal sería idóneo sumar as vontades das distintas sensibilidades que teñen representación neste Pleno, pero a unanimidade non

sempre é posible, e por ese motivo sometemos esta moción á súa consideración, no convencemento, agardo que fundado, de que sexa e de que teña un apoio maioritario.

A laicidade está definida pola Real Academia española da lingua como a independencia do individuo e da sociedade, e máis particularmente do Estado, respecto de calquera organización ou confesión relixiosa. Desde a Ilustración, e co racionalismo, acuñáronse os conceptos de liberdade individual, da igualdade ante a lei e dos dereitos das persoas. Isto implica que xa non se pode impoñer nin aos individuos nin tampouco á sociedade unhas crenzas relixiosas, non debe, por tanto, haber unha relixión oficial do Estado, ben sexa por imposición ou por preferencia no trato.

A lexitimación do poder nos Estados contemporáneos é de carácter legal e racional e está baseada na lei como expresión da vontade da cidadanía. O principio da separación entre o Estado e a igrexa está recollido na Constitución española de 1978, a cal afirma que ningunha confesión terá carácter estatal, isto mesmo se recolle no artigo 1.3 da Lei 7/80, do 5 de xullo de liberdade relixiosa. Isto non impide o dereito á expresión e ao exercicio público da relixión e do culto, ao contrario, debe de garantirse a liberdade relixiosa e a profesión de calquera, digo calquera manifestación relixiosa como parte da esfera da liberdade individual das persoas, sen máis limitación que a necesaria para a protección e salvagarda dos dereitos dos demais.

O noso ordenamento xurídico tamén permite que se establezan vías de colaboración coas institucións relixiosas como con calquera outra entidade social para facilitar a súa actividade, pero como dicía antes, a Administración pública e as entidades relixiosas son hoxe en día institucións distintas segundo o noso ordenamento xurídico, por iso entendemos que se debe ordenar a presenza dos cargos desta Corporación en actos públicos cando acoden en calidade de representación institucional, de xeito que se dea cumprimento aos artigos 14 e 16 da Constitución Española. Evidentemente, os cargos públicos somos, por riba da nosa consideración de representantes electos da cidadanía, persoas que temos as nosas preferencias e as nosas crenzas individuais, pero cando exercemos unha representación institucional facémolo en nome do conxunto da cidadanía e aí debemos amosar un respecto exquisito con todas as sensibilidades.

Propóñolles pois que cheguemos a un acordo para exercer esa representación conforme ao establecido na lei mantendo a debida separación entre a Administración pública e as entidades confesionais e evitando a confusión entre eventos institucionais e relixiosos que poidan supoñer discriminación respecto doutras confesións ou respecto das persoas agnósticas ou ateas.

Máis nada, moitas grazas.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

O Grupo Provincial Popular non está por alimentar debates sen motivo nin fundamento. A relixión na nosa opinión, e cremos que na opinión de moita xente, é un aspecto cultural máis, a historia e a evolución cultural de Galicia probablemente non se podería comprender na súa integridade sen ter en conta o feito relixioso. Non concibimos a relixión católica como un estigma, nin a católica, por certo, nin ningunha

outra. Se alguén nos convida como persoas ou como concelleiros, ou mesmo deputados, a unha cerimonia relixiosa protestante, budista, taoísta ou luterana, non temos por que ter limitada a nosa liberdade nin a nosa capacidade de obrar.

A Constitución cremos, temos constancia, foi redactada con moito rigor e con moita precisión, de forma moi meditada e tamén, é certo, por consenso das distintas persoas e das distintas sensibilidades, algo que desde logo non parece que concorda no texto desta moción, nós estamos pola liberdade de credo e de actuación en materia relixiosa e tamén polo carácter exclusivamente civil das institucións, tamén estamos de acordo plenamente neste punto co contido da Constitución, e consideramos que este texto da moción que se nos propón non achega nada novo nin mellora sobre o que xa temos, se acaso pode introducir maior confusión e tamén controversia. Polo tanto, nós imos votar en contra.

#### Sr. presidente

Manolo, desta non podes librar, vaiche caer, que esta proposta a fixera calquera outro deputado, incluso Agustín, o podo entender, pero que a faga Dios, tíñache que caer.

E agora en serio, dígoche, nosoutros como Grupo, gustaríame que retiraras o punto número tres para apoiar a proposta, que estamos totalmente de acordo no resto, sen ningunha dúbida, e o practicamos ademais, pero como ben dicía agora Agustín, nosoutros asistimos a calquera acto de calquera tipo onde nos convidan, a todos os actos. Se mañá a igrexa evanxelista fai un acto de relevancia onde nos piden ir, iremos, se nolo piden os musulmáns iremos, é dicir, eu son ateo, absolutamente ateo, xa cho digo, e polo tanto comparto o fondo absolutamente da moción, pero non é un tema persoal, é un tema de respecto institucional da Deputación que acude alá a onde se a chama, a calquera tipo de acto. Estamos totalmente de acordo no resto e pediríamos que retiraras o punto número tres para poder apoiala, porque fastidiaríame non apoiala por ese punto simplemente.

#### Sr. Dios Diz

Moitas grazas. Eu espero que o Sr. presidente estea tranquilo, despois de 63 anos con este apelido, un xa está afeito a toda clase de bromas, chanzas e contos, polo tanto quédese tranquilo que non me preocupa.

O punto número tres, dígo, está redactado tal cal na Xunta de portavoces acordamos, e foi o Grupo de Goberno, polo menos o BNG, o que decidiu darlle esa redacción concreta, e nós admitímolos, polo tanto, é unha incorporación que se fixo logo da Xunta de Portavoces, entón a nós gustaríanos tamén escoitar a opinión do BNG sobre este tema, pero se non, manteríamos o texto orixinal.

#### Sra. Sanmartín Rei

É verdade que na Xunta de portavoces falamos xustamente dunha mudanza no punto tres, que ao principio non explicou o portavoz de Compostela Aberta que era "As persoas integrantes da Corporación Provincial comprométese a non asistir, en representación da Deputación, a actos de carácter relixioso", esa foi a proposta final á

que chegamos, que tamén lle trasladamos ao secretario do Pleno para que a puidese coñecer. Entendiamos que nesa proposta podería haber un acordo, en aras do máximo acordo o que aquí se decida desde a perspectiva do BNG isto podemos apoiálo no seu conxunto, se en aras do máximo acordo de todos os Grupos hai algunha outra opción, por suposto que nós sempre contribuiremos a que o acordo sexa o máis maioritario posible, dentro de que nós coincidimos, por suposto, coa moción na necesidade de deslindar o que son as cuestións institucionais do que son as cuestións relixiosas e en promover a laicidade.

Sr. Dios Diz

Eu creo que a moción non nega a posibilidade, nin o pode facer, ningún pode limitar o feito de poder asistir a calquera acto do tipo que sexa de calquera crenza relixiosa, o que se está dicindo é que non como representante da institución, iso é o que di o punto tres. Desde ese punto de vista nós manteríamos o texto orixinal.

Sr. presidente

Xa te entendo, pero é que eu estou pensando, se o día de Santiago nos convidan a ir, eu vou ir e, polo tanto, en representación da Deputación, eu como Valentín Formoso non iría, pero en representación da Deputación si que vou ir. Entón, dígoche, se retiramos este punto, nós votamos a favor porque no resto estamos totalmente de acordo, pero isto limita a nosa actuación e, polo tanto, non votariamos a favor, non pasa nada.

Sr. Dios Diz

Mantemos a moción.

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 9 deputados (5 do BNG, 3 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta)

Votan en contra: 12 deputados (PP)

Abstéñense: 8 deputados (7 do PSOE e 1 de Alternativa dos Veciños)

**ROGOS E PREGUNTAS**

Sra. Sanmartín Rei

Non se trata neste caso de ningún rogo. Dando cumprimento a un acordo que no mes de xaneiro tivemos nesta Corporación, da celebración do Centenario das Irmandades da Fala, o vindeiro venres, tal e como todos tedes como deputados e deputadas xa o convite no voso correo, vaise inaugurar aquí na Fundación Barrié a exposición “Saúde e Terra Irmáns” e este venres 3 de xuño, o próximo venres, ás once de mañá queremos convidarvos de maneira moi expresa, se podedes pasar ese día magnífico no acto de inauguración, e se non, que vai estar aí ao longo do mes de xuño para que todas as persoas poidan achegarse ao que significaron as Irmandades da Fala.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Esta é unha pregunta respecto dunha cuestión que trae causa da situación meteorolóxica adversa que tivemos no noso territorio, especialmente nalgunhas partes da provincia da Coruña, nos meses de xaneiro e febreiro pasado. Como é coñecido por parte desta Corporación o Grupo Provincial Popular trouxo unha moción que logo foi consensuada coa presidencia e co Grupo de Goberno respecto de establecer un grupo de traballo para analizar as necesidades como consecuencia dos danos ocasionados nos concellos como consecuencia deses fenómenos adversos.

Temos noticia de que no pasado 26 de febreiro tivo lugar unha xuntanza na Delegación do Goberno, coa asistencia da FEGAMP, da Xunta de Galicia, e a partir dese momento inicial, a través da Fegamp, canalizáronse unha serie de peticións dos concellos respecto dos danos acontecidos nas diferentes infraestruturas. Esa relación foi remitida, que nós saibamos a primeira o 14 de marzo de 2016 á Xunta de Galicia, a Xunta de Galicia realizou unha análise pormenorizada dos motivos, das causas, e determinou unha serie de infraestruturas en diferentes concellos da nosa provincia nesta primeira fase, que é certo que foron afectadas polos temporais e que requirían un arranxo urxente ou de emerxencia. Estamos falando de actuacións nos Concellos da Baña, Boimorto, Boiro, Dodro, Lousame, Mazaricos, Negreira, Outes e Santa Comba. Nós, de acordo coas informacións que temos, cremos que existen máis reclamacións, máis relacións de danos trasladadas á FEGAMP con posterioridade, entendemos que serán remitidas á Xunta de Galicia e analizadas pola mesma cos mesmos criterios. Tamén temos coñecemento que desde a Xunta de Galicia tense remitido diferentes comunicacións aos concellos situados neste ámbito territorial, nos concellos afectados por este deterioro das súas infraestruturas, manifestando por parte da Xunta de Galicia que está en condicións de financiar un terzo do custe da reposición desas actuacións, e manifestando tamén o descoñecemento respecto do que acontecera con estes expedientes na Deputación provincial.

Por tanto a nosa pregunta vai precisamente na liña de coñecer se por parte do Grupo de goberno estase a traballar en colaboración e en coordinación coa FEGAMP para facer fronte a ese cofinanciamento das actuacións froito deses danos e loxicamente solicitar que a Deputación, cando menos, financie un terzo adicional, ou incluso en caso de concellos que teñan algunha dificultade, que poida complementar ese terzo que vai financiar a Xunta de Galicia, e cremos que precisamente é neste tipo de situacións cando o traballo e a coordinación desde a Deputación ten que manifestarse máis claramente, polo tanto, por iso solicitamos esa información respecto da situación deses expedientes.

Sr. Requeira Varela

E por que non dous terzos, ou tres terzos, xa?, imos ver, aquí a Deputación da Coruña fai achegas importantísimas aos concellos a través de diferentes plans, onde poden incluír todo tipo de obras. É certo que temos no noso poder unha caixa de expedientes ou de informes de diferentes concellos, poderíamos levalos a unha Comisión e poderíamos analízalos entre todos e todas, e que suman, se eu non recordo mal, en torno aos sete millóns de euros, e estes son dos que se chamaron os primeiros temporais, os primeiros que houbo, que tamén podemos definir o que é temporal ou non é temporal, porque despois en sede parlamentaria, a nivel de

Parlamento de Galicia, o Grupo parlamentario do Partido Popular rexeita cualificar de zonas catastróficas algúns concellos que sufriron graves danos por cicloxénese, etc., etc. Si é certo que nós estamos dispostos a colaborar coa Xunta de Galicia, faltaría máis, sempre o facemos. De todos os xeitos non temos constancia, nin a Xunta de Galicia se puxo, polo menos con este humilde deputado, non se puxeron en contacto para articular un protocolo de actuación, non sei se son concellos máis afectados, que eu non dubido de que estean afectados, ou se fai falta articular protocolos para algúns concellos máis. Hai un momento xiraba a cabeza e vía a un alcalde dun concello da miña comarca, do Concello de Ponteceso, que é un Concello moi afectado tanto polos primeiros temporais como polos segundos, e que está tamén en reclamacións coa Xunta de Galicia para amañar un problema grave nunha vía local de ámbito local, cunha ponte moi deteriorada e que tamén necesita amaño. A Deputación pode colaborar, entendo que nos diferentes plans que historicamente ten en marcha pódense meter algunhas desas obras. Que podemos facer ou prever de cara ao futuro un plan para cuestións semellantes?, pois si, creo que se aprobou neste Pleno e creo que aínda estamos en disposición de convocar esa Mesa técnico-política para ver que danos debemos financiar e que danos se deben financiar por outras vías, pero o que si está claro é que cada Administración pública, e aquí defendeuno durante todos estes anos o Partido Popular, eu niso podo chegar a concordar perfectamente con esa visión, cada Administración Pública debe facer fronte ás súas competencias e non derivalas a outras administracións.

Polo tanto nós, en vía da colaboración, toda a colaboración posible, pero o de que teñamos que cofinanciar competencias que non son exclusivas desta Deputación, pois xa teño máis dúbidas, ao mellor temos que mirar que tipos de necesidades e de urxencias en infraestruturas que quedaron tocadas polos temporais podemos colaborar cos concellos, e que plan poderíamos articular por aí, pero eu creo que tamén outras administracións débense responsabilizar do que son as súas competencias e en todo caso, se estamos ante unha emerxencia social en infraestruturas derivada dun temporal ou dunha inclemencia meteorolóxica adversa moi puntual, a Administración competente tamén debe declarar as zonas catastróficas que considere e a día de hoxe aínda non están declaradas, pero no momento en que a Xunta de Galicia nos notifique de forma oficial que ten unha partida orzamentaria para destinar á reparación de fondos, que eles teñen un informe técnico axeitado de que son infraestruturas danadas por temporais, nós non teríamos ningún tipo de posición en contra, de articular tamén unha partida orzamentaria, parecida á da Xunta de Galicia, destinada a tal fin, pero claro, que se abra tamén a que outros concellos que non entran nese catálogo, que en principio se verbalizaba hai un momento, tamén poidan entrar, porque a min fáltanme concellos aí que sei que sufriron danos importantes nas súas infraestruturas e que nese catálogo non están.

#### Sr. Hernández Fernández de Rojas

Simplemente por clarificar, creo que a Deputación da Coruña pertence á FEGAMP, e do que estamos falando é dun acordo entre a Xunta, o Goberno Central, a Delegación do Goberno e a FEGAMP e a través da FEGAMP foi solicitado aos diferentes concellos a remisión dunha serie dos danos que consideraron, e logo despois a Xunta de Galicia fixo unha valoración e unha estimación da súa xustificación.



Insisto que creo que non será a primeira, en todo caso a canle establecida no seu día é a FEGAMP, polo tanto creo que a través da FEGAMP a Deputación podería ter esta relación e obviamente, se existe a vontade por parte da Xunta de achegar un terzo, penso que a Deputación debería de facer un esforzo e loxicamente nós consideramos que non a través dos plans xa aprobados.

Sr. presidente

Nosoutros, digamos que abundando no que dicía o portavoz, a raíz dunha petición que fixera o Partido Popular neste Pleno, acordamos crear unha Comisión valoradora dos técnicos de cada proxecto, creo que máis alá e unha proposta e un instrumento máis concreto, xa que imos destinar recursos provinciais, para que atinemos en que financiamos, eu penso que é máis un tema técnico que outra cousa, porque ao final os recursos son os que son e, polo tanto, os millóns que apartemos para ese fin imos deixar de apartar para outro plan, e polo tanto temos que si botar unha man a aquel que tivera un dano e que non teña recursos para afrontalo, pero en calquera caso, o que acordamos e nos valeu a todos é nesa Comisión Técnica valorar caso por caso as peticións que chegaran para o efecto. E o que temos que revisar é o traballo desa Comisión, a ver como está, polo tanto ao final cumprimos un mesmo fin pero co criterio que acordaban neste Pleno.

Sra. Padín Fernández

Grazas presidente. Desde o Grupo Provincial Popular escoitamos con preocupación nas últimas semanas declarar ao Vicepresidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, que tres meses despois o goberno autonómico segue esperando a que a Deputación da Coruña, tal e como se comprometera, presente algún informe que xustifique o cambio de xestión dos parques de bombeiros comarcais. É certo que houbo grupos de traballo, tamén a iniciativa da Xunta, que se fixeron moitas promesas a sindicatos pero o único real é que a día de hoxe á Xunta de Galicia non se lle achegou nin un só papel para ver se o cambio de xestión é viable, por que non se moveu ficha?, é o que queremos saber, teñen pensado facelo?, en que prazo?

Sr. presidente

Movéronse moitísimas fichas, moitísimas. Este é un tema onde, como en calquera, non queremos frivolar, nin queremos que a Xunta o faga. Non estamos para nada contestando a ningunha das declaracións que está facendo nese caso que dixo Rueda o outro día, non contestamos para nada, seguimos ao noso ritmo, agradecemos publicamente todas as deputacións, tanto A Coruña, Pontevedra, Lugo, agradecemos a postura que acordou a Xunta de Galicia, que nos trasladou inicialmente xa aquí nunha reunión do Consorcio provincial o director xeral Luis Menor, que nos tranquilizou porque inicialmente a postura da Xunta era a aposta polo modelo actual, a través da prestación dun servizo e de forma indirecta a través dunha empresa concesionaria. Nosoutros o que dixemos, o compromiso co colectivo de bombeiros, que segue a ser o mesmo, do Grupo de goberno, e creo que máis ou menos compartido por todos, é por unha parte é un tema, falamos dun servizo público de emerxencias, e por outra parte digamos que un dos maiores custos que ten a Deputación da Coruña e polo tanto falamos de dúas cuestións que son vitais e sobre as que non podemos frivolar, senón traballar en serio. Por unha parte temos que

garantir que hai moito persoal ao que non podemos enganar, e polo tanto, o paso dunha empresa privada á Administración pública non é tan sinxelo, non é cun chis, senón hai que ter uns informes xurídicos que avalen esa posibilidade. Eses están feitos e trasladados aos representantes, tanto da Xunta de Galicia como do resto das deputacións, e tamén ao colectivo de bombeiros o venres pasado nunha reunión, á representación sindical, aquí o venres pasado xustamente.

E por outra parte está a cuestión económica, é dicir, cal é a diferenza de custo dun sistema e doutro, iso é o que nos está levando máis tempo. Temos un informe preliminar da Xerencia do consorcio onde a diferenza é enorme, pero ese informe é previo á conclusión de que tipo de persoal ten que prestar ese servizo, non é o mesmo custo que o teña que prestar un funcionario, que o teña que prestar persoal laboral e, polo tanto, hai que recalcular todo. E para ter unha opinión propia do Goberno no que quedamos, nosoutros non temos ningún compromiso con eles, simplemente ter unha opinión ao respecto e iso leva tempo, e eu entendo que o que agradecemos á Xunta de Galicia e seguimos agradecendo, é que mudara a posición inicial de que se cambiábamos de modelo esa era cousa nosa, e polo tanto asumiamos nós ese paso. Cal foi o cambio de posición da Xunta, que agradecemos enormemente?, que siga garantindo a achega que fai, aínda que cambiemos o modelo, e que se cambiamos o modelo e temos superior custo temos que asumilo a Deputación, paréceme xusto, xusto porque tamén pon as cartas enriba da mesa, ten todo o dereito do mundo a Xunta de Galicia a apostar por un modelo distinto da Deputación, pero paréceme moi responsable que garanta a achega que está facendo, e se cambiamos, queremos cambiar o modelo, corre pola nosa conta, paréceme totalmente aplaudible, e así o fixemos.

Pero a partir de aí, tanta présa, cando é un tema delicado porque queremos mirar á peseta os custos, podemos facer bo un informe sen máis, pero se nos quedamos co informe inicial que temos da xerencia hai unha diferenza enorme. Dito todo, a miña orde ao xerente é “Ponte no peor dos supostos”, é dicir, que teñan que ser funcionarios, no peor dos supostos, é dicir, non no peor, no suposto máis caro. Polo tanto, hai esa diferenza enorme.

A raíz de aí, do informe da secretaria-interventora do consorcio, onde introduce ese elemento, que non ten por que ser persoal funcionario nin moito menos, varían as contías enormemente, e despois estamos indo ao detalle, ao custo de mantemento de cada edificio, a póliza dun camión a previsión que tiñamos no informe non é o mesmo unha póliza dun camión que non ten nin seis meses, que un camión que ten dez anos, e polo tanto o custo varía, estamos indo á peseta para ter unha opinión como goberno, responsable, e iso leva tempo.

A Xunta quere resolver isto rápido e xa dixemos tanto a Rueda, deixádenos un tempo, non estamos parados, nin moitísimo menos, aí é a impaciencia dos bombeiros, que a podo entender, porque ao final é o seu posto de traballo, e hai a impaciencia da Xunta, que esa si que non a entendo, porque eles xa deron o paso difícil que é dicir, nosoutros aínda que cambiedes o modelo garantimos a achega, tranquilos, pois xa está, non tiñan outro traballo eles que facer. As emerxencias están sendo prestadas, os parques están perfectamente funcionando vinte e catro horas, con dúas sombras na zona de Ortegaleira e na zona de Brión que estamos buscando fórmulas para resolvelas, e non hai máis présa que esa. Que teña todo o mundo a

garantía, tamén o Grupo Provincial Popular, que os imos ter informados dos informes con tempo, non como no Plan de medio ambiente, con tempo, para que teñades a información e un criterio, pero vai ser un criterio responsable, é dicir, se é unha barbaridade no económico, non vai ser, pola nosa parte, entendemos que non vai ser así pero isto vai para tempo, porque en calquera caso, aínda que cheguemos a un acordo agora, é dicir, o Pleno e diga, por esa diferenza e tendo garantías xurídicas para o persoal, tiramos para adiante, tamén hai que ter en conta que isto debe ser un acordo cos bombeiros a medio e longo prazo porque podemos meter á Deputación nunha mingua de recursos enormes a medio prazo.

E despois, tendo en conta que temos unhas restricións, como ben sabedes, teito de gastos, etc., que non podemos romper porque paralizaríamos os investimentos cos remanentes na provincia da Coruña, que non o imos facer, por ninguén. Polo tanto, non estamos parados, estade tranquilos niso, é verdade que non tedes información e polo tanto é normal que preguntedes, aprendemos do erro, pero non estamos parados nin moito menos, tranquilos nese sentido e teredes a información, o luns mesmo se queredes, dedicámoslle tempo a isto.

#### Sra. Padín Fernández

E a seguinte pregunta que queríamos facer é sensibilizada co sector, cos seus retos e problemas, a Consellería do Medio Rural puxo en marcha en colaboración con outros departamentos da Administración Autonómica e con representantes propios do sector, o Programa de Vixilancia e Control da vespa velutina, no que tamén intervén a cidadanía en xeral no ámbito da detección de niños desta vespa. Con este programa preténdese darlle unha resposta rápida e eficaz á aparición deste insecto invasor que ameaza as colmeas poñendo en perigo o futuro da produción apícola e mingando o importante papel polinizador que teñen as abellas.

Gustaríanos coñecer se a Deputación da Coruña ten pensado iniciar algunha campaña para loitar contra esta praga, que demostrou ser prexudicial para Galicia e, polo tanto, para a provincia.

#### Sr. presidente

Poi si, por unha parte aprobamos unha partida en Pleno, a proposta de Alternativa dos Veciños, non recordo a cantidade, pero aprobamos para digamos que equipar aos concellos que teñen ese problema, que cada vez son máis, por desgraza. Por outra parte chegouse a un acordo coa Xunta de Galicia, coa Consellería da Presidencia, para achegar máis cantidade aos GES, e precisamente para que atenderan ese servizo, que non tiñan a obriga, e por outra parte, profundando moito máis, teño que agradecerlle a Gelo o traballo feito, temos a confirmación, a través de conversas de Gelo coa Universidade, da creación dunha Comisión de traballo, xa con técnicos, con expertos da Facultade de Bioloxía de Santiago, para en colaboración coa Asociación Galega de Apicultores facer un traballo de investigación, porque isto non é de andar matando moscas por aí, é dicir, hai que investigar, como rematar cunha lacra que cada vez é máis frecuente en todos os concellos, xa non da costa, que era o que pasaba, senón tamén do interior. Polo tanto, tampouco estamos parados niso, non imos ser nós os que imos resolver o problema, nin moito menos, senón que o que lle pedimos á Facultade de todas maneiras é que estea en

coordinación coa Consellería do Medio Rural para non andar cada un polo seu lado, que a Consellería do Medio Rural estea nesa Comisión, que é puramente técnica, non hai ningún político, nin moito menos, pero si foi impulsada por Gelo, é unha garantía, pero o que non se trata é que cada un ande por libre, porque é certo que neste tema polo que sabemos por España adiante andan por libre todos os territorios, é unha desgraza, hai algúns que non teñen o problema e, polo tanto, non están facendo nada, outros que tiveron o problema antes que os demais, por exemplo Asturias, vai moito máis avanzada, Cantabria vai moi avanzada e Galicia non está nin parada, pero tampouco está moi avanzada, estase empezando agora a facer esforzos porque empeza a ser un problema xa xeneralizado. Moitas grazas.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as trece horas e corenta e cinco minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.